



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Serie Pleno  
Número 27

**Sesión Plenaria**  
**9 de maio de 2017**

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

**Punto 1.** Debate do ditame e das propostas de resolución aprobados na Comisión permanente non lexislativa para as relación co Consello de Contas, en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2015 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2014) [doc. núm. 52085, 09/ICON-000006] Publicación do ditame, BOPG nº 108, do 2.05.2017

### **Punto 2. Textos lexislativos**

2.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. de En Marea, para remitir ao Congreso dos Deputados, de modificación da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución e violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura (doc. núm. 5850, 10/PPLC-000003) Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 08.03.2017

2.2 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia e, se é o caso, fixación do número de membros da Cámara encargados da súa defensa e posterior designación (doc. núm. 3669, 10/PPLC-000002) Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 109, do 03.05.2017

### **Punto 3. Comparecencia**

#### **8427 (10/CPP-000019)**

Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar sobre o previsible impacto do *Brexit* para o sector pesqueiro galego, as posibilidades que se abren ante esta nova conxuntura e as accións desenvolvidas con respecto a este asunto  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

### **Punto 4. Mocións**

#### **4.1 8469 (10/MOC-000028)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións e axudas destinadas ás entidades locais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 6212, publicada no BOPG nº 84, do 16.03.2017, e debatida na sesión plenaria do 25.04.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

**4.2 8470 (10/MOC-000029)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de transparencia e bo goberno. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 3907, publicada no BOPG nº 57, do 01.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 25.04.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

**4.3 8486 (10/MOC-000030)****Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco, e Villares Naveira, Luis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar o emprego no sector da automoción e dos seus compoñentes. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 4107, publicada no BOPG nº 57, do 01.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 25.04.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

**Punto 5. Proposicións non de lei****5.1 2469 (10/PNP-000229)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Fomento para reducir as peaxes na AP-9 e evitar a suba anual acumulativa de peaxes dun 1 % durante vinte anos a partir de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

**5.2 5002 (10/PNP-000420)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas familias monoparentais e monomarentais con dous fillos a cargo menores de 18 anos ou maiores con algún tipo de discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

**5.3 6824 (10/PNP-000604)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles, e Chao Pérez, Luca**

Sobre a creación polo Goberno galego do Consello Asesor do Libro, previsto na Lei do libro e a lectura de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

**5.4 7051 (10/PNP-000628)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

González Vázquez, José, e once deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda en relación coa imputación para efectos fiscais das subvencións percibidas por incorporación de agricultores mozos a actividades económicas no rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 05.04.2017

#### **5.5 7487 (10/PNP-000678)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Cuña Bóveda, María de los Ángeles, e Chao Pérez, Luca**

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia dos trámites necesarios para a declaración da arte rupestre galega como patrimonio da humanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

#### **5.6 7707 (10/PNP-000703)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos recortes que presenta o Proxecto de lei de orzamentos do Estado para 2017 no referido aos investimentos en Galicia, así como en materia social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

#### **5.7 7796 (10/PNP-000715)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Tellado Filgueira, Miguel Ángel, e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impulso do uso de gas natural licuado no transporte marítimo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

#### **5.87941 (10/PNP-000729)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 26.04.2017

### **Punto 6. Interpelacións**

#### **6.1 2459 (10/INT-000094)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Chao Pérez, Luca**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos sobre a pobreza infantil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.12.2016

#### **6.2 5481 (10/INT-000215)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego para promover o uso da lingua galega entre a mocidade  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

### **6.3 8077 (10/INT-000341)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela, e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación cos incendios forestais e a súa desestaciona-  
lización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 26.04.2017

## **Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**

### **7.1 8466 (10/POPX-000031)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación social e política de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

### **7.2 8485 (10/POPX-000032)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto dos datos da Enquisa de poboación activa re-  
feridos ao comportamento do mercado laboral en Galicia, coñecidos recentemente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

### **7.3 8488 (10/POPX-000033)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante da redución do número de persoas  
galegofalantes e da situación en que se atopa a lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

## **Punto 8. Preguntas ao Goberno**

### **8.1 8467 (10/PUP-000078)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a posición do Goberno galego respecto do actual marco legal e o sistema de financia-  
mento local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

**8.2 7661 (10/POP-000993)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo, e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que se están a levar a cabo para a posta e marcha do Observatorio de Ríos anunciado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

**8.3 8484 (10/PUP-000079)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Losada Álvarez, Abel Fermín, e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia, incluídas as financeiras, para converter nun vial urbano o tramo de entrada/saída da AP-9 na cidade de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

**8.4 7430 (10/POP-000969)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña, e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación co desenvolvemento dun plan de apoio específico para o sector téxtil no concello de Ordes e a súa comarca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

**8.5 7867 (10/POP-001025)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da autorización da venda das centrais hidroeléctricas do río Xallas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

**8.6 3676 (10/POP-000435)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles, e Chao Pérez, Luca**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización antes do ano 2018 dun balance da evolución do Plan estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia 2012-2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

**8.7 8487 (10/PUP-000080)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre os mecanismos que vai habilitar a Xunta de Galicia para evitar a situación límite na que se atopan o Centro Galego de Arte Contemporánea, o Centro Coreográfico Galego, o Centro Galego de Artes da Imaxe ou o Centro Dramático Galego, a consecuencia dos recortes levados a cabo no seu financiamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

**8.8 8032 (10/POP-001041)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Moreira Ferro, Jacobo, e nove deputados/as máis**

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade en relación co proceso de recollida de achegas e suxestións para a elaboración do Plan funcional e do Plan de espazos do Proxecto Gran Montecelo, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106, do 27.04.2017

**8.9 7420 (10/POP-000968)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Díaz Villoslada, Juan Manuel, e seis deputados/as máis**

Sobre a situación actual dos recursos e a calidade asistencial dos centros de Política Social da provincia da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.*

**Debate do ditame e das propostas de resolución aprobados na Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2015 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2014).** (Punto primeiro da orde do día.)

*Presentación do ditame da Comisión: Sr. presidente da Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas (Varela Suanzes-Carpegna).* (Páx. 14.)

*Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución e fixación da súa posición: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 16.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 18.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 20.) e Sra. Romero Fernández (P). (Páx. 22.)*

*O señor presidente anuncia que, en primeiro lugar, corresponde a votación deste ditame.* (Páx. 25.)

*Votación do Ditame da Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2015 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2014): aprobado por 60 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 25.)

*O señor presidente anuncia a votación das propostas de resolución aprobadas pola Comisión, e propón que se voten, en primeiro lugar, as propostas núms. 1 a 15, e, en segundo lugar, as propostas núms. 16 a 19.* (Páx. 25.). *Non se manifestan obxeccións a esta proposta.*

*Votación das propostas de resolución números 1 a 15 da Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2015 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2014): aprobadas por 55 votos a favor, 14 votos en contra e 5 abstencións.* (Páx. 25.)



Votación das propostas de resolución números 16 a 19 da Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2015 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2014): *aprobadas por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 26.)

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, para remitir ao Congreso dos Deputados, de modificación da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución e violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura.** (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 28.), *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 30.) e *Sr. Fernández Gil (P).* (Páx. 32.)

Rolda de réplica: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 36.)

**Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, e, se é o caso, fixación do número de membros da Cámara encargados da súa defensa e posterior designación.** (Punto segundo da orde do día.)

Presentación do ditame: *Sr. presidente da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos (Castiñeira Broz).* (Páx. 37.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 38.), *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 40.), *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 42.) e *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 43.)

### ***Votación dos textos lexislativos***

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, para remitir ao Congreso dos Deputados, de modificación da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución e violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

Votación do ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, e, se é o caso, fixación do número de membros da Cámara encargados da súa defensa e posterior designación: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

O señor presidente comunica que a continuación procede fixar, por maioría absoluta, o número de deputados ou deputadas que se encargarán da súa defensa no Congreso. A Xunta de Portavoces, por maioría absoluta, acordou que sexa un número máximo de tres. E a Mesa, logo de escoitar a Xunta de Portavoces, na sesión do día 2 de maio de 2017, acordou propor que sexan tres o número de deputadas ou deputados autonómicos encargados da súa defensa. (Asentimento.) (Páx. 46.)

A continuación, o señor presidente informa que procede designar os tres deputados ou deputadas que defenderán a proposición de lei perante o Congreso dos Deputados, e ordena a distribución das papeletas para a votación, nas que cada parlamentario ou parlamentaria deberá escribir un só nome -ou deixala en branco-. Resultarán elixidas ou elixidos os que obteñan maior número de votos. Unha vez distribuídas as papeletas, solicítalle á señora secretaria que efectúe o chamamento. (Páx. 46.)

A secretaria da Mesa, dona Raquel Arias Rodríguez, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os deputados membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa. (Páx. 47.)

Procédese ao escrutinio e a votación dá o seguinte resultado: votos emitidos, 74. (Páx. 47.)

Don Martín Fernández Prado obtén 40 votos; don Antón Sánchez, 14 votos; don Xoaquín Fernández Leiceaga, 14 votos; e dona Ana Belén Pontón Mondelo, 6 votos.

Polo tanto, quedan designados para defender a proposición de lei perante o Congreso dos Deputados, don Martín Fernández Prado, don Antón Sánchez García e don Xoaquín Fernández Leiceaga.

**Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar sobre o previsible impacto do *Brexit* para o sector pesqueiro galego, as posibilidades que se abren ante esta nova conxuntura e as accións desenvolvidas con respecto a este asunto.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 48.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 56.), Sra. Toja Suárez (S) (Páx. 60.), Sra. Santos Queiruga (EM) (Páx. 63.) e Sr. López Crespo (P). (Páx. 66.)

Réplica do Goberno: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 69.)

O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 73.) Nesta rolda interveñen a señora Prado Cores (BNG) (Páx.73 .), a señora Toja Suárez (S) (Páx. 75.), a señora Santos Queiruga (EM) (Páx. 76.), o señor López Crespo (P) (Páx. 78.) e a señora conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 79.)

Suspéndese a sesión ás dúas e dous minutos da tarde e retómase ás catro e vinte minutos.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións e axudas destinadas a entidades locais.** (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 82.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 83.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 86.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 88.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 90.)

*A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 92.)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de transparencia e bo goberno.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 93.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 97.), *Sra. Santos Queiruga (EM)* (Páx. 99.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 101.)

*Nova intervención do señor Díaz Villoslada (S).* (Páx. 105.)

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e D. Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar o emprego no sector da automoción e dos seus compoñentes.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica a emenda presentada á moción.* (Páx. 108.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 108.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 111.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 114.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 115.)

*O señor Casal Vidal (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 118.)

**Votación das mocións**

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións e axudas destinadas ás entidades locais: *rexeitado por 34 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 119.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de transparencia e bo goberno: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 120.)

*O señor Tellado Filgueira (P) solicita a votación por puntos e precisa os termos desta petición.* (Páx. 120.)

Votación dos puntos 9, 10, 13 e 14 do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e D. Luis Villares Naveira, sobre as ac-

tuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar o emprego no sector da automoción e dos seus compoñentes: *aprobados por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 120.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e D. Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar o emprego no sector da automoción e dos seus compoñentes, agás os puntos 9, 10, 13 e 14: *rexeitados por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 121.)

*O señor presidente prégalles ás señoras deputadas e aos señores deputados garden un minuto de silencio como sinal de repulsa pola morte violenta dun menor no concello coruñés de Oza-Cesuras, suceso do que tivemos coñecemento hoxe á mañá.* (Páx. 121.)

*(As señoras e señores deputados, os membros do Goberno, así como os asistentes á sesión, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Fomento para reducir as peaxes na AP-9 e evitar a suba anual acumulativa de peaxes dun 1 % durante vinte anos a partir de 2018.** (Punto quinto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 121.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Fernández (S).* (Páx. 122.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 123.) e *Sr. Cal Ogando (EM)* (Páx. 126.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 128.)

*O señor Fernández Fernández (S) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 130.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas familias monoparentais e monomarentais con dous fillos a cargo menores de 18 anos ou maiores con algún tipo de discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %.** (Punto quinto da orde do día.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei.* (Páx. 132.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 132.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Vázquez Verao (EM).* (Páx. 133.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 136.) e *Sra. Rodríguez Arias (P).* (Páx. 137.)

*A señora Blanco Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 139.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda e de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez, sobre a creación polo Goberno galego do Consello Asesor do Libro, previsto na Lei do libro e a lectura de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 140.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Cuña Bóveda (EM). (Páx. 141.)*

*Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 143.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Burgo López (S) (Páx. 145.) e Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 146.)*

*A señora Cuña Bóveda (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 148.)*

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta e sete minutos da tarde.*

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias.

Entramos no punto 1.

**Debate do ditame e das propostas de resolución aprobados na Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2015 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2014)**

**O señor PRESIDENTE:** O Ditame da Comisión permanente non lexislativa do Consello de Contas sobre os informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia está contido na Memoria de actividades de 2015, recomenda a aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao ano 2014 e incorpora 19 propostas de resolución que foron aprobadas en comisión e que se someten agora a debate e votación. En concreto, as resolucións números 1 a 15, formuladas orixinariamente cos números 2 a 16 polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia; as resolucións números 16 e 18, transaccións das formuladas orixinariamente cos números 9 e 13 do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia; a resolución número 17, formulada orixinariamente co número 11 polo Grupo Parlamentario Socialista; e a resolución número 19, formulada orixinariamente co número 3 polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame da Comisión ten a palabra o presidente da Comisión non lexislativa para as relacións co Consello de Contas, don Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna.

**O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA PARA AS RELACIONES CO CONSELLO DE CONTAS (Varela Suanzes-Carpegna):** Señor presidente.

Señoras e señores deputados, moi bos días.

En calidade de presidente da Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas, teño a honra de presentar ante este Pleno o Ditame e as propostas de resolución aprobado na nosa Comisión en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do ano 2015 —como acaba de sinalar o propio presidente—.

Os devanditos informes do Consello de Contas tiveron entrada na Cámara o día 15 de xullo do ano 2016 e o 16 de febreiro do ano 2017. Logo de estudar os citados informes, así como as



propostas de resolución presentadas por tres dos catro grupos parlamentarios —a saber: 16 propostas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, 14 formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 7 presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego—, a Ponencia nomeada para o efecto elevou á Comisión para as relacións co Consello de Contas o correspondente informe e as propostas de resolución, sobre as que se pronunciou este órgano na sesión do día 27 de abril pasado.

O ditame aprobado incorpora a proposta de resolución presentada orixinariamente co número 1 polo Grupo Parlamentario Popular, relativa á aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2014, que quedou aprobada por unanimidade.

As restantes propostas de resolución, que foron aprobadas en comisión e que se someten agora a debate e votación, son as 15 restantes do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, aprobadas por maioría, orixinariamente cos números 2 a 16, así como 4 dos restantes grupos, aprobadas por unanimidade. A saber: do Grupo Parlamentario Socialista, dúas transaccións: a primeira, sobre a proposta orixinaria co número 9 presentada por este grupo, que agora leva o número 16, que di: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que implante un novo Plan xeral de contabilidade pública axustado ao Plan xeral aprobado pola Administración do Estado do ano 2010». E unha segunda transacción, coa proposta orixinaria número 13 deste grupo parlamentario, proposta que leva agora o número 18, que di: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que adopte as medidas necesarias co fin de impulsar o establecemento polas axencias públicas autonómicas de indicadores de xestión eficaces, eficientes e de calidade que faciliten o seu seguimento polos respectivos órganos de control e polo Consello de Contas».

Así mesmo, deste Grupo Parlamentario Socialista aprobouse tamén por unanimidade a proposta de resolución orixinariamente co número 11, que agora figura como proposta de resolución número 17, que di textualmente: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que incorpore no Plan de transparencia e bo goberno a información precisa dos fondos europeos do marco 2014-2020 en termos de consecución de obxectivos e nivel de execución de cada programa operativo».

Finalmente, aprobouse tamén por unanimidade unha proposta de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, orixinariamente co número 3, agora co número 19, que di textualmente: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que continúe tendo en conta para a elaboración dos próximos orzamentos as recomendacións e valoracións do Consello de Contas respecto da planificación orzamentaria en relación coa aproximación entre as partidas orzamentarias e o gasto real».

O ditame e as propostas de resolución así aprobadas pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas sométense agora, xa que logo, á consideración do Pleno para o seu debate e votación final.

Máis nada. Moitas grazas, señor presidente, señoras e señores deputados.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Varela.

Pasamos á rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas e fixación de posición respecto das demais, por un tempo de cinco minutos cada grupo.

Comezamos co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día a todos e todas.

Quero comezar a intervención en nome do meu grupo parlamentario contextualizando este debate en dúas cuestións que nos gustaría salientar. Primeiro, a importancia que ten o traballo dun organismo como o Consello de Contas nun momento no que a praxe dos partidos estatais, nomeadamente do Partido Popular, ten causado un forte descrédito arredor da política diante dos nosos veciños e veciñas, diante do suma e segue de continuos casos de corrupción que saltan á palestra pública. Para quen non temos medo á transparencia e á fiscalización é fundamental, polo tanto, valorizar e apoiar o traballo de órganos como o Consello de Contas, que contribúen a dignificar este traballo.

En segundo lugar —non por esperado menos grave—, tamén lamentar a pouca capacidade de entendemento do Partido Popular, xa que de 21 propostas de resolución, que suman este grupo parlamentario e o Partido Socialista, que presentou tamén propostas, transaccionaron un total de 3 e aprobaron 1 de forma literal, nin un 25 %. Isto a quen lle resulte alleo o funcionamento deste mecanismo, deste trámite, pode parecerlle moito, pero realmente o que estamos facendo con estas propostas de resolución os grupos da oposición é simplemente trasladar aquelas cuestións emanadas dos informes do Consello de Contas que nos parecen máis relevantes e que hai que priorizar. Non é que lle esteamos pedindo ao grupo que lidera o Goberno que cambie o seu programa electoral nin moito menos. Polo tanto, é especialmente perverso —pensamos— que non teñan maior capacidade cando menos de asumir na teoría —aínda que logo na práctica deixen moito que desexar— máis achegas das que facemos.

Neste sentido, referireime a algunhas das propostas que facemos desde o BNG e que non foron aceptadas. Propoñemos tamén, como é habitual, unha resolución que non fai máis que instar de forma global a que o Goberno galego asuma todas as recomendacións do Consello e que explique aquelas que, ben por cuestións técnicas ou ben por algún outro motivo, non asume, e que, polo tanto, renda contas. Pero render contas xa sabemos que non sempre lle gusta ao Partido Popular e por iso tampouco a aceptan.

En segundo lugar, hai outra cuestión que me gustaría salientar, que é que incorporamos propostas referidas a todo o que ten que ver co Igape. Por fin un informe de fiscalización do Consello de Contas saca á luz cuestións referentes a este instituto e que revelan que as sospeitas da oposición e as diagnoses que temos feito non eran tan desencamiñadas, que a estrutura organizativa é absolutamente inválida e que está sendo incapaz de adaptarse ao peso de novas modalidades de axuda. Por iso neste sentido a resolución que plantexa o Partido Popular parécenos insuficiente. Entendemos que estamos nun momento de crise económica no que é fundamental avaliar e fiscalizar ata o último céntimo do erario público, e, polo tanto, parécenos insuficiente o que se recolle en canto ao Igape.



Neste sentido outra cuestión central que propoñemos vai arredor de todo o que ten que ver con revisar os procedementos de axudas e subvencións da Administración galega, nas que tampouco o Partido Popular se compromete a desenvolver cuestións que entendemos que son simplemente cumprir a lei, como o referido aos plans estratéxicos ou ao rexistro público de subvencións, que non se está a cumprir.

Neste sentido, entendemos que tamén, alén de aumentar o control e a avaliación do cumprimento dos obxectivos marcados neste ámbito, é hora de introducir criterios máis estritos e que non se repitan cuestións como as que anuncia o Consello de Contas como que haxa bases que admiten ata un 100 % de subcontratación.

Outro punto importante que me gustaría salienta, antes de esgotar o meu tempo, é todo o referido a que unha das prioridades que nós entendemos que temos neste contexto político é priorizar a loita contra a corrupción política. Polo tanto, insistimos unha vez máis en que hai que dotar o Consello de Contas de maior financiamento para cumprir as súas novas funcións após a reforma da lei con maior celeridade e tamén acurtar esa fenda temporal que hai entre os informes. Recordemos que hoxe votaremos a Conta xeral de 2014, esas datas e a actualidade na que nos movemos. Entendemos que cómpre que o Partido Popular dea un salto, que deixe de avergonzarse da corrupción nas notas de prensa e que invista máis en evitala.

Finalmente, polo pouco tempo, referireime xa á proposta que transacciona a maioría absoluta do Partido Popular e que vai encamiñada a que se corrixa a deficiente orzamentación e o abuso do uso do Fondo de Contingencia e dos gastos imprevistos, porque é bastante terrible que en semanas coma esta, na que temos que escoitar do Goberno galego que non hai forma de dar axudas aos nosos viticultores e ao sector agrogandeiro danado polas xeadas de hai dúas semanas, despois teñamos que ver modificacións orzamentarias para funcións tan disparatadas como a iluminación do Gaiás.

Entendemos que a proposta que se incorpora neste sentido é positiva, pero, desde logo, estaremos vixiantes a respecto de se se cumpre ou non. Porque ao final o que revela tamén a tendencia xeral dos informes do Consello de Contas e a propia Conta xeral de 2014 é que moitas das deficiencias que sinalan sucesivamente continúan sen corrixirse. Por iso pedímoslle ao Goberno galego menos palabras e máis feitos.

E remato xa a miña intervención incidindo en que neste sentido nos absteremos nas propostas particulares do Partido Popular, votaremos de forma favorable as propostas do Partido Socialista e, finalmente, votaremos de forma favorable o ditame da Comisión, por responsabilidade, por entender que moitas das cuestións que se incorporan, independentemente de que para nós son insuficientes algunhas delas e pouco ambiciosas, pois, en última instancia, por responsabilidade, por respecto ao labor do Consello de Contas e tamén por respecto ao labor que nos corresponde deste propio Parlamento galego, procede votar favorablemente, aínda que xa digo que estaremos vixiantes para que a actitude do Goberno galego se corresponda con máis feitos e con menos palabras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas os deputados e as deputadas.

En primeiro lugar, o Partido Socialista queremos manifestar o noso pesar e repulsa polo que, aínda a falta de confirmación oficial, parece ser un claro caso de violencia machista e que neste caso afectaría un menor.

Entrando xa no debate do que nos ocupa, o Consello de Contas é un órgano estatutario que foi creado por unha lei no ano 1985, que foi modificada no ano 2015. A modificación desta lei actuaba cunha finalidade moi clara, que era reforzar as competencias do órgano de control externo da Comunidade Autónoma e mais a súa independencia e a súa propia eficiencia, así como reforzar a capacidade de cooperación con outras institucións.

Esta lei establece, no seu primeiro artigo, nas súas competencias, que o Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financeira. No seu punto 2 di que depende directamente do Parlamento de Galicia e que exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ao ordenamento xurídico. E, xa por último, no punto 3 engade que, para garantir unha correcta xestión das finanzas públicas, asume a competencia de prevención da corrupción.

Pero os socialistas entendemos que, sen transparencia e sen colaboración, as competencias do Consello de Contas non poden ser exercidas axeitadamente, e tanto a falta de transparencia como a falta de colaboración por parte da Xunta de Galicia son postos de manifesto polo Consello de Contas en todos os seus informes de fiscalización.

Unha vez máis, temos que recordarlle ao Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia que non basta con aprobar leis, non basta con adaptalas ás necesidades do momento. A aprobación da lei é só o primeiro paso. Non basta con aprobar unha lei de transparencia e bo goberno ou unha lei que reforce o papel do Consello de Contas.

O PP da Xunta de Galicia debe mudar o seu xeito de gobernar. Ten que materializar en realidade o que aproba nas leis. O PP ten a obrigação de aplicar o principio de transparencia a toda a xestión da Xunta de Galicia, así como a toda a xestión dos seus órganos instrumentais.

A Xunta de Galicia ten a obrigação de colaborar co Consello de Contas. Os socialistas xa puxemos de manifesto na comparecencia do conselleiro maior en comisión que o orzamento dedicado a este órgano é escaso. Máis orzamento quere dicir máis persoal e quere dicir menos tempo entre a presentación das contas e a elaboración dos informes de fiscalización. Polo tanto, unha maior efectividade das conclusións, así como das recomendacións. E aínda

que o conselleiro maior nos indicou que a reestruturación de efectivos se terá solventado neste ano, os socialistas agardamos que así sexa e que neste ano se actualicen os informes e, sobre todo, se acurte o tempo.

Entrando xa no ditame das propostas de resolución aprobadas, temos que dicir que o Grupo Parlamentario dos Socialistas presentamos 14 recomendacións ao Consello de Contas e 14 propostas de resolución a este Parlamento.

As propostas de resolución do Grupo Socialista, con base nos informes do Consello de Contas, buscan dous temas fundamentais.

O primeiro, aplicar o principio de transparencia a toda a xestión da Comunidade Autónoma, así como nos seus entes instrumentais. O Consello de Contas pon de manifesto, por unha banda, a incorrecta imputación contable, o que impide coñecer unha imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da liquidación do orzamento. Non se diferencian claramente os investimentos reais dos gastos de carácter inmaterial, empregando esta partida para gastos de publicidade e propaganda. Faise un desprazamento de gastos a exercicios posteriores. No exercicio 2014 pechouse o exercicio contable o 15 de setembro, o que impide ter unha imaxe fiel da situación financeira da Xunta de Galicia. A utilización do programa 621, «Imprevistos e funcións non clasificadas», emprégase como un programa ponte para realizar transferencias de crédito, saltando os límites fixados pola normativa que impide as transferencias directas entre as aplicacións afectadas. Falta a implantación no sistema contable, a contabilidade financeira; polo tanto, non lle dan cumprimento ao Plan xeral de contabilidade pública do ano 2010. O Fondo de Contingencia non ten unha regulación normativa, que, lonxe de servir á atención de gastos imprevistos, constitúe unha ferramenta para a cobertura de gastos que son obxecto dunha deficiente orzamentación.

Non existe un subsistema de rexistro contable para os proxectos financiados, para os fondos de compensación interterritorial. Falta un plan de viabilidade das fundacións-feiras públicas. Falta información precisa dos fondos europeos en temas de consecución de obxectivos e nivel de execución de cada programa operativo. As axencias públicas non contan cos necesarios indicadores de xestión e hai falta de verificación sobre o nivel de calidade asistencial da rede de centros públicos de atención ás persoas maiores.

Tamén poñemos de manifesto a falta...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...de colaboración da Xunta de Galicia co Consello de Contas, fundamentalmente por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, unha documentación que é absolutamente necesaria para poder interpretar correctamente a situación financeira da Administración. Evitar os límites ao alcance da fiscalización é unha limitación que se pon de manifesto ano tras ano.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Remato xa, señor presidente.

Non envían toda a documentación, hai falta de claridade, escaso valor explicativo da memoria, e as entidades instrumentais non presentan as contas ou preséntana fóra de prazo, algunha delas tan significativa como Augas de Galicia.

En conclusión, aproban unha lei para a constitución do Consello de Contas, outórganlle competencias, outórganlle independencia...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...dótano orzamentariamente, pero non colaboran para que faga con claridade e sen limitacións o seu cometido.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días.

Na comisión de hai unha semana tivemos un interesante debate sobre a corrupción sistémica que afecta o Partido Popular, que hoxe non vou repetir por falta de tempo e porque aínda é moi cedo para que me corten o micrófono. Tamén se nos acusou de desprezar as institucións por só presentar propostas para o Plan de traballo do Consello de Contas de 2017 e non dar propostas de resolución sobre a Memoria de actividades de 2015.

Non nos custaba nada presentar propostas de resolución que se repiten ano tras ano e que a Xunta de Galicia incumpre ano tras ano, pero non queremos lexitimar este teatro de falso respecto institucional. A nosa decisión deliberada de non facer recomendacións está baseada en cuestións moi claras e concretas, que pasarei a relatar.

Comecen por aplicar as recomendacións que se reiteran nos últimos anos e respecten o labor do Consello de Contas. As propostas ao plan de traballo, se pasan a comisión, son respondidas polo Consello de Contas co seu traballo. En cambio, as propostas de resolución nunca son respectadas, aínda que son propostas de resolución baseadas nas propias recomendacións do Consello de Contas. Vou relatar varios dos casos no tempo que teña.

No exercicio 2004 —di o Consello de Contas— a Memoria da Conta xeral presenta información limitada sobre estados consolidados, tanto desde o punto de vista cualitativo como no número de entidades afectadas. Repasen os informes e vexan que se repite ano tras ano. Non hai estados agregados de execución que inclúan as entidades públicas empresariais, sociedades, fundacións, consorcios, o que impide ofrecer unha visión global da actividade económica da Administración e incrementa a fragmentación da información financeira. Repítese ano tras ano, e isto non é casual, é deliberado, para non coñecer

ben a información financeira da Administración pública e para camuflar determinados movementos.

Dende o punto de vista cualitativo, a información segue estando limitada —entre aspas— a liquidación orzamentaria a nivel de capítulo, un estudo de resultado orzamentario e remanente de tesourería.

Dous. Do mesmo xeito que en exercicios precedentes —tamén entre aspas—, os traballos víronse afectados polas seguintes limitacións: non existe información sobre a antigüidade dos debedores pendentes de cobro, que limita o cálculo dos dereitos de cobro, etc., etc.

A Intervención Xeral non achegou información sobre as desviacións de financiamento acumuladas, o que afecta a representatividade dos remanentes de tesourería; non son calquera cousa.

Como vén sendo habitual —entre aspas, tamén—, a liquidación non inclúe axustes sobre as previsións iniciais de ingresos. Sen descoñecer as dificultades que pode entrañar algún tipo de recursos, a inclusión dos que afectan as transferencias finalistas ou non finalistas procedentes doutras administracións permitiría unha maior información sobre a fonte de financiamento das modificacións orzamentarias no estado de gastos. Na mesma liña de anos anteriores —entre aspas tamén— persisten —entre aspas, tamén— determinadas limitacións que condicionan o alcance dos traballos realizados polo Consello de Contas.

A Administración segue recorrendo —entre aspas tamén— á ampliación de créditos para os mesmos conceptos de gastos que en anos anteriores, sen que cumpran a condición de imprevisibilidade; repítese ano tras ano.

Sete. Segue constatándose —entre aspas tamén— un uso excesivo da utilización do programa 621, de imprevistos, como xa dixeron as que me antecederon no uso da palabra, etc., etc.

«Segue constatándose», «como vén sendo habitual», «na mesma liña que anos anteriores», «reiteradamente»... Ata vinte e cinco veces se repiten expresións que o que significan é que a Xunta, ano tras ano, incumpe as recomendacións do Consello de Contas.

Pero é máis. Na súa magnanimidade, o Partido Popular aproba unha proposta de resolución do BNG e outra do Partido Socialista de Galicia transaccionada. O Partido Socialista atrevese a pedir que se adapte o Plan xeral de contabilidade ao do ano 2010. Iso é unha recomendación explícita do Consello de Contas. Non habería por que facer proposta de resolución se vostedes cumprían con iso. E vostedes van presumir aquí de que lle aceptan ao Partido Socialista de Galicia trasladar unha resolución, unha recomendación do Consello de Contas. Gran xenerosidade do Partido Popular. O importante é cumprir coa primeira resolución.

A primeira resolución, que xa é unha mentira, do Partido Popular di: seguir, continuar —creo que é— cumprindo coas recomendacións do Consello de Contas. Non cumpren coas recomendacións do Consello de Contas en cuestións transcendentais e estruturais da Conta xeral.

Ou, por exemplo, a que aproba o Partido Popular de Galicia, que pide un novo marco regulatorio dos avais do Instituto Galego de Promoción Económica, recomendación do Consello de Contas no seu informe 2011-2013.

Son as recomendacións do Consello de Contas, claro que si, que tamén veñen demostrar, como se dixo aquí, o labor moi deficiente do Igape cando se conceden estes avais e o alto grao de morosidade, que non é só debido á situación de crise, senón a un deficiente traballo, porque a Xunta non dedicou recursos suficientes ante o cambio do tipo de axudas que se produciu nestes últimos anos; unha deficiencia importantísima.

Polo tanto, todas estas cuestións incumpridas sistematicamente polo Partido Popular son unha falta de respecto do Partido Popular á institución do Consello de Contas, aínda que despois, nas formas, todos sexamos moi elegantes.

Ou, por último —que xa non teño máis tempo—, a débeda. O compañeiro Manolo Lago pide información sobre a débeda e que sexa unha información transparente, para que a coñezamos e despois poidamos debater. Di o Consello de Contas: dada a relevancia que o endebedamento autonómico alcanzou nestes últimos anos en termos de sustentabilidade futura das contas públicas, debido ao seu notable incremento e complexización da súa xestión e administración financeira e pola importancia de dispoñer dunha formación ampla e completa sobre a evolución, estrutura e xestión financeira do endebedamento aconsellado da Comunidade Autónoma, recoméndase á Administración autonómica realizar un esforzo de subministración dunha información o máis ampla posible en relación cos diferentes aspectos da mesma na memoria da conta de endebedamento xeral.

Isto é o que pedimos nós. Ou como pedimos en proposicións non de lei...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...calcando exactamente —e xa remato— as recomendacións do Consello de Contas para a execución do Fondo de Compensación Interterritorial, que ano tras ano é o peor de todas as comunidades autónomas, e vostedes votaron en contra. Están votando en contra das recomendacións do Consello de Contas. Unha falta de respecto total.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señora Romero Fernández.

**A señora ROMERO FERNÁNDEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días a todos e a todas.

Cómpre destacar que estamos hoxe aquí, fundamentalmente, para aprobar a Conta xeral da Comunidade Autónoma, que reflicte razoablemente a actividade económico-financeira no



exercicio 2014, tal e como declara o Consello de Contas, e para aprobar as propostas de resolucións aos informes de fiscalización acordadas na ponencia entre os grupos que se presentaron á ponencia e que presentaron propostas de resolución, todos excepto En Marea.

Este grupo, ante o propio conselleiro maior do Consello de Contas, cualificou estes informes de moi útiles para a oposición. Efectivamente, señorías, son moi útiles para todos. En primeiro, para a Xunta, que xa vén incorporando cada ano moitas das incorporacións recollidas nestes informes para continuar mellorando ano a ano a xestión dos fondos públicos. E así o reconece tamén o propio Consello de Contas, que tamén fiscaliza se se levan a cabo as recomendacións dos informes anteriores. E logo tamén para os grupos parlamentarios, xa que nos permite facer propostas de resolución tamén de mellora cara ao futuro. E iso foi o que fixemos o resto dos grupos: presentamos recomendacións ao plan de traballo tamén, pero tamén as propostas de resolución.

O Grupo Popular optou por respectar a programación do Consello de Contas, presentando unicamente tres recomendacións, e por tomar boa nota dos seus magníficos informes, presentando moitas máis propostas para corrixir estas eivas, en concreto, 15.

Respecto das 7 do BNG, rexeitamos unha, porque xa o propio conselleiro maior non a considerou de momento necesaria, que foi a de aumentar os recursos. Transaccionamos outra para evitar orzar á baixa os gastos correntes. Espero, señorías, que na tramitación dos próximos orzamentos non nos volvan pedir que eliminemos esta partida orzamentaria.

E coincidimos noutras cinco, posto que o noso grupo tamén presenta propostas, pero as nosas acércanse moito máis ás recomendacións do Consello de Contas, sobre todo no que se refire aos recintos feirais, ao Igape, ás subvencións. E tamén pedimos que se sigan as recomendacións do Consello de Contas.

E sobre o Sergas, a sanidade, nosoutros temos máis propostas que as que presentan vostedes, como reforzar o control financeiro continuo —incorporando interventores nas áreas sanitarias—, introducir a contabilidade de custos, que os indicadores dos obxectivos dos programas de gasto sanitario estean ligados ao Plan estratéxico —para medir mellor o seu cumprimento—, diferenciar nos orzamentos a partida de farmacia hospitalaria e a do gasto farmacéutico dispensado nas oficinas de farmacia.

Pero é que tamén presentamos outras propostas sobre outros informes que a oposición non tivo para nada en conta, como para que a Axencia Galega de Sangue e Tecidos reduza a temporalidade dos recursos humanos, ou sobre os fondos europeos, para que se melloren os sistemas de xestión, seguimento e control das actuacións, así como promover a coordinación que recomenda o Consello de Contas.

Sobre o plan de pago a provedores, non pedimos, como pide o Consello de Contas, que non se dean subvencións aos concellos que incumpran estes prazos de pago, pero si que se estude a posibilidade de ter en conta este indicador para primar os cumpridores.

Propomos tamén pór todos os medios e a eficiencia da Axencia Tributaria de Galicia á disposición das deputacións.

Respecto ás propostas do Grupo Socialista, acordamos impulsar o novo Plan xeral de contabilidade pública, que as axencias públicas establezan indicadores de xestión eficaces, eficientes e de calidade que faciliten o seguimento polos órganos de control e fiscalización.

Lamentamos que non acepten a transacción para mellorar a calidade da información contable para os proxectos financiados con fondos de compensación interterritorial, que é o que precisa o Consello de Contas.

Aceptamos a única proposta de todos —como non podía ser doutra maneira— na que piden engadir máis información ao Portal de Transparencia. Pero non podemos estar de acordo con reprobar a falta de colaboración da Xunta co Consello de Contas, porque sinxelamente, señorías, é falso. E xa o dixo tamén o propio conselleiro maior ao referirse á Comisión Mixta que leva máis dun ano traballando para facilitar a fiscalización. Nin podemos estar de acordo coa falta de rendición de contas das entidades; sorprende que disto nos acuse o mesmo grupo que votou en contra de incorporalos aos orzamentos e que mentres gobernaron as mantiveron ocultas.

Tampouco estamos de acordo en que o Consello de Contas faga o papel de inspección de servizos sociais nin que os beneficiarios das axudas recollidos no capítulo de capital as reciban sen xustificar o investimento.

Respecto ao Fondo de Continxencia, xa foi suficientemente explicado, e para facilitar o cumprimento do déficit. E respecto ao gasto desprazado, o que di o Consello de Contas é que no exercicio 2014 se continúa na diminución significativa do gasto desprazado ao exercicio seguinte, o que vén botar por terra o discurso da oposición de que cumpramos o déficit porque desprazabamos o gasto.

Sobre o resto das cuestións, como xa recoñeceu En Marea, que aproveitaron estes informes para renovar as súas iniciativas, seguro que poderemos debatelo ao longo deste ano.

E xa para rematar, señor presidente, neste debate falouse de corrupción, unha lacra que afecta a todos os partidos que teñen responsabilidade de gobernar. Todos condenamos a corrupción, todos, e todos queremos combatela. E nós traballamos para isto, facendo caso ao órgano fiscalizador, analizando os seus informes e presentando propostas de resolución, e aprobando leis tanto nas Cortes Xerais como neste Parlamento: a do Consello de Contas, para reforzar a súa independencia e atribuírlle estas funcións de prevención da corrupción; a de financiamento dos partidos políticos ou a Lei de transparencia, entre outras, que vos tedes, señores de En Marea, sistematicamente votaron en contra.

¿E que fai este grupo? Pois prefire intervir na planificación, unicamente intervir no que ten que facer o Consello de Contas, pero non analizar os informes, non presentar propostas, non participar en ponencia. En definitiva, optan pola política espectáculo, non traballar, montar lío e pasear en autobús para intentar agochar que non cumpren coa súa función.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Romero Fernández.



Procedemos polo tanto á votación do ditame e das propostas de resolución.

Votamos, en primeiro lugar, o ditame. O ditame recomenda a aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2014. Votamos, en primeiro lugar, o ditame.

Votamos.

*Votación do Ditame da Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2015 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2014).*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 60; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este ditame.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora as propostas de resolución aprobadas pola Comisión. E tendo en conta como foi o debate, ao mellor procede —a ver se están de acordo os grupos— que fagamos un primeiro grupo no que vaian as propostas da 1 á 15 e un segundo grupo no que vaian as propostas 16, 17, 18 e 19. ¿Están de acordo os grupos con isto? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Perdón, ¿están de acordo os grupos co que acabo de ler eu?, que é: primeira proposta, un grupo de propostas da 1 á 15; a segunda, as propostas 16, 17, 18 e 19. ¿Están de acordo? ¿Si? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Estoulles proponendo unha cousa para facer unha votación que sexa máis sinxela. ¿Estamos de acordo? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pois votamos, en primeiro lugar, as propostas que van da 1 á 15.

Votamos.

Son as nosas. Da 1 á 15. (*Murmurios.*) (*Risos.*). As nosas.

Xa o dixen ao principio. Volvémoslo ler. Se queren, volvémoslo ler. (*Murmurios.*)

*Votación das propostas de resolución números 1 a 15 da Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2015 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2014).*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; votos en contra, 14; abstencións, 5.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.*

**O señor PRESIDENTE:** E o segundo bloque inclúe as propostas números 16 ,17, 18 e 19.

Votamos.

*Votación das propostas de resolución números 16 a 19 da Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2015 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2014).*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.*

**O señor PRESIDENTE:** Pasamos agora ao seguinte punto.

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, para remitir ao Congreso dos Deputados, de modificación da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución e violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura**

**O señor PRESIDENTE:** Para presentar a proposición de lei ten a palabra o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días outra vez.

Señoras e señores deputados, hoxe o Parlamento de Galicia pode facer un acto de xustiza ou darlle unha nova prórroga á historia dunha infamia.

O 18 de xullo de 2016, hai case un ano, esta Cámara aprobou unha declaración institucional pola que se comprometía a proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo. Foi unha declaración de xustiza e de memoria histórica. Transcorreron dez meses e no Parlamento debatéronse varias iniciativas para dar conta deste compromiso democrático. Con todo, o Grupo Popular impediu arestora toda iniciativa para facer efectivo este acto de xustiza e memoria, que é tamén unha reivindicación maioritaria na sociedade galega. Dez meses de falta de acción, de desleixo e de falta de compromiso, dez meses de prórroga para alongar a historia dunha infamia, unha infamia que dura xa moitas décadas, demasiadas décadas.

Venzan os seus medos; súmense, señores do Partido Popular e señoras do Partido Popular, para garantir un acto de xustiza e restitución da memoria democrática. É ben triste que teñamos que debater unha iniciativa para dignificar a memoria das vítimas do fascismo en 2017. Galicia e o Estado español seguen a ser unha excepción en Europa. En Italia, Alemaña, Portugal, a condena dos abusos e violencia das ditaduras fascistas é un acto de normalidade democrática.

A entrega do pazo de Meirás ao ditador Franco en 1938, en plena Guerra Civil, foi un espolio organizado por autoridades e membros significados do bando franquista, que en moitos casos forzaron a veciñas e veciños a achegar diñeiro e terras para que o ditador gozara da propiedade gratuitamente. Constituíuse unha *Junta Provincial pro Pazo del Caudillo* para agasallar a Franco e á súa familia unha residencia de vacacións. Emitíronse bonos de contribución voluntaria e efectuáronse descontos das nóminas dos funcionarios do Concello da Coruña e da Deputación para recadar 2 millóns de pesetas da época para facer efectiva a compra. Ademais, obrigaron a todos os concellos da provincia a achegaren unha porcentaxe pola recadación do imposto da contribución, unha porcentaxe que supuxo en 1938 un montante de 1.200.000 pesetas. O roubo continuou e a extensión do pazo foi ampliada ata as dez hectáreas a través de expropiacións sen ningunha garantía legal e utilizando todo tipo de ameazas e coaccións ás familias propietarias.

Por outra banda, tamén o noso patrimonio se viu danado. Unha parte foi destruído, como é o caso de parte da biblioteca persoal de dona Emilia Pardo Bazán, xa que algúns destes libros foron queimados, outra parte retirada do seu lugar de orixe, de todas as partes do país, para uso e desfrute da familia Franco.

A proposición de lei que defendemos persegue incluír na Lei 52/2007, a Lei da memoria histórica do Estado, un novo artigo polo que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura. A iniciativa subliña a ilicitude orixinaria da propiedade que mantén a familia Franco sobre o pazo de Meirás. Determina igualmente que, no prazo máximo de seis meses, o conxunto do pazo sexa devolto ao sector público, coa debida compensación ás persoas e familias vítimas do espolio. Tamén pretende establecer que sexa un consorcio, con representación do Estado, da Xunta, da Deputación Provincial e do Concello de Sada, o que o xestione.

Finalmente, sinalamos que o espazo deberá ter usos públicos no futuro, con especial destino á recuperación da memoria histórica. A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica avala esta proposición de En Marea, como xa fixera hai un mes coa iniciativa do Bloque Nacionalista Galego para elaborar unha lei galega de memoria histórica. Esa posibilidade truncouse polo voto contrario do Partido Popular. Creo que hoxe deben de emendarse. A devolución gratuíta do pazo de Meirás, a recuperación democrática deste pazo é un acto de xustiza. Trátase de deixar sen efecto un acto de espolio e expropiación forzosa da man da ditadura franquista. Trátase de expropiar aos expropiadores do franquismo, trátase de recuperar para o pobo a dignidade e os bens roubados.

Grazas ao pulso levado durante todos estes anos pola sociedade civil organizada, e moi especialmente pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica; grazas tamén ao pulso cidadán, acompañado só por algunhas forzas políticas, fomos conseguindo avances.

En 2008 o pazo foi declarado ben de interese cultural, a pesar da oposición manifesta dos herdeiros de Francisco Franco. A partir desa data teñen a obriga de abrir o pazo catro días ao mes para que sexa de libre acceso para a cidadanía. A familia do ditador opúxose a esta apertura en numerosas ocasións, pero a Xustiza rexeitou os seus argumentos. O 25 de marzo de 2011 as portas do emblemático inmovible abríronse por primeira vez ao público e dende

entón son numerosos os incumprimentos e atrancos que os herdeiros de Franco teñen posto para permitir o libre acceso da cidadanía. E isto é unha humillación para calquera demócrata, sexa de esquerdas ou de dereitas, sexa do partido que sexa, ou debería de selo.

Grazas á xente que pelexou durante moitos anos para recuperar a memoria, coñecemos esta historia infame, unha historia negra de extorsión, de abuso, de violencia e de coacción. Non foi un agasallo do pobo, foi un violento espolio, porque non existía posibilidade ningunha de que a xente se negase, non había marxe para opoñerse; mandaba a forza e non a razón, era unha ditadura brutal, non unha democracia; era un botín para os vencedores, non unha doazón agradecida. Os herdeiros da propiedade, os herdeiros do fascismo, teiman hoxe en día por facer do pazo de Meirás o seu búnker, o búnker de Meirás como testemuña da súa impunidad, o búnker de Meirás como un monumento da impunidad dos seus fachendosos abusos.

Señorías —e digo señorías todas—, hai que recuperar o pazo de Meirás para a dignidade, hai que poñer o pazo de Meirás ao servizo do pobo galego, como un espazo da memoria, da memoria democrática, dos valores democráticos. O pazo de Meirás debe ser un exemplo de restitución democrática dos dereitos asoballados polo franquismo, debe ser un espazo de memoria democrática fronte á desmemoria da barbarie.

Hoxe este Parlamento, o Parlamento galego, ten unha nova ocasión para manifestar a súa posición respecto do franquismo, a favor da demanda da xustiza e da reparación das vítimas da represión, a prol do restablecemento dos bens espoliados ao pobo. Agardan de nós un acto de xustiza e reparación democrática.

Señoras e señores deputados do Partido Popular, está na súa man axudarnos a corrixir esta páxina negra da historia de Galicia, para poñer fin á infamia dolorosa do pazo de Meirás. Cumpran co compromiso democrático desta Cámara, non comprometan a súa dignidade actuando como cómplices dun brutal espolio. Non santifiquen a impunidad dos expropiadores da ditadura. Elixan vostedes o bando das vítimas. Dean conta do seu compromiso coa memoria democrática e voten afirmativamente para que hoxe gañe a democracia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

«Desvelado, pola mañá cedo / baixo por un camiño./ Nos pazos onde se trama o crime / ondean bandeiras pingando anilina. / Hai un aire de pombas mortas. / Tremo outra vez de medo. / Señor, isto é o home. / Todas as portas están pechadas. / Con ninguén podes trocar o teu sorriso». Pimentel.

Hai feitos, afrontas e feridas que o tempo non conseguirá borrar. Só o silencio e a ignorancia conseguen facer pasar os anos. Só o medo colectivo, o terror sementado daquela e transmitido, minuto a minuto, corenta, cincuenta, sesenta, setenta, oitenta anos, só ese medo conseguiu facer valer o silencio. Porque o medo trouxo a parálise social, o medo conseguiu xustificalo todo, conseguiu negar a existencia do delito, conseguiu facer culpables aos inocentes, verdugos ás vítimas e honestos cidadáns a asasinados sanguinentos.

O medo a transmitir a memoria do 36 e do franquismo nace da dor causada, chorada en silencio, engulida na soidade da noite. Silencio é obrigación a negar a dor, tronzar a memoria colectiva dun pobo que tiña na transmisión oral a súa existencia como tal. Foi tanto sangue vertido, foi tal a chulería dos pistoleiros, foi tamaña a desfachatez dos que desde a súa crítica moral —amoral— alimentaban os asasinatos e os abusos, foi tan intenso o terror, foi tan claro o xenocidio en Galicia que na desmemoria obrigada o noso pobo gardou memoria deste silencio.

Apenas hai nomes, apenas hai feitos, apenas hai lugares, só unha inmensa dor colectiva que cando reaparece suscita temerosas olladas a un lado e a outro. Sempre falamos dos paseos, das malleiras, das torturas, das vexacións, das foxas que deberiamos ter aberto para volveros para as súas casas onda os seus, das homenaxes debidas ás mulleres resistentes dobremente agredidas, imprescindibles na loita antifascista. Algúns andamos xa hai anos poñendo pedras que sinalen os nomes das vítimas e os lugares dos horrores —e ben o saben na Cámara— coa oposición frontal ou xorda dos máis, dos herdeiros ideolóxicos do franquismo.

Non fomos quen de pasar capítulo, porque no 78, unilateralmente, a condición posta polos fascistas, polos militares de espada en alto e pistola amartelada, foi o esquecemento. E nós medramos co silencio ata que xa pasara demasiado tempo. Porque para pasar capítulo era preciso facerlles saber aos sobreviventes, dun bando e doutro, que o que estabamos repoñendo era a democracia truncada polos golpistas da dereita, da máis rancia, clasista e autoritaria dereita, que se vestira de fascismo e nomeara un novo deus: Francisco Franco, o asasino.

Non tiveron o noso aloumiño, quedounos a historia fría e espida, faltounos a palabra cálida e apaixonada algunhas veces e rompida polos saloucos outras. E aquí estamos aturando que a familia do ditador sanguiniento posúa, coa chulería debida e co consentimento da Xunta de Galicia e do Goberno central, o pazo da ignominia.

Non lles fala este deputado do BNG do incumprimento de catro días mensuais de aperturas, visitas, por ser espazo BIC. ¡Que va! Ese pazo de Meirás representa para os galegos a submisión indebida, o silencio gardado, o mausoleo das cunetas, o roubo e a impotencia da poboación, de toda a poboación, vencida polo terrorismo sistematizado feito orde.

Foi conseguido daquela maneira, roubado, espoliado, e só queda unha saída para a decencia, tanto política como social e colectiva: devolver o roubado e reparar os danos en aras da xustiza e da necesidade de dar pasos na consolidación democrática.

Nunca teremos democracia se non reparamos as feridas, e estas non se estiñan co silencio. O perdón precisa do coñecemento dos feitos e da reparación dos danos. Os feitos velaí están, na mesma historia dunha cuestación amparada polas armas e polo culto á

barbarie —¡Viva la muerte!— que se fixo ofrenda a un ditador, dunha cesión de terras diante notario a punta de pistola, da compra e agasallo dun ben patrimonial sufragado coa dor do pobo.

Nas nosas mans está reparar os danos. ¿Seremos quen ou vencerá unha vez máis o medo feito desculpa de mal pagador? O pazo de Meirás debe volver a dominio público, non é un espazo BIC propiedade dunha familia que ratea as visitas, é o botín dun delinciente ás luces do mundo e da decencia. Debe volver á propiedade pública como exemplo de que o tempo sempre acaba por poñer as cousas no seu lugar. ¿Ou non? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Dende logo, o Grupo Parlamentario Socialista vai aprobar a toma en consideración desta proposición de lei. Vaino facer porque consideramos sinceramente que a propiedade e o disfrute do pazo de Meirás pola familia de Franco, o ditador, é ilexítima, e é de xustiza que termine e que remate.

Consideramos, ademais, que a familia do ditador Franco segue a ser a propietaria e desfrutar do pazo, oitenta anos despois da súa toma de posesión ilexítima e corenta e dous anos despois da morte de Franco, é unha clara anomalía histórica que debe terminar.

Dende logo, hoxe non hai ningunha dúbida de que a cesión a Franco do pazo de Meirás, un pazo que foi construído sobre unhas ruínas anteriores por dona Emilia Pardo Bazán, foi froito dunha espoliación. Non queda ningunha dúbida de que foi un grupo da alta burguesía coruñesa, seguramente tentando facerse perdoar esa historia republicana da propia cidade, a que dirixiu a compra aos herdeiros de dona Emilia do pazo, esa burguesía que viu unha forma fácil de conseguir vantaxes políticas e económicas ao ter cerca o ditador, como así foi.

Recentes investigacións históricas, ademais, poñen en evidencia que o espolio dirixido polas elites vai moito máis alá da compra e da reparación do pazo nese momento de 1938, que foi un macroespolio que durou décadas, porque Meirás é realmente o símbolo, o claro símbolo da corrupción do réxime franquista.

Hoxe en día tamén é facilmente demostrable cientificamente, con documentos históricos, que esta compra do pazo foi froito dunha operación ben planificada entre as elites e o ditador, que conseguiron o diñeiro para mercalo a través de coaccións e ameazas sobre unha poboación empobrecida, e onde os mortos —recordemos que isto pasa en 1938— e os represaliados polos franquistas estaban contándose xa por centenaes; entón, unha poboación empobrecida e unha poboación presa do terror.



As novas elites coruñesas e Franco decidiron que os fondos para comprar foran conquistados por subscripción popular, e nos concellos formáronse —e así está demostrado coa documentación histórica— xuntas e comisións con falanxistas e persoas adeptas ao réxime significadas en cada concello que foron casa a casa exixindo unha contribución e sendo anotadas con nomes e apelidos nunha lista que logo era enviada ao gobernador civil. Comprenderán que isto de voluntario non tivo nada.

Pero, ao mesmo tempo, como xa se dixo aquí, tamén se descontaron días de soldo aos funcionarios traballadores da Deputación e do Concello da Coruña, incluso de empresas privadas.

Tal foi a cantidade de recursos derivados cara a Meirás que nun informe militar de 1939 se afirmaba textualmente —e en castelán— o seguinte: *La cifra gastada en el pazo es de tal magnitud que, si se supiese, causaría asombro, ya que esta responde al 10 % de la contribución de la provincia, aparte de donativos importantes facilitados por organismos, entidades y la población.*

E, ademais, está tamén plenamente documentada a expropiación dos terreos lindantes coa finca de Meirás; unha expropiación e compravendas fraudulentas polas que non se recibiu nada.

E a todo isto hai que engadir aínda un espolio, outro espolio, que é o feito sobre o arquivo e a biblioteca de dona Emilia Pardo Bazán. Os Franco, como está documentado, non deixaron recoller as pertenzas de dona Emilia aos seus herdeiros. Alí quedou unha grande biblioteca, ademais de manuscritos, papeis, cartas, un amplo arquivo; un amplo arquivo que a día de hoxe, corenta e dous anos despois da morte do ditador, non coñecemos, porque os Franco nunca deixaron inventariar ou catalogar este legado.

Sabemos —e así o demostra a última biografía sobre dona Emilia— que Carmen Polo mandou queimar unha grande cantidade de papeis do arquivo en 1938, xa antes de ter recibido o pazo, nunha das súas múltiples visitas para dirixir as obras. E sabemos tamén que nese estraño incendio de 1978 se viron afectados un gran número de libros da biblioteca. Pero tamén sabemos que seguen quedando libros e papeis de dona Emilia dentro do pazo. É dicir, outro novo espolio ao pobo galego.

E, ademais, atreveríame a dicir que devolver o pazo de Meirás á propiedade pública tería un efecto terapéutico moi importante sobre a nosa sociedade, un efecto terapéutico que creo que necesita sinceramente, que o necesita psicolóxica e socialmente esta sociedade. Porque non é normal que unha parte importante da nosa cidadanía considere normal que a filla e logo a neta de Franco todos os anos se retrate no pazo na revista e apareza na portada da revista *Hola* e ninguén diga nada. Isto é un insulto, (*Aplausos.*) un claro insulto ao noso pobo. Xa —a verdade— é a maior proba da soberbia e dun novo insulto que creo que non podemos xa seguir soportando. Ademais, ela mesma e esa familia o que fai é ensinar esa casa, ensinar, na última reportaxe —cobrando, por suposto—, o despacho do seu avó, o despacho dun ditador que é responsable de miles, miles e miles de mortos e mortas e represaliados e represaliadas deste país. Non podemos seguir consentindo esta situación.

O único que nós, os socialistas, dicimos é que non debe producirse este paso da propiedade de Meirás á propiedade pública a través de pagar, a través dun pago, de pagar de novo á familia Franco, porque sería de novo un espolio.

A única maneira de que esta sociedade, de que os galegos, conseguíramos nun momento dado acercarnos, non á xustiza, pero a unha mínima posibilidade de xustiza, foi esa declaración de BIC do pazo feita polo Goberno de coalición do Partido Socialista e do BNG. Esa declaración de BIC, como todos sabemos, leva implícita a obriga dos propietarios de abrir o ben ao público un determinado número de días. Teño que dicir con pena —créanme que o digo con pena— que, dende logo, o Partido Popular dende todo este procedemento, dende o ano 2009, estivo fundamentalmente amparando as exixencias e amparando os desexos da familia Franco e non amparando os dereitos da cidadanía, e dígoo porque dende o primeiro momento —agora non, pero si dende o primeiro momento— a Xunta de Galicia fixo unha serie de convenios coa familia Franco, de maneira que todos os galegos —un novo espolio— pagamos a seguridade privada de todos eses días de visita, pagamos a seguridade privada do pazo—por certo, á mesma empresa que tiña a seguridade todo o ano— e pagamos os guías, pagamos tamén á empresa que tiña os guías que dirixen a visita.

E de novo outro espolio e outro insulto. Ese relato que facían os guías, que facían nese momento —este venres teremos un grupo de parlamentarios oportunidade de ver se seguen a facelo—, era un relato escrito polos Franco. Un novo insulto. Nese relato resulta que no pazo de Meirás soamente vivira Emilia Pardo Bazán. Un novo insulto aos galegos e, dende logo, un novo insulto a dona Emilia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Grazas, presidente.

Bo días, señorías.

Atopámonos ante o debate de toma en consideración dunha proposición de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, para remitir ao Congreso dos Deputados, de modificación da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución e violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura; un texto lexislativo comunmente coñecido co nome de Lei de memoria histórica.

A presente proposición de lei, tal e como relatou o grupo propoñente, consta dun artigo único que propón a engádegas dunha disposición adicional novena ao texto lexislativo orixinal e dunha disposición derradeira co obxecto de conquistar o traspaso da propiedade do pazo de Meirás á Xunta de Galicia; unha afirmación literal que recollo da súa exposición de motivos e que vostedes mesmos rectifican, corrixen ou simplemente desmenten no punto 3 da súa proposta de disposición adicional, tal e como veremos máis adiante.



Esta disposición adicional novena que En Marea pretende engadir á Lei de memoria histórica consta de tres puntos que, ao meu modesto entender, merecen unha análise individualizada e, se me permiten, «deconstrutiva», entendendo o termo no sentido que ao mesmo outorgou no seu día o filósofo francés Jacques Derrida, segundo o cal a deconstrución vén consistir, por dicilo dun modelo esquemático, na descomposición dun todo en pequenas pezas para unha maior e mellor comprensión das partes que integran o conxunto.

No punto primeiro desta disposición adicional novena incórrase nunha notable imprecisión á hora de redactar o obxecto da proposición de lei, o que vén a ser unha colisión frontal coa delimitación constitucional do artigo 33, que trata de dar seguridade xurídica a calquera limitación do dereito de propiedade levada a cabo polos poderes públicos.

Vostedes falan de incoar no prazo máximo de seis meses as actuacións necesarias para a devolución do pazo de Meirás ao sector público, agora ben, non din nada en concreto sobre se o que pretenden é un procedemento de expropiación forzosa. Ademais, de ser así, deixan nunha absoluta e, ao meu criterio, intencionada indefinición tanto quen debe ser o suxeito expropiante como os aspectos referidos ao procedemento expropiatorio, feito este que nos permite plantexarnos serias dúbidas en relación coa garantía do dereito da propiedade previsto na Convención Europea de Dereitos Humanos de Roma do ano 1950.

No caso do punto 2 desta disposición adicional novena pódese dicir que se trata dunha forma pouco respectuosa co principio de legalidade a definición de «administración expropiante». Vostedes falan da creación dunha comisión cuadripartita composta por representación do Estado, Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Concello de Sada, para a tramitación coordinada e interadministrativa da referida disposición adicional. Pero esquecen que un constructo destas características elimina a seguridade xurídica do procedemento expropiatorio, xa que, conforme a normativa vixente, o procedemento expropiatorio debe estar atribuído claramente a unha administración determinada.

Por último, e para pechar o proceso deconstrutivo do que falaba ao inicio da miña intervención, cómpre analizar o punto terceiro da disposición adicional que propoñen. Neste caso atopámonos ante unha fórmula inédita en dereito para regular o destino da propiedade do pazo e das fincas de Meirás.

Como vostedes saben, a regulación do patrimonio está prevista na Lei de patrimonio das administracións públicas do ano 2003, que establece os procedementos de mutación e adscrición dos seus bens, de tal xeito que a creación dun ente público consorcial de certas administracións públicas, que tampouco concretan neste terceiro punto, parece unha manifestación máis da sorprendente redacción dunha proposición de lei que podería dar lugar a numerosos conflitos xurídicos que, por afectar a un dereito fundamental, como é o dereito á propiedade, poderían devir en procedementos non só ante o Tribunal Supremo e o Tribunal Constitucional, senón tamén ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

Tendo en conta a análise deconstrutiva que acabamos de realizar da súa proposta, e sumándolle o feito de que o ámbito propio deste debate debería de ser o Congreso dos Deputados —cámara na que vostedes, por certo, teñen representación—, parece absolutamente xusti-

ficado un posicionamento contrario á toma en consideración desta proposición de lei, e cómpre sinalar que non xulgamos o franquismo —que o noso grupo rexeitou o franquismo sempre que tivo ocasión, e seguira facendo—, senón que xulgamos a vixencia e a aplicación do Estado de dereito.

Agora ben, chegados a este punto, paréceme acaído iniciar unha serie de reflexións en voz alta sobre o debate relativo ao pazo de Meirás en particular e á memoria histórica en xeral. É de sobra coñecido pola totalidade do hemiciclo, e así quedou reflectido nas anteriores intervencións, que o pazo de Meirás foi declarado ben de interese cultural coa categoría de sitio histórico a través do Decreto 299/2008 do 30 de decembro. Un decreto que, ao abeiro da Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia, vixente naquela altura, declaraba este espazo como BIC baseándose nos informes emitidos como parte dos trámites de instrución do expediente pola Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela.

Nos devanditos informes emitidos para os efectos de valorar a oportunidade de proceder á declaración como ben de interese cultural das torres de Meirás, os anteditos organismos culturais non consideraron tan decisivos os seus valores arquitectónicos ou artísticos, senón a súa destacada importancia como lugar de memoria, reflexo dun pasado burgués, cosmopolita, nobiliario e político, indubidablemente asociado con dúas personalidades históricas de gran notoriedade —e cito textualmente o decreto—: a eminente escritora galega Emilia Pardo Bazán, unha das máis salientables representantes españolas do naturalismo literario, e a figura de Francisco Franco, xefe do Estado español durante corenta anos. Ata aquí a cita do decreto.

Pois ben, dende a publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* en xaneiro de 2009 ata que se produciu a apertura do pazo ao público, tal e como marcaba a lexislación patrimonial vixente, pasaron algo máis de dous anos, un período no que a Xunta de Galicia, gobernada xa polo Partido Popular, defendeu con rotundidade o cumprimento da legalidade e a apertura do pazo ao público a quen quixese visitalo, consonte o regulamento de visitas, segundo o cal o pazo debe abrir ao público polo menos catro días ao mes.

Pero a defensa do interese público levada a cabo polo Goberno galego non quedou aquí, senón que, como vostedes tamén saben, no pasado ano 2016 o Goberno da Xunta incoou expediente informativo para dirimirse se os propietarios do pazo estaban a incorrer en incumprimento da normativa no que atinxe ao réxime de visitas; un expediente que segue a súa tramitación e que amosa o compromiso indubidable do Goberno galego co cumprimento da legalidade e coa defensa dos intereses xerais de Galicia.

Polo tanto, saben perfectamente que parten dunha premisa de inicio falsa, xa que pretenden atribuírnos a defensa dos intereses dos propietarios, cando os feitos demostran claramente que isto non é así e que o Goberno galego actuou, actúa e actuará sempre en defensa dos intereses xerais de Galicia. Neste caso concreto dende o Grupo Popular velaremos sempre polo escrupuloso cumprimento da lexislación, garantindo a posibilidade de que todo aquel que o desexe poida visitar o pazo de Meirás tal e como implica a declaración de BIC que ten este espazo. E saben tamén, ou deberían saber, que nun estado de dereito as leis se aplican a

todos por igual, con independencia da opinión que poidamos ter das persoas concretas ás que en cada caso afectan. Esta é a diferenza fundamental entre a seguridade xurídica das democracias e a arbitrariedade doutros réximes políticos.

Para rematar, como sinalaba antes, gustaríame reflexionar tamén en voz alta acerca dalgúns plantexamentos que en ocasións, dende o meu punto de vista, contaminan o debate sobre a memoria histórica e impiden en moitos casos afrontar este debate co grao de sosego e obxectividade que require esta cuestión, e que ademais ás veces provocan a perda da perspectiva sobre o espírito de reconciliación e concordia e de respecto ao pluralismo e á defensa pacífica de todas as ideas que guiou a Transición e que nos permitiu dotarnos dunha Constitución, a de 1978, que traduciu xuridicamente esa vontade de reencontro dos españois, articulando un estado social e democrático de dereito, con clara vocación integradora, tal e como sinala a propia exposición de motivos da Lei de memoria histórica.

Para facer esta reflexión final, gustaríame retomar a figura do filósofo francés Jacques Derrida, ao que non por casualidade citaba ao inicio da miña intervención, xa que para min fai unha análise moi interesante na súa obra *Políticas da amizade* da dialéctica amigo-inimigo, presente na teoría política do filósofo alemán Carl Schmitt, e que nos pode permitir comprender a actitude de determinadas forzas políticas da esquerda parlamentaria ao respecto deste debate.

O criterio amigo-inimigo plantexado por Schmitt como unha expresión da necesidade de diferenciación conleva un sentido da afirmación de si mesmo —o nós—, fronte ao outro —o eles—, e, deste xeito, pódese observar o contido positivo da relación amigo-inimigo como a conciencia da igualdade e da alteridade. A diferenza nós-eles establece un principio de oposición e complementariedade, e a percepción que un grupo desenvolve de si mesmo en relación cos outros é un elemento que ao mesmo tempo que o conecta o distingue, de tal xeito que a posibilidade de recoñecer o inimigo implica a identificación dun proxecto político que pretende xerar un sentimento de pertenza.

Como vostedes saben de primeira man, hai forzas políticas que precisan moverse nesta dialéctica amigo-inimigo para reforzar a súa cohesión, sobre todo cando moitos dos seus compañentes non teñen asimilado nin desenrolado o sentimento de pertenza ás mesmas.

Por outra banda, hai forzas políticas que non teñen que centrar os seus esforzos en buscar inimigos e elementos de cohesión que manteñan e reforcen ese sentimento de pertenza; polo tanto, poden dedicar todo o seu tempo a traballar a prol do ben común e do avance da sociedade.

Creo que todos nós sabemos en que parte desta disxuntiva están vostedes, pero, dende logo, no Grupo Parlamentario Popular temos claro que debemos seguir pertencendo a este segundo grupo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Gil.

Réplica.

Grupo autor da proposición de lei, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Eu creo que isto acaba de ser, seguramente, ao mellor, de xeito involuntario, porque hai persoas que xa teñen incorporado no seu subconsciente determinadas formas de pronunciarse, pero foi unha falta de respecto absoluta ante unha proposta que en absoluto foi exposta precisamente para o contrario, que era para superar esa alteridade, como superamos esa alteridade amigo-inimigo que vostede di que eu plantexei. Non, é que nós aquí deberíamos de ter a única alteridade, que é: os demócratas contra os non demócratas. (*Aplausos.*) E vostedes deberían estar do bando dos demócratas, non deberían estar en ningún outro bando. E non o están.

Dicía que o método proposto de recuperación na proposición de lei era inédito. Non, non, o inédito foi o proceso de obtención no 1938; e o inédito é que unha forza que se di democrática veña aquí defender os intereses dos Franco..., (*Aplausos.*) iso si que é inédito. (*Aplausos.*) O inédito, señoras e señores do Partido Popular, é que veña aquí falar do dereito á propiedade privada, que non é un dereito fundamental e, en cambio, o dereito á dignidade —que é un dereito fundamental— vostede aquí non o veu defender. E nós entre a propiedade dos Franco e a dignidade escollemos a dignidade. (*Aplausos.*) Xa sabemos de que bando están.

Equiparar, vir aquí falar coma se isto fose a expropiación dunha estrada para ampliar e facer beirarrúas, cando é unha toma en consideración e cando vostedes saben que despois podemos discutir os aspectos xurídicos que queiran na súa tramitación, é unha escusa de mal pagador e unha falta de respecto tamén. Equiparar iso co dereito ao resarcimento e á reparación —que xa vexo que aquí aínda é unha utopía—, comparado cun discurso burocrático para esconder o que realmente hai, que é unha defensa dos intereses da familia de Franco —queiran ou non— o que está facendo o Partido Popular... Si, señor, esa declaración institucional que eu nomeaba. Si, claro que temos razóns para dudar da intención e do interese do Partido Popular para cumprir ese mandato da Cámara. Acaban de dar unha razón máis. Hai razóns; lamentablemente, si que hai razóns.

¿De que teñen medo? ¿A quen lle teñen medo? ¿Acaso temen molestar a ultradereita que aniña dentro do Partido Popular?, ¿aos seus Le Pen que teñen dentro do Partido Popular? (*Murmurios.*) ¿Temen molestar a eses? ¿Si? ¿A quen lle teñen medo? ¿Ou é que é simplemente o desprezo polas vítimas da barbarie? ¿Non lles deben nada vostedes aos demócratas que defenderon a legalidade da República? ¿Non lle deben nada a estar en institucións como esta? (*Aplausos.*) ¿Non lle debemos nada... (*Aplausos.*) para que hoxe esteamos nun Parlamento galego?

E, por último, tamén quero dicir que o que vostedes están a facer, o que está a facer o Estado español coa non ruptura co anterior réxime, coa conservación dos privilexios de determinadas familias —exemplificada e simbolizada pola familia Franco; este é un símbolo tamén, pero un símbolo que axuda a avanzar—, é o que se chamaba e o que se dicía «a segunda morte das vítimas», o esquecemento e o desprezo, o desprezo que acaba de facer vostede ás vítimas. Son escusas de malos pagadores.

É unha toma en consideración. ¡Claro que ten difícil encaixe legal!, porque a legalidade do Estado español non é unha legalidade que rachase co anterior réxime; deixaron amarradas moitas cousas. Pero temos que pelexar para axustar a legalidade á xustiza. E ese é o noso traballo, o do poder lexislativo, axustar a legalidade á xustiza. E claro que é posible, como é posible en Alemaña, en Portugal ou en Italia, só hai que ter vontade política, vontade política á que vostedes se negan. Son unha excepción en Europa, son unha excepción neste país, defenden aínda os privilexios franquistas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

**Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, e, se é o caso, fixación do número de membros da Cámara encargados da súa defensa e posterior designación**

**O señor PRESIDENTE:** Non hai emendas.

Para presentar o ditame da Comisión ten a palabra o presidente da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o señor Jaime Castiñeira Broz.

**O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS (Castiñeira Broz):** Presidente.

Señorías, bos días.

Esta Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, de autoría dos catro grupos parlamentarios que integran a Cámara —do Grupo Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego—, presentouse no Rexistro do Parlamento con data 18 de xaneiro do 2017.

Logo da súa toma en consideración polo Pleno na sesión do 7 de marzo, e unha vez rematado o prazo de presentación de emendas ao articulado sen a formulación de ningunha, a Ponencia designada na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o 19 de abril, emitiu o seu informe favorable ao texto da proposición de lei na sesión constitutiva e reunión de traballo mantida nesa mesma data, coa asistencia desta presidencia que lles fala e dos ponentes titulares: don Martín Fernández Prado, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia; don Antón Sánchez García, do Grupo Parlamentario de En Marea; don Raúl Fernández Fernández, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia; e don Xosé Luís Bará Torres, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do pasado 2 de maio, aprobou por unanimidade o ditame que estou a presentar conforme o

texto orixinario. Esta proposición de lei, precedida da correspondente exposición de motivos, consta de 2 artigos, así como de 3 disposicións adicionais e 1 derradeira.

Cómpre, pois, rematar a tramitación deste procedemento legislativo especial coa aprobación, se é o caso, da Proposición de lei deste Parlamento, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castiñeira.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame por un tempo de cinco minutos.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi bo día, señoras deputadas, señores deputados.

O certo é que hoxe eu non podo evitar ter unha certa sensación de *déjà vu*. Hai aproximadamente catorce meses neste mesmo Parlamento aprobabamos esta proposición de lei pola que xa solicitabamos a transferencia da AP-9. Esta lei, que pedía a transferencia, foi vetada vilmente polo Partido Popular, con mentiras, pola señora Ana Pastor e polo señor Rajoy, pese a que o Partido Popular xa non tiña maioría no Congreso.

Hoxe imos aprobar estoutra lei. A única diferenza que hai entre estas dúas leis é que, co asesoramento do letrado desta Cámara, lle retiramos aqueles artigos que serviran de escusa para o vil veto do Partido Popular á transferencia da AP-9; unha transferencia que nós cremos que é clave para acabar coa estafa legalizada das peaxes, cun servizo de terceira e cos abusos continuados de Audasa.

¿Por que falamos desde o BNG de que a situación da AP-9 é de estafa e de escándalo para este país? Pois, se mo permiten, vóullelo explicar en catro datos moi sinxelos. O primeiro: os galegos e as galegas levamos pagado máis de 2.500 millóns de euros en peaxes. Audasa ten máis de 900 millóns de euros en beneficios e aínda nos din que lles debemos cartos. ¡Aínda nos din que lles debemos cartos!

En segundo lugar, porque pagamos máis en peaxes por viaxar desde A Coruña a Vigo, con 130 quilómetros, que desde A Coruña a Madrid con 510 quilómetros. ¡Un auténtico disparate!

En terceiro lugar, fíxense, Galiza representa o 6 % do territorio do Estado, pero temos o 10 % dos quilómetros de peaxes de autoestradas con peaxe de todo o Estado español. ¿Solidariedade, non, chámanlle a isto —paréceme— nas forzas estatais? E, en todo caso, temos en todo o Estado español tres autoestradas que teñen o máximo de 75 anos con peaxes. Tamén por solidariedade do Estado español —temos que dicilo, grazas ao Partido Popular e ao Partido Socialista— dúas desas autoestradas están no noso país, a AP-9 e a AP-53.



A transferencia é importante porque nos daría a posibilidade de poder intervir para frear as peaxes, para cambiar as condicións da concesión e para que por unha vez Audasa teña sancións ante un trato tan abusivo a este país. Porque, é curioso, anos e anos de abusos e nin unha soa sanción, nin por parte dos gobernos do Partido Popular nin tampouco —hai que dicilo— por parte dos gobernos do Partido Socialista.

Hai quen dirá —e supoño que o dirán nesta Cámara— que defender acabar coa estafa da AP-9 é unha utopía, unha quimera. Pero eu ao que os invito aos que defenden esa teoría é a que nos contesten unha pregunta: ¿como é posible que o señor Rajoy teña 3.500 millóns de euros como mínimo para rescatar as radiais madrileñas e, no caso da AP-9, cero euros? E, é máis, como axuda para a situación do país, un aumento das peaxes no ano que vén. Outro caso e outro exemplo da súa solidariedade.

Con todo, eu quero recoñecer a miña satisfacción porque teñamos chegado ata aquí e porque o camiño non foi fácil. E creo que, con toda humildade, pero tamén con todo realismo, hai que lembrar que hoxe non estaríamos aquí sen o impulso e a xenerosidade do BNG. Cando coñecemos o veto da vergoña, o veto de Rajoy e de Ana Pastor á transferencia da AP-9, no Bloque non tiramos a toalla e fixemos por que se mantivera a unidade das forzas políticas deste país. O presidente da Xunta xa aceptara o non, pero no Bloque tomamos a iniciativa porque non tiramos a toalla á hora de acabar coa estafa das peaxes. Solicitamos unha reunión dos líderes de todas as forzas políticas. O señor Feijóo e o señor Leiceaga non quixeron sentar nesa mesa diálogo, non deron ningunha explicación convincente. Eu si quero agradecerlle ao señor Villares que estivera á altura e que realmente respondera ao que necesitaba o noso país nese momento. Pero tampouco nos resignamos con esa negativa e fomos a unha xunta de portavoces e propuxémoslles a todos os grupos que rexistráramos conxuntamente esta iniciativa. Pero vemos, señorías, que a xenerosidade só ten unha dirección e que non hai reciprocidade. *(Aplausos.)*

Hoxe imos asistir a unha pinza do Partido Popular, do PSOE e da Marea para excluír o Bloque Nacionalista Galego da defensa no Congreso desta lei. Vaise excluír a única forza política que non ten unha pata en Madrid e que podería facer unha defensa clara, univocamente galega, de por que é necesario transferir a AP-9. É dicir, señorías, se non se impón o sentido común, vaise excluír da defensa desta lei no Congreso a forza política que a redactou. Vaino facer nada máis e nada menos a forza política que vetou o debate desta lei no Congreso e as outras dúas que foron incapaces de sacala adiante fronte a un Partido Popular en minoría. Eu preguntolles se lles parece honesto e ético vetar a forza política que impulsou esta lei contra vento e marea, que a redactou e que a rescatou cando estaba condenada a morrer despois do veto de Rajoy e de Ana Pastor.

Propoñémoslles un acordo que é razoable, de sentido común: que cando se defendan iniciativas que teñen que ser levadas ao Congreso garantamos, primeiro, que o grupo promotor desa iniciativa vaia estar sempre nesa representación do Parlamento e que os outros dous postos se repartan proporcionalmente entre o resto dos grupos, mantendo, polo tanto, a democracia, a pluralidade...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...e sobre todo algo que en política é moi importante, a ética, porque a democracia non é unha cuestión de aritmética, dicíao moito un antigo deputado desta Cámara. E, desde logo, a democracia cando non ten honestidade e principios éticos, valores democráticos e xenerosidade, acaba resultando unha fraude.

Eu, desde logo, agardo que este veto non sexa a antesala dunha nova pinza no Estado para vetar a transferencia e impedir que acabemos desde Galiza coas abusivas peaxes da AP-9.

Remato, señor presidente.

Lamento profundamente que un día no que tiñamos que enviar unha mensaxe de unidade das forzas políticas galegas os partidismos, os oportunismos e a deslealdade ao traballo sexan a mensaxe que deixa esta pinza entre o Partido Popular, o Partido Socialista e A Marea.

E mándolle unha mensaxe a todos os galegos e galegas que están ata as narices das peaxes da AP-9: que no Bloque...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...por moitos vetos que nos poñan, imos seguir defendendo e traballando para acabar con esta estafa que legalizaron as forzas políticas estatais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días a todos e a todas.

¡Que lamentable actuación! ¡Que vitimismo máis fóra de lugar! *(Murmurios.) (Aplausos.)* ¡Que lamentable! *(Murmurios.) (Aplausos.)*

En fin, despois de que xustamente os grupos parlamentarios que representamos toda a Cámara tiveramos a valentía de asinar un acordo conxunto de todos os grupos, que é o que se trae a esta Cámara, unha proposición de lei conxunta de todos estes grupos, hai quen pretende patrimonializar unha iniciativa que é de toda a Cámara, e esa é a mellor garantía do seu fracaso.

Xustamente nós fixemos todo o posible para que houbera unanimidade da Cámara, que é a garantía de que isto saia adiante, porque é o único que nos importa, que saia adiante en Madrid, non que alguén aquí poida colocarse unha medalla, que non merece. *(Aplausos.)*

Por outra parte, nós cremos que é de xustiza que a AP-9 sexa xestionada desde Galicia. É a nosa principal rúa, é a nosa principal vía de comunicación, a que vertebra todo o occidente de Galicia, non só por ela mesma, senón por todas as conexións que ten, ben sexa por in-



fraestruturas que construíu a Xunta de Galicia ou a Administración xeral do Estado. Hoxe é a principal vía de comunicación, a nosa rúa principal; é a nosa rúa principal que conecta tres aeroportos, os principais portos —con excepción do de San Cibrán, que está demasiado ao norte—, que conecta as oito principais áreas urbanas de Galicia, e, por tanto, xestionala dende aquí é unha grande oportunidade.

Sabemos tamén que hai unha circunstancia que nos preocupa, que é a prolongación da súa concesión até o ano 2048. Cremos que non foi unha boa decisión, que nese momento non se estaba actuando en función dos intereses de Galicia. Foi un goberno presidido polo señor Aznar, cando estaba o señor Fraga a cargo da Xunta de Galicia, e foi unha mala decisión que nos compromete a todos e que dá lugar a algunha circunstancia que debemos coñecer. Hoxe a Administración xeral do Estado está tendo un saldo neto positivo da xestión da AP-9, porque as obras que son necesarias para mellorar as comunicacións nesta franxa occidental son pagadas polos usuarios da AP-9 a través das peaxes, pero a Administración xeral do Estado cobra un imposto de sociedades que no conxunto da concesión até o ano 2048 significará máis de 500 millóns de euros.

Por iso nos parece mellor a fórmula que adoptamos hoxe que non a formulación orixinal, porque a fórmula que adoptamos hoxe vai obrigar a discutir unha vez sexa aprobada esta lei polo Congreso dos Deputados e a negociar na Comisión Mixta de Transferencias as condicións en que esta infraestrutura vai ser transferida a Galicia. É a oportunidade de poñer sobre a mesa esas cousas; é a oportunidade de poñer sobre a mesa cal é o saldo neto da AP-9; é a oportunidade de poñer sobre a mesa que os usuarios da mesma están pagando peaxes demasiado altas; e é, polo tanto, a oportunidade de exixirle á Administración xeral do Estado que faga un esforzo para que a transferencia se faga nunhas condicións que permitan rebaixar substancialmente a peaxe.

Cando discutimos inicialmente esta lei, eu dixen aquí que non me parecía sensato que os produtores de viño do Rosal teñan que pagar peaxe para colocar os seus produtos na Coruña e, sen embargo, os produtores do Bierzo poidan chegar sen el. E iso é o que está pasando xustamente, porque esta infraestrutura está funcionando cunha carga adicional para nós mesmos. Trátase de conseguir unhas condicións que permitan que funcione ben esta infraestrutura como un elemento de articulación interna de Galicia, e isto significa unha xestión desde a proximidade e isto significa unha carga de peaxes menor para os usuarios da mesma. Isto é o que debemos intentar conseguir coa transferencia. E isto podemos conseguilo se temos unanimidade aquí e desde o Partido Popular —porque os outros grupos relevantes no Congreso dos Deputados parece que están de acordo— convencen os seus deputados para que dean luz verde a esta transferencia nas mellores condicións. É posible polas circunstancias políticas que ten España nestes momentos e, polo tanto, temos unha enorme responsabilidade por diante.

Non só imos votar a favor desta lei, senón que cremos que hai que facer todo o posible para que exista unanimidade no Congreso dos Deputados e para que a transferencia se faga nas mellores condicións para Galicia.

A AP-9 xestionada dende aquí, coas peaxes máis baixas posibles, a ser posible sen peaxes e retornando o control aos galegos desta infraestrutura decisiva para a nosa articulación interna.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días por terceira vez, ou cuarta.

Nós si que lamentamos que non poida estar reflectida, no debate do Congreso cando se leve a lei, a pluralidade deste Parlamento, derivado fundamentalmente de que só poidan estar tres representantes, polo artigo 87 da Constitución, e de que non se poida cambiar. Nós estabamos abertos a explorar calquera posibilidade de que a pluralidade se reflectise. Pero, claro, nós somos a segunda forza deste Parlamento e non podemos fuxir das nosas responsabilidades coa cidadanía e cos nosos votantes.

Se seguimos coa liña do discurso da voceira do BNG, falaríamos todos do BNG e non da AP-9 e, polo tanto, estariámoslle facendo un favor moi grande ao Partido Popular porque estaríamos alonxando o foco de onde debe estar, que é no responsable do veto á tramitación da proposición de lei anteriormente efectuada. E eu non vou caer aí, hai batallas que prefiro non dar, aínda que as perda, como dicía..., este non era Derrida, pero alguén dicía iso. Prefiro perdelas.

Polo tanto, eu vou centrar o foco no responsable de que esteamos repetindo a aprobación dunha lei en similares termos, que é o Partido Popular. Imos aprobar por segunda vez por unanimidade unha proposición de lei para reclamar no Congreso dos Deputados a transferencia da AP-9 á Xunta de Galicia. A primeira vez foi vetado de xeito antidemocrático, manipulador e mentireiro polo Goberno do Partido Popular. Vostedes e o señor Feijóo non dixeron nin mu; non é de estrañar, vendo os acontecementos que se suceden, o último cos orzamentos do Estado, cada vez máis habitual. O señor Feijóo encolle cando se trata de exercer de presidente da Xunta fóra deste país, encolle diante dos intereses do seu partido e empequenece cando se ten que enfrontar aos poderosos.

Aínda así, hoxe a noticia é que o Partido Popular de Galicia non pode garantir aquí que ese garante da unidade do Estado español que seica é vai votar o mesmo aquí que en Madrid. E iso é unha noticia. É unha noticia que aínda non poidan vir aquí dicir que en Madrid van apoiar a tramitación desta lei.

E tamén queremos falar da responsabilidade do Partido Popular no auténtico saqueo que supón e que supuxo a privatización da AP-9 efectuada polo Goberno de Aznar, co señor Álvarez Cascos, co señor Aznar á fronte e co señor Feijóo de conselleiro de Política Territorial. Tampouco dixera nin mu.

A transferencia supón unha pequena mellora, pero en absoluto afronta o fundamental, e o fundamental é a continua estafa dun negocio sen parangón que ten unha empresa por graza das decisións do Partido Popular; tratos de favor que recibiron determinadas empresas durante os seus gobernos e que hipotecan o futuro de Galicia, dos galegos e das galegas. Hipotecan o noso futuro pagando unha das peaxes máis caras do Estado para atravesar de norte

a sur o noso país. O Partido Popular debería responder —xa sei que non— sobre as decisións tomadas acerca da AP-9 na privatización a prezo de amigo a Sacyr, casualmente donante do Partido Popular, segundo consta nos papeis de Bárcenas. Debera dar explicacións, pois é responsable de regarlle a esta empresa, que posteriormente vendeu cunhas plusvalías millonarias, un negocio capaz de xerar uns beneficios despois de impostos limpos de po e palla de máis do 30 %, ou de aproximadamente o 30 %. Un de cada dous euros recadados en peaxes na AP-9 son beneficios, antes de impostos. ¡Un de cada dous euros! ¿Como é posible que un goberno lle dea a unha empresa privada este negocio a costa de que teñamos que pagar as peaxes máis caras do Estado?

Contas de 2015 e contas de 2016. Contas do 2015: peaxes, 134 millóns de euros; beneficios despois de impostos, 44. 2016: 138 millóns de euros, e subindo; beneficios despois de impostos, 48 millóns, creo.

¿Isto que é?, ¿non é corrupción? Se non é corrupción, paréceselle moito. Aínda encima, normalmente, cando se privatiza, a escusa é a capacidade de xestión da empresa privada. Pois aquí o director xeral de Audasa segue sendo o mesmo que nos noventa, o señor Andrés Muntaner, amigo íntimo do señor Rajoy, que frecuenta moito o Casino de Pontevedra; o mesmo, o mesmo señor que non fai nada. Porque este é un negocio, como se di, de beneficios chovidos do ceo, máis ben roubados aos galegos e ás galegas. Negocio de BOE, capitalismo de amiguetes ao que nos ten acostumados o Partido Popular.

Diante desta situación, cremos que a transferencia é un paso, pero non afecta o fundamental, e o fundamental que ten que afrontar este país e un goberno responsable é o rescate para o público desta infraestrutura; unha infraestrutura na que case un de cada dous euros dos que recada son beneficios. Ten marxe para ese rescate público e para rebaixar as peaxes aos cidadáns deste país. Por iso imos exixir que se faga un estudo oficial, un cálculo oficial, da viabilidade dese rescate; que non o teña feito ata agora a Xunta de Galicia mostra ben a complicidade do Partido Popular con estas empresas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Señor presidente, moitas grazas.

Señorías, bos días.

Señora Pontón, permítame que lle diga que se cambia a lei. Non son iguais, por moito que ensine un papel dende aquí. Por iso, necesitamos a axuda da asesoría xurídica, por iso se cambia a lei e por iso vén de novo. E a lei non é a mesma que vostede propoñía; é unha lei dos catro grupos e non unha lei do BNG. É unha lei de toda esta Cámara, e creo que iso é sinxelamente un dos seus valores e das súas fortalezas. Por iso traemos de novo esta lei con cambios.

Señor Sánchez, esta lei non puido tramitarse por informes técnicos, tanto do Goberno como do Parlamento, informes da Asesoría Xurídica do Parlamento. Por iso tamén facemos cambios para intentar solventar eses informes que establecían a imposibilidade de tramitar a lei anterior.

Pero, permítanme que, como sempre neste tema, comece felicitándonos e agradecendo o consenso. Eu creo que esta unanimidade, a unanimidade desta Cámara, polo menos nos votos, aínda que neste estado non o pareza, en relación coa transferencia da AP-9, ten unha verdadeira relevancia política, e sobre todo —como dicía o voceiro do Partido Socialista—, tendo en conta a actual composición do Congreso e tendo en conta as novas maiorías no Congreso, creo que é moi importante que teñamos esta unanimidade.

E permítanme recordarlles, aínda que non lles guste, especialmente á xente do Bipartito, a coherencia do voto do Grupo Popular, que, como sempre, mantén esa coherencia co voto independentemente de que estea na oposición, estea no Goberno, digan o que digan os informes de Madrid ou estea quen estea en Madrid, cousa que outros grupos non poden dicir e cambian de voto en función de se están gobernando ou se están na oposición. Nós mantemos os votos a favor da transferencia, tanto na oposición como no Goberno, non como fixeron outros desde o Bipartito.

Como ben saben, aprobamos unha lei cos cambios xurídicos que cremos que facilitarán que se tramite no Parlamento. E digo facilitarán porque este obxectivo, independentemente destes cambios, non vai ser fácil. É unha empresa difícil, porque ao contrario do que lles escoitamos a vostedes repetidamente, esta tramitación, esta transferencia, sería un feito que non ten precedentes en España, porque nin o caso vasco nin o catalán son asimilables. E explícome, no caso das autoestradas vascas, puideron ser transmitidas en virtude dunha excepcionalidade que estaba recollida na Constitución, na disposición adicional primeira, que reflectía que os dereitos históricos dos territorios forais tiñan que ser respectados, e entre eles un dos máis antigos era o de estradas. E no marco desta excepcionalidade, que é a única que recoñecía a Constitución, foi transferida a A-8, de Bilbao e Behobia. Foi transmitida ao Goberno vasco, pero foi transmitida despois ás deputacións forais, porque son estas as que teñen recoñecido pola Constitución estes dereitos.

En calquera caso, tampouco é o caso das autoestradas catalás, a A-17 e a A-19; tampouco é o mesmo caso. Quedou claro no decreto de transferencia que foi polo carácter complementario destas vías da A-7. O que sería asimilable ao caso da autoestrada AP-9 sería o da A-7. Por certo, que o Goberno catalán recorreu ante o Tribunal Constitucional a Lei de estradas estatal para poder solicitar a transferencia da A-7... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e o Tribunal Constitucional fallou en contra de Cataluña con argumentacións que tamén fan difícil este tema. Por iso digo que é difícil, porque sería a primeira autoestrada da rede troncal do Estado que, sen estar recollida especificamente na Constitución esta transferencia..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) sería transferida. Polo tanto, estamos abrindo camiños con esta lei, se conseguimos esta demanda do Parlamento.

En calquera caso, para que non sigan confundindo o tema das peaxes co tema da transferencia, quero recordarlles que todas as autoestradas foron e manteñen as peaxes; incluso no caso das autoestradas vascas no 2003, cando quedaron liberalizadas, lonxe de deixalas

liberalizadas, o que fixeron foi crear unha nova concesión, que, por certo, ten máis cara a peaxe que a da autoestrada galega. Pero teremos tempo esta tarde de falar de peaxes.

En calquera caso, creo que nesta lexislatura se avanzou moitísimo nestes temas coa creación dunha comisión bilateral que permite, entre outras cousas, como xa lle recordamos varias veces, aforrar máis de 100 millóns de euros dun acordo que o Bipartito fixo e que xa nos custou 64 millóns de euros. Cos acordos desta comisión bilateral, primeiro, poderemos tomar decisións conxuntamente co Goberno central, aforraremos máis de 100 millóns de euros e poderemos estar máis preto das decisións que atinxen á AP-9.

Creo, polo tanto, que aínda que non sexa fácil de conseguir temos que seguir traballando. O Goberno galego e o Grupo Popular van seguir demandando onde toque esta transferencia da AP-9 a Galicia.

E quero dicirlle, señora Pontón, que aínda que vostedes non teñan voz en Madrid, o único veto que houbo aquí foi o dos cidadáns co seu grupo; non hai ningún outro veto máis que o dos cidadáns, que non os queren en Madrid e pouco en Galicia. O que lle queremos dicir é que, independentemente disto e de que poden poñerse de acordo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** ...porque eu creo que todos podemos estar de acordo en que o grupo maioritario debe estar representado, nas outras dúas prazas poden poñerse de acordo os grupos da oposición, pero vaia quen vaia poden estar seguros de que esta decisión unánime do Parlamento, que é o verdadeiramente importante...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** ...e os argumentos —xa remato, presidente— desta Cámara estarán perfectamente representados en Madrid, porque trasladaremos esta unanimidade, a decisión e os desexos conxuntos de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Prado.

Imos proceder á votación.

Comunicolles que o problema que temos é unha caída de tensión exterior e, como en todos os casos, iremos recuperando a luz pouco a pouco. (*Murmurios.*) Xa saben como é isto, pero son inconvenientes que nós non podemos controlar; caída de tensión externa.

### ***Votación dos textos lexislativos***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando a toma en consideración da Proposición de lei do G. P. de En Marea.

Votamos.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, para remitir ao Congreso dos Deputados, de modificación da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución e violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora o ditame da Comisión 2ª.*

*Lémbrolles a todas as súas señorías que esta votación ten que ser aprobada por maioría absoluta. Polo tanto, procedemos á votación desta toma en consideración.*

Votamos.

*Votación do ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, e, se é o caso, fixación do número de membros da Cámara encargados da súa defensa e posterior designación.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este ditame.*

**O señor PRESIDENTE:** *E agora procede, tal e como se acordou na Xunta de Portavoces, tamén por maioría absoluta, fixar o número de deputadas ou deputados que procederán á súa defensa no Congreso.*

*Acordouse na Xunta de Portavoces que será un número máximo de tres.*

*A Mesa, logo de escoitar a Xunta de Portavoces, na sesión do día 2 de maio de 2017, acordou propor que sexan tres tamén o número de deputadas ou deputados autonómicos encargados para a súa defensa. (Asentimento.)*

*Rógolle que distribúan as papeletas para a votación.*

*Polo tanto, procede agora designar os tres deputados ou deputadas para a defensa da proposición de lei perante o Congreso dos Deputados.*



Cada parlamentario ou parlamentaria deberá escribir un só nome na papeleta —ou deixala en branco— que se lles vai distribuír agora. Resultarán elixidas ou elixidos os que obteñan maior número de votos, e, se cómpre, repetiríase a votación.

¿Están distribuídas as papeletas? *(Pausa.)* Aínda están nesa fase.

Cando estean todas distribuídas, procederemos a efectuar o chamamento, que será feito pola secretaria da Mesa, dona Raquel Arias Rodríguez. Rógolle ao vicepresidente primeiro e á señora vicesecretaria que se sitúen ao carón da urna para a recollida das papeletas. *(Pausa.)*

¿Está xa? Xa están repartidas as papeletas.

Prégolle á secretaria que comece o chamamento.

**A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez):** Grazas, presidente.

*(A señora secretaria da Mesa, Arias Rodríguez, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os deputados membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¿Exerceron todos o dereito ao voto? *(Asentimento.)*

Pois procedemos ao escrutinio.

*(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)*

**O señor PRESIDENTE:** Está o escrutinio feito.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos emitidos, 74. Os 74 son válidos.

Don Martín Fernández Prado ten 40 votos; don Antón Sánchez, 14 votos; don Xoaquín Fernández Leiceaga, 14 votos; e dona Ana Belén Pontón Mondelo, 6 votos.

Polo tanto, quedan designados para defender a proposición de lei perante o Congreso dos Deputados, Martín Fernández Prado, Antón Sánchez García e Xoaquín Fernández Leiceaga.

**O señor PRESIDENTE:** E agora pasamos ao punto terceiro da orde do día, que son comparecencias.

**Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar sobre o previsible impacto do *Brexit* para o sector pesqueiro galego, as posibilidades que se abren ante esta nova conxuntura e as accións desenvolvidas con respecto a este asunto**

**O señor PRESIDENTE:** Para presentar a comparecencia, ten a palabra a conselleira do Mar, dona Rosa María Quintana Carballo.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías, moi bos días.

Comparezo hoxe nesta Cámara para dar conta dun asunto que pode marcar o devir do conxunto da Unión Europea, por canto afectará ao *statu quo* en todas as actividades e ordenacións comúns que viñamos mantendo.

Entre os principais aspectos aos que afectará o *Brexit* estará, sen dúbida ningunha, a pesca, unha das áreas regulamentarias con base en políticas comúns a nivel europeo e unha actividade de relevancia na Unión, xa que a industria pesqueira da Unión Europea é a cuarta do mundo, cunha produción duns 6,4 millóns de toneladas de peixe ao ano e que dá emprego a máis de 350.000 traballadores.

Indo a unha focalización máis local, este feito senlleiro terá consecuencias sobre a nosa actividade pesqueira, marisqueira e acuícola e, ademais, na cadea mar-industria, e debemos estar preparados para afrontalas e argumentar na súa defensa, porque nos xogamos que o *Brexit* sexa unha oportunidade ou unha ameaza.

Como é ben sabido, o 23 de xuño de 2016 os cidadáns do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte decidiron mediante referendo abandonar a Unión Europea, da que son membros dende o ano 1973. Fixérono por unha axustada marxe de 3,8 puntos porcentuais, ao acadar o non á Unión Europea o 51,9 % dos votos e o apoio á permanencia o 48,1 %.

Ben é certo que dunha análise por territorios observamos que o principal apoio á postura de permanecer dentro da Unión Europea foi acadado nas principais rexións marítimo-pesqueiras, caso de Escocia e Irlanda do Norte, mais é ben sabida a animadversión do sector pesqueiro británico —tamén o destas áreas— a esta continuidade dentro de Europa.

Unha campaña mediática neste sentido, un aproveitamento político no mesmo rumbo e un desexo de afastarse da organización común da ordenación e xestión pesqueira, obviando, iso si, a necesidade de manter un mercado común para os produtos da pesca, alentaron esa postura e fixérona popular entre o sector marítimo-pesqueiro.

Pero ese referendo *per se* non iniciaba xuridicamente o proceso de desconexión, para iso o Reino Unido tería que invocar o artigo 50 do Tratado da Unión. Así, o pasado 9 de marzo de 2017 a primeira ministra británica enviou a carta oficial invocando ese artigo a Bruxelas, logo de ser autorizada polo Parlamento británico o 17 de marzo de 2017.

Ábrese agora un período de polo menos dous anos de negociacións, dentro do cal será necesario postular os principais aspectos a dividir dentro desa desconexión. Iso sabemos que será longo e arduo, polo que nesa liña debemos estar preparados non só para facer valer a nosa postura dentro de Europa, senón tamén para adecuar os nosos intereses internos co fin de facer fronte ás demandas británicas.

Cabe facer aquí mención ás recentemente publicadas orientacións do Consello Europeo consecutivas á notificación da invocación do artigo 50 polo Reino Unido, adoptadas en reunión

extraordinaria de 29 de abril, onde chama especialmente a atención a contemplación dunha situación de fracaso das negociacións. Para iso tamén debemos estar preparados.

O discurso da premier May, pronunciado en Lancaster House o pasado 17 de xaneiro de 2017, e a publicación do chamado Libro branco do Reino Unido ante o *Brexit* revelaron as ideas principais por parte do Goberno británico para a futura relación coa Unión Europea, e con eses primeiros vimbios, os dunha postura dura, debemos empezar a traballar, contemplando un posible acordo ou a inexistencia do mesmo.

Cabe subliñar que a conversión das ideas nun acordo por desconexión pode tomar múltiples formas. Efectos, non cabe dúbida de que estes van ser fortes. Trátase dun feito inédito en Europa e non son claras, de momento, as súas posibles consecuencias para o propio Reino Unido, para Europa, para a economía, as relacións internacionais e, no que nos ocupa, para Galicia e para o seu sector pesqueiro.

A saída británica do proxecto de integración europea supón que a quinta economía do mundo e a segunda da Unión Europea decide desconectarse dun espazo no que durante máis de corenta anos ten participado xurídica, política, económica e socialmente, e, dentro destes, tamén no que lle afecta á pesca.

Precisamente, en termos pesqueiros estamos a falar dun país con amplos intereses e tradicións neste eido, con caladoiros baixo a súa soberanía e cun dos primeiros entramados pesqueiros —transformadores e acuicultores— da Unión Europea, e iso ponnos diante un duro contrincante.

Por iso Galicia ten que estar preparada. Por responsabilidade e por compromiso temos que facer deste proceso unha oportunidade, freando a ameaza que supón, pois nós, en termos marítimo-pesqueiros, temos moito que dicir, temos que achegar esta palabra aos centros decisorios e facelo en condicións de liderado; liderado en España e liderado en Europa.

Digo isto porque Galicia é unha das rexións máis importantes en materia marítimo-pesqueira da Unión Europea, e esta importancia trasládase ao ámbito social e tamén ao económico.

Posuímos máis do 50 % do emprego marítimo-pesqueiro de España e o 10 % da Unión Europea. Desembarcamos case o 70 % da pesca fresca de España e máis dun 11 % da Unión Europea.

A conserva galega supón o 86 % da produción española, tanto en produción como no valor, e fai que España sexa a primeira zona produtora da Unión Europea e a segunda do mundo despois de Tailandia.

A acuicultura galega produce o 14 % do total da Unión Europea e facturamos o 4,5 % do total da Unión europea. Polo tanto, facemos da pesca, do marisqueo, da acuicultura e da cadea mar-industria un elemento fundamental á hora de abordar o *Brexit* e a súa incidencia. É hora de sumar tamén esforzos para que este paso, senlleiro e preocupante, sexa de ganancia.

Facémolo convencidos, dámoslle a este sector a importancia que ten e queremos que este recoñecemento se reafirme en Madrid e se referende en Bruxelas, porque o valor engadido bruto da pesca e da acuicultura en Galicia é 25 veces superior ao da Unión Europea e máis de seis veces superior ao de España. Por iso traballamos dende o minuto un.

Desde o día 24 de xuño do pasado ano estamos inmersos neste traballo. Nesta data, coñecido o resultado, puxémonos a barallar posibilidades e posibles consecuencias, porque —como dicía— é responsabilidade e compromiso para co sector pesqueiro galego.

A primeira cita de análise e recoñecemento da importancia da pesca neste proceso de desconexión tivo lugar cinco días despois e contou precisamente co embaixador do Reino Unido como destinatario da mensaxe da importancia da pesca galega neste proceso.

Nesta cita mantida polo presidente da Xunta o 29 de xuño xa foi posta enriba da mesa a importancia de manter o acceso ás augas, da necesaria análise do impacto nos mercados e da intención do Goberno da Xunta de estar vixiante no transcurso das negociacións para intentar, na medida do posible, manter a situación actual da frota galega que faena en augas do Reino Unido.

Nese momento xa estaba en marcha a cuestión da realización de análises máis amplas nas que se recollese un plantexamento da cuestión no que avaliar danos e soste argumentos, facendo unha lectura do abano de circunstancias atinxidas e a ter en conta na apertura do proceso negociador.

Necesitabamos eses datos e argumentos e necesitabamos saber como ía ser o taboleiro de xogo; canto e sobre que aspectos deberiamos centrar a nosa atención e cantas e como se dispuñan as posibilidades de transcurso de cada un destes aspectos, especialmente nos temas xurídicos, administrativos, organizativos e legais.

Por iso traballamos dende o primeiro día 24 co Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga, da Universidade da Coruña, para analizar o alcance xurídico e as posibilidades de actuación a futuro neste asunto para a defensa da frota galega, e iniciamos os pasos para definición do alcance e obxectivos dun informe, un estudo, sobre o teor.

Este informe foi encargado oficialmente o día 5 de xullo toda vez que obtivemos o visto e prace do Consello Galego de Pesca, quen se amosou favorable á proposta formulada pola Consellería e quen nesta consulta ratificou a importancia de contar con el.

Este informe, dirixido polo profesor Sobrino Heredia, analiza a retirada do Reino Unido da Unión Europea e as súas posibles consecuencias para o sector pesqueiro de Galicia desde unha óptica do marco lexislativo e administrativo, definindo ese abano de posibilidades da saída, do acordo posterior e de como facer a propia desconexión.

O documento foinos entregado o 20 de agosto de 2016. Nel recóllese que o *Brexit* é un proceso negociador complexo que pode dilatarse no tempo, pois, se ben é certo que todo dependerá dos termos específicos que se fixen nos acordos entre o Reino Unido e a Unión Europea, tamén o é que existen determinados aspectos que dependerán unicamente das decisións unilaterais que adopte o país británico.

No medio desta incerteza, o informe analiza unha serie de escenarios posibles, vinculándoos aos intereses pesqueiros galegos, e expón as seguintes conclusións. O *Brexit* debería concluír cun acordo internacional de retirada, no que se recollerían os termos do proceso de ruptura co ordenamento xurídico europeo, co mercado interior e coas políticas europeas.

A maiores, o *Brexit* podería precisar dun acordo que regule a relación entre a Unión Europea e o Reino Unido, no que se primaría a seguridade xurídica e a estabilidade das relacións económicas e comerciais entre ambas partes, principios asentados nas grandes liberdades que sustentan o mercado interior.

Por outra banda, este proceso podería facer necesario un acordo internacional de pesca de reciprocidade no que se cubrirían as condicións de acceso mutuo aos recursos pesqueiros, destacando a revisión do principio de estabilidade relativa que rexe o reparto de tac e cotas pesqueiras dentro da Unión.

Nun termo importante, sinálase tamén que o *Brexit* podería afectar a seguridade xurídica das empresas galegas con buques con pavillón británico que realizaron no seu día investimentos, incluso defendendo o seu asentamento e desenvolvemento por medios xudiciais, con base nunhas expectativas e un escenario legal que agora podería verse truncado polo peche do acceso ás augas comunitarias.

Podería xerar consecuencias negativas para as actividades pesqueiras nas augas que bordean as illas Malvinas, a posta en perigo das relacións comerciais e o incremento da tensión internacional na zona co Reino Unido e Arxentina.

En relación con isto, entendemos que este aspecto é un dos principais puntos focais do *Brexit* e da súa posible afectación na frota galega, podendo atinxir a 66 buques pesqueiros de bandeira española e arredor de 800 tripulantes que faenan no Gran Sol, aos que hai que engadir outros 20 buques pesqueiros de capital galego e bandeira británica e arredor de 240 tripulantes.

A esta frota, que por xunto posúe unha facturación conxunta directa de 150 millóns de euros, teríamos que engadirle outros 40 buques pesqueiros de bandeira malvina e arredor de 700 tripulantes españois.

En canto á libre circulación de persoas, enténdese que esta non se verá truncada se o Reino Unido e a Unión Europea negocian un acordo que lle permita permanecer no mercado interior, de forma que os dereitos adquiridos pola cidadanía europea: residencia, traballo e establecemento de negocio, poidan ser conservados.

Non é menor este aspecto sabendo que este factor afectaría a arredor 900 tripulantes españois de buques británicos, e que entre eses estarían os que forman parte deses buques de capital galego e bandeira do Reino Unido.

Noutro ámbito de cuestións, cabe dicir que o estudo conclúe que a libre circulación de mercadorías non se verá afectada se o Reino Unido e a Unión Europea negocian manter un equi-

librio entre a entrada dos produtos pesqueiros británicos no mercado europeo e o acceso da frota comunitaria aos recursos pesqueiros nas augas británicas.

Hai que lembrar que a facturación das exportacións de produtos de mar de Galiza ao Reino Unido é sete veces menor que a cantidade que importamos, polo que este aspecto semella ser un elemento importante neste intercambio de factores de negociación.

Ademais, e por outra banda, o *Brexit* fará necesario realizar un seguimento da forma en que se resolverá a participación do Reino Unido nos tratados internacionais —multilaterais ou bilaterais— e a súa presenza nas organizacións internacionais cuxa decisión afecta ao sector pesqueiro galego, especialmente en NAFO e NEAF, e dos que poderían quedar fóra.

Sumado a isto, e dende que se materialice o *Brexit*, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea deixará de ter competencias para resolver os litixios que xurdan entre a Unión Europea e o Reino Unido no ámbito marítimo-pesqueiro, ante o que haberá que acudir aos procedementos previstos no dereito internacional, convencións das Nacións Unidas sobre o dereito do mar, así como ao desenvolvemento doutros novos.

En termos orzamentarios o *Brexit* implicará unha minoración do orzamento da Unión Europea e dos distintos fondos estruturais e de cohesión, o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, o que redundará na recomposición das asignacións e aportacións dos estados membros da Unión Europea.

Por último, o *Brexit* fará necesario realizar un seguimento do que aconteza coa presenza británica nas institucións europeas cara á elaboración e aplicación das políticas pesqueiras, xa que a cesión de competencias do Estado británico cara ás rexións podería dar lugar a catro sistemas diferentes: o galés, o inglés, o escocés e o norirlandés.

Neste senso, cremos que será relevante o traslado do Laboratorio comunitario de referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos dos moluscos bivalvos, que está ubicado no Reino Unido, debido a que as funcións que realiza son de alto impacto na comercialización destes produtos no mercado interior e a que son unha materia de ámbito competencial da Xunta de Galicia.

Dito isto, e tendo en conta a capacidade e experiencia de Galicia neste control e o necesario traslado deste centro, este pode e debe de ser un elemento clave a traballar diante da Comisión Europea co gallo de conseguir que ese laboratorio comunitario de referencia tivese a súa base en Galicia.

Todo este abano de análise foille presentado ao sector o día 8 de novembro no Pleno do Consello Galego de Pesca, e neste punto foi destacado un elemento sobrevido de grande interese para o sector como é a posible revisión do mal chamado principio de estabilidade relativa, toda vez que esta decisión británica abriría unha nova oportunidade, froito dunha situación sobrevida, na que as circunstancias nas que se xustificaron no seu día o uso dese criterio farían viable a súa revisión.



Deberíamos ter en conta que boa parte da cota británica é pescada nas súas propias augas, e que a redistribución de cotas deberá contar coa negociación con outros estados ribeiráns como Noruega, Islandia ou as Illas Feroe.

Ademais desta presentación e debate co sector, o informe do Instituto Salvador de Madariaga foille remitido ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, á representación permanente de España ante a Unión Europea, e tamén lle foi entregado oficialmente a DG MARE para a súa análise e consideración.

En definitiva, o informe elaborado e entregado define unha situación na que o *Brexit* non ten por que prexudicar o sector pesqueiro galego. Haberá aspectos nos que incluso poida mellorar a situación e haberá outros nos que poida empeorar, e a cuestión fundamental será a negociación e a importancia que teña a pesca neste proceso.

En todo caso, sabemos que o fundamental é facer un seguimento continuado das negociacións, preparar as posturas que defenderá a Unión Europea, buscar as vías de acceso ao proceso decisorio e facer que a pesca sexa unha cuestión de peso nos comités de traballo que negocien como se plasmará o *Brexit*.

Xa que logo, esta tese de seguimento continuo é a que estamos aplicando día a día. Comezamos ese movemento de análise cun elemento clave como é a invocación do artigo 50 por parte do Reino Unido e a definición dos parámetros por onde queren que discorra o proceso, o que nos define un *Brexit* duro tanto nas palabras da premier británica como no documento do chamado Libro branco.

Ademais, esta postura foi respostada con firmeza polas instancias decisorias da Unión Europea tanto dende o Consello como dende o Parlamento, e dentro deste especialmente desde a Comisión de Pesca, que definiu varios aspectos a incluír necesariamente no acordo de saída, entre os cales se atoparían tres elementos claves para nós.

O primeiro, acceso recíproco das frotas da Unión Europea e do Reino Unido nas zonas de pesca das augas do Reino Unido e da Unión Europea, sen ampliación da cota de oportunidades de pesca do Reino Unido nas organizacións rexionais de pesca como NEAF.

Segundo. Conceder ao Reino Unido o acceso aos mercados da Unión Europea de forma recíproca e sometida ao acceso aos caladoiros.

Terceiro. Asegurar o mantemento das mesmas condicións legais para os buques pesqueiros rexistrados no Reino Unido, sen exixir un vínculo económico maior.

Con este plantexamento de posturas encontradas, debemos prepararnos, verificando todo o potencial de afectacións posibles, tanto en termos económicos como xurídicos e administrativos. Isto non supón ser pesimistas, pero si debemos ser realistas e conseguir todos os datos de alcance do impacto do *Brexit* e argumentos necesarios para minoralos e revertelos dende Galicia e dende Europa; é dicir, pensar no mellor pero preparados para o peor.

Neste senso, cómpre facer o que xa estamos a facer: unha planificación dos traballos que dea amparo a ese necesario seguimento, e a nosa folla de ruta para este ano estará centrada, tras a elaboración do informe xurídico-administrativo, nunha primeira cuestión de seguimento e argumentación como é o factor económico. Esta análise perentoria debe vir centrada na cuestión da prospección do impacto económico da retirada do Reino Unido en cada un dos subsectores da cadea mar-industria, de cara á búsqueda de saídas e apoios para minimizar este impacto.

Neste momento estase a elaborar un informe sobre o teor baixo a coordinación da profesora de Economía Aplicada e experta en Economía Pesqueira da Universidade de Santiago dona María do Carme García Negro, autora tamén das táboas input-output da pesca galega.

Nun primeiro avance serán analizadas as cuestións básicas sobre o posible impacto por cese da pesqueira e de acceso ás augas principalmente dos buques que faenan en augas británicas e nas Malvinas. Tamén se dispoñerán as liñas de afectación inducida ou derivada da participación do Reino Unido nas cotas pesqueiras de NEAF e do acceso comercial aos mercados europeos, que forman parte dunha posterior avaliación en función da evolución das negociacións.

Hai que ter en conta que a interrelación entre extracción, produción e comercialización pode achegar consecuencias e afectacións indirectas non contempladas, polo que a cadea de derivacións debe ser analizada a fondo nunha segunda fase de revisión das ramificacións desta saída do Reino Unido da Unión Europea.

Partindo desa análise, a folla de ruta do traballo a desenvolver para o fortalecemento da posición da estrutura marítimo-pesqueira galega ante o *Brexit* ten que vir dada nunha dobre vertente: interior e exterior.

Na interior cómpre seguir desenvolvendo os traballos de estudo e análise da situación, especialmente conforme avance o proceso negociador, e a búsqueda de argumentacións para a defensa das nosas posicións e da toma en consideración das mesmas por parte dos negociadores españois e europeos.

Neste senso, a conformación dun grupo de traballo *ad hoc* no seo do Consello Galego de Pesca, conformado no último Pleno do mesmo, debe de servir para canalizar e impulsar esa tarefa, e dentro do mesmo procederase a analizar e complementar as análises xurídicas e económicas que se elaborarán.

Estas análises estarán centradas —como dicíamos— nos impactos económicos básicos e derivados das consecuencias dos postulados básicos de negociación por parte do Reino Unido e a Unión Europea sobre a estrutura marítimo-pesqueira galega, na posible acollida do Laboratorio comunitario de referencia para seguimento dos contaminantes virais e bacterolóxicos dos moluscos bivalvos e nas posibles consecuencias do *Brexit* na asignación e distribución do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca para Galicia.

Estes informes estarán dispoñibles de forma progresiva de aquí ata finais de ano, e irán abordándose de forma secuenciada dentro deste grupo conforme a evolución das negociacións, co gallo de analizalos e complementalos na medida do posible.

Para a realización destas análises tiraremos de profesionais de recoñecido prestixio integrados en entes como o Instituto Salvador de Madariaga, o Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, o [...] da Autoridade Portuaria de Vigo e o propio Cetmar.

A maiores, cómpre facer valer esta información como argumentación da importancia pesqueira galega sobre a posición de España no marco negociador europeo, para o que se desenvolverán contactos periódicos coa Secretaría General de Pesca e cos ministerios correspondentes.

No punto de vista exterior, a actuación no seo de España efectuarse sen menoscabo da acción a desenvolver por Galicia no exterior, que será coherente e coordinada coa desenvolvida polos ministerios correspondentes e a representación permanente de España na Unión Europea.

A liña fundamental será a de difusión e argumentación da importancia da pesca no seo da negociación Unión Europea-Reino Unido, e, dentro dela, a defensa dos intereses do sector pesqueiro galego neste proceso.

Asemade, tamén será importante a recollida de información procedente do sector, doutras rexións e estados membros con afeccións semellantes e con intereses conexos, de cara a artellar posicións comúns diante da negociación. Para iso desenvolverase unha xeira de contactos periódicos, nos que se aproveitará a presenza de Galicia nos marcos decisorios e de debate no ámbito europeo para facer entrega dos informes e análises dispoñibles.

Aproveitaremos a presenza en Bruxelas como representante de todas as comunidades autónomas para acudir aos Consellos de Ministros de Pesca da Unión Europea durante o segundo semestre, manter encontros e facilitarlle as análises á Comisión Europea e, dentro dela, á DG MARE, ao Parlamento Europeo e, dentro del, á Comisión de Pesca, así como á representación permanente de España ante a Unión Europea.

Queremos tamén contar co apoio do Comité Económico e Social Europeo a través da sección NAT, con especial relevancia dos membros da Confederación Española de Pesca na mesma, así como doutros entes como o Comité das Rexións ou a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas.

Nesta última entidade aproveitaremos as xuntanzas trimestrais de coordinación do grupo Pesca e o liderado no grupo específico *ad hoc* sobre o *Brexit* conformado no Arco Atlántico.

O traballo con outras rexións, de cara a buscar elementos de conexión e alianza, será tamén reforzado a través da Conferencia do Arco Atlántico e mediante xuntanzas bilaterais, principalmente con rexións de Francia (Bretaña e Pays de la Loire) e Irlanda (Northwestern).

Asemade, queremos aproveitar a presenza de Galicia na feira Anuga, en Colonia, para traballar con outros estados membros. Por iso propugnaremos o intercambio de información con responsables de länders alemáns con intereses pesqueiros, principalmente a Baixa Saxonia e Schleswig-Hollstein, e con representantes de asociacións pesqueiras alemás.

Ademais, tamén queremos estender este labor aos Países Baixos, Dinamarca e Francia, e, aínda que poida parecer un paradoxo, a outras rexións do Reino Unido con grande importancia pesqueira como Shetland e Escocia, porque ás veces temos máis en común do que pensamos e, nunha negociación con intereses semellantes, mesmo podemos obter puntos de unión.

Por último, xa estamos en contacto e afianzaremos o mesmo con entidades pesqueiras representativas a nivel europeo e traballaremos tamén en común coa [...], conformada por organizacións de España, Bélxica, Dinamarca, Francia, Alemaña, Irlanda, Holanda, Polonia e Suecia, integradora da Europêche e a EAPO, principais entidades de representación pesqueira europea.

Temos traballo por diante e temos, a bo seguro, que ir reposicionando elementos e argumentos nun proceso vivo, que non será curto nin doado, no que deberemos sustentar cada paso para facer da necesidade virtude e evitar que a dispersión dos esforzos nos leve a chegar información deslabazada aos negociadores estatais e europeos.

Creemos que coas achegas de todos e todas podemos seguir mantendo o liderado neste proceso e facer valer os nosos argumentos. Contamos coa achega dos expertos pero tamén coa achega do sector neste labor. Queremos e debemos liderar este proceso, e neste camiño xa imos por diante porque tan só Bretaña ten algo realizado neste aspecto, se ben cun alcance moito máis xeral. Por iso tamén debemos e queremos contar co apoio de todas as señorías, e propóñolles realizar cada semestre unha sesión monográfica, na Comisión 8ª, na que se dea conta da información dispoñible e se proceda a analizar e complementar os informes e argumentos.

Todos facemos falla neste proceso, e creo que todos nos debemos implicar polo ben do noso sector marítimo-pesqueiro.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día a todos e a todas.

Moi bo día, señora conselleira.

Eu, a verdade, díxenlle na súa anterior comparecencia que o problema da pesca en Galiza e como abordar as consecuencias derivadas da saída da Unión Europea do Reino Unido non está tanto nos argumentos a respecto de cal é o peso do sector do mar en Galiza, pois parece evidente que eses datos son máis que sabidos —aínda que está ben ordenalos, volver analízalos e poñelos branco sobre negro—, porque a realidade da situación do sector en Galiza

non variou desde esta decisión dos cidadáns da Gran Bretaña, do Reino Unido, de abandonar a Unión Europea.

O que nos preocupa no BNG, de entrada, son dúas cuestións. Por un lado, está a negociación da Unión Europea co Reino Unido. ¿Quen vai levar esa negociación? ¿Quen vai defender os intereses de Galiza? ¿Galiza vai ter voz directa alí onde se van ter que tomar as decisións? Desas cuestións vostede non dixo nada ao respecto. Falou de cal é a situación, de cales son os informes, de cales son os datos, pero o que vostede hoxe aquí non dixo é cal vai ser o peso político que está disposto o Goberno galego a exercer para que Galiza teña voz directamente alí onde se toman as decisións; as decisións da Unión Europea, do conxunto dos 27 negociando co Reino Unido.

Mais despois está a negociación dentro dos 27, que é a parte que máis nos preocupa ao Bloque Nacionalista Galego, cal vai ser a negociación dentro dos 27. Porque a realidade ata o día de hoxe é que, nesas negociacións dentro da Unión Europea, Galiza sempre saíu perdendo.

É evidente que as consecuencias do *Brexit* poden ser múltiples e variadas, pero fundamentalmente as consecuencias para Galiza pasan por que Galiza estea alí onde se deciden as cuestións, onde se toman as decisións. E é moi importante como se negocie, cales son os datos, pero tamén quen o negocie e que peso estea disposto a defender.

A primeira pregunta é se a Unión Europea vai defender a pesca galega cando menos coa mesma intensidade coa que o Reino Unido vai defender a súa. E non é unha pregunta baladí, señora Quintana. Non é canto vai defender a Unión Europea a pesca en xeral, senón canto vai defender a Unión Europea a pesca galega. Se polo menos coa mesma intensidade que, evidentemente, o Reino Unido a súa. Porque vostede dixo aquí que foi o sector do mar do Reino Unido un dos que máis se posicionou a respecto da súa saída da Unión Europea porque consideraba que a política da Unión Europea non era beneficiosa para os seus intereses.

Preocúpanos tamén que na recente visita do presidente da Xunta á Unión Europea —a onde foi deixar eses informes— dixo que era fundamental facer un labor de sensibilización, primeiro, co Estado español. É dramático que a estas alturas, e despois de saber cal é a relevancia da pesca en Galiza, aínda teñamos que estar facendo labores de sensibilización co Estado español. Claro, é que vai ser o Estado español o que negocie dentro da Unión Europea. Hai que facer labor de sensibilización cos comisarios ou coas comisarias e labor de sensibilización dentro da Unión Europea. E o que eu lle pregunto é en que van consistir eses labores de sensibilización.

O que nos preocupa no BNG é que o dramático é que vai ser a Unión Europea quen vai negociar, quen vai defender teoricamente os intereses da pesca galega co Reino Unido. A Unión Europea, responsable da desfeita no sector; a Unión Europea, responsable de todas as medidas que supuxeron o desguace de barcos, a perda de peso, a perda de forza de Galiza no mar, vai ser a que teoricamente vai defender os intereses de Galiza. Entón a pregunta é que podemos agardar desa Unión Europea, nesas negociacións a respecto da pesca galega, cando é a responsable de todas as medidas que se foron tomando e que, dende logo, non foron en

beneficio do sector. Que podemos esperar do Estado español, que nada ten feito por defender o sector do mar galego.

Desde a integración na Unión Europea no ano 1986, o mar galego pasou de ter un corpo forte, robusto, san; de ser a primeira potencia pesqueira na Unión Europea, a que hoxe a primeira potencia pesqueira sexa Dinamarca. E non é por casualidade, é froito das decisións que se foron tomando.

No ano 1973 a entrada de Gran Bretaña, Dinamarca e Irlanda na Unión Europea significou unha nova forma na pesca comunitaria, porque nos xermolos do que é a Unión Europea de hoxe en día a pesca nin estaba. Xa non é que fora pouco relevante, é que non estaba. Empezou a estalo cando esta entrada de Gran Bretaña, Dinamarca e Irlanda. Cando no ano 1981 Gran Bretaña e Francia derrogan o que era a liberdade de acceso en augas comunitarias, que sería o lóxico, ¿non?

Se se nos di que estamos na Unión Europea da liberdade de movementos ¿por que o Estado español aceptou un marco onde, por exemplo, máis da metade das descargas dos barcos galegos teñen que facerse en portos do Reino Unido e non poden facerse en portos galegos? ¿Por que logo hai que transportar ese peixe por mar? Ese marco onde hai estados de primeira, estados de segunda e logo estamos as nacións sen estado —como é o caso de Galiza—, que non temos nin voz nin voto.

Un acordo que logo se consolidou coa política pesqueira comunitaria do ano 1983, onde se introduce o principio de estabilidade relativa, que significa establecer uns principios polos que a pesca pasa a ser determinante para determinados países, contémpanse uns históricos dos últimos seis anos, ata 1983 —onde Galiza non tiña anotados nin históricos nin estaba na Comunidade Europea—, e o resultado diso é que, co peso que ten o mar en Galiza, no Estado español se teña un 7 % de cota fronte ao 40 % que teñen outros estados que o seu peso na pesca era moito menor e relativo.

A realidade é que na Unión Europea non existe unha política de pesca comunitaria. O que existe na Unión Europea é o plantexamento dunha política pesqueira sobre a base da protección dos intereses dalgúns países comunitarios. Esa é a parte que realmente nos preocupa porque Galiza é unha zona altamente dependente da pesca. Así, 120.000 persoas viven de xeito directo ou inducido da pesca, nun país de 2.700.000 habitantes. Cun volume de negocio na conserva que é a segunda actividade económica de Galiza. É a segunda potencia mundial e a primeira na Unión Europea, e no Estado español a conserva significa o 86 % da produción. E toda esta potencialidade contrasta coa situación política de defender eses intereses.

O problema do mar en Galiza é un problema político, é o problema da falta de soberanía, o problema da capacidade de decisión, o problema de que outros deciden por nós e contra nós. Deciden en función dos seus intereses e non dos intereses da pesca galega. E eses son os que van volver negociar co Reino Unido e dentro da propia Unión Europea. Co cal a seguinte pregunta, señora conselleira, é se se está pulando realmente para que isto signifique a revisión do principio de estabilidade relativa. Un principio de estabilidade relativa que se introduciu en función dos intereses do Reino Unido, de Dinamarca e de Irlanda, e coa saída do



*Brexit* —fundamentalmente na parte de Escocia no que se refire ao Reino Unido—, coa saída do Reino Unido, esta situación é moi outra. Entón ¿van realmente facer presión o Goberno galego e o Goberno español para que ese principio de estabilidade relativa —tan negativo para o mar galego— realmente se modifique e se estableza con base nuns criterios realmente xustos e equitativos que sirvan para que haxa un contorno onde se poida crear emprego e riqueza en función das necesidades e da capacidade real das pesquerías? ¿Ou vai seguir sendo en función de quen máis pesa na Unión Europea?

Eu teño que trasladarlle tamén hoxe á señora conselleira a preocupación dos mariñeiros, que se senten burlados, discriminados e ninguneados. Os mariñeiros e os barcos que estes días están vendo como teñen que tirar peixe ao mar mentres outros barcos están a pescar en augas galegas a xarda. *(Aplausos.)*

Están tendo que tirar xarda ao mar, señora Quintana, *(Aplausos.)* que enmalla accidentalmente, que entra nas redes. Non lle poden poñer un carteliño dicíndolle á xarda “non entrar”. Teñen que subir esas redes e teñen que tirala ao mar morta —como vostede sabe—, o que significa un dobre traballo. E non é casualidade, realmente é a consecuencia de que vostede, o seu Goberno, o Goberno galego e o Goberno español, non ten ningunha iniciativa máis alá de facer seguidismo da política pesqueira común, de permitir que Madrid impoña un modelo de reparto que establece cotas para o xeito ou para a pesca accidental...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...un reparto individual que realmente significa a ruína para moitos dos nosos barcos, señora Quintana.

Se hoxe vostede nos pide aquí que nos poñamos todos detrás dos intereses de Galiza e fagamos unha fronte común para defender na Unión Europea —non soamente fronte ao Reino Unido, senón tamén fronte os demais países da Unión Europea— os intereses reais da pesca de Galiza, díreille que si, que o BNG está para poñerse nesa fronte común. O que non me parece tan ben é que vostede veña hoxe aquí despois dun informe, doutro informe e outro e que non nos pasara a este Parlamento nin a estes grupos parlamentarios ningún deses informes. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** A pesar de acordos neste Parlamento onde amosamos esa boa vontade de que esta saída do Reino Unido se converta nunha oportunidade e non nun problema; de que Galiza non volva ser moeda de cambio e o mar galego non volva ser moeda de cambio.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Pero vostede, máis alá de vir hoxe aquí buscar un titular, terá...

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...—remato, presidente— que mostrar...

**O señor PRESIDENTE:** Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...algunha vontade de que quere realmente contar cos grupos...

**O señor PRESIDENTE:** Xa está concluído o seu tempo, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...políticos presentes nesta Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Dous minutos por encima do tempo.

Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Grazas, señor presidente. Bo día.

Bo día, señora conselleira.

Como gabinete de prensa está moi ben a súa intervención porque nos contou un montón de datos que tivemos oportunidade de ler na prensa. Pero como responsable política, como responsable desta consellería, non podemos dicir o mesmo.

Ao final dinos que Galicia ten que estar preparada, pero ¿como? —preguntámoslle. ¿Que recursos vai destinar Galicia de cara ao *Brexit*? ¿Que demandas vai facer Galicia co Goberno de España? ¿Como vai estar representada Galicia? ¿Por quen? ¿Vai estar representada por Michel Barnier ou vai estar representada por alguén directamente?

E tamén lle diría unha cousa. Pide que fagamos unha fronte común neste Parlamento. A nós tampouco nos chegou o informe da Universidade da Coruña, non nos chegou nada, así que o primeiro que lle pediríamos tamén, xa que se están destinando recursos públicos para facer informes, é que os comparta. Pediríámoslle transparencia. (*Aplausos.*)

O *Brexit* vén hoxe aquí a pleno e non é para menos, porque o sector pesqueiro é un sector estratéxico para a economía española, pero en xeral para Galicia, e Galicia co *Brexit* xógase moito. Nas decisións que se adopten no proceso de desconexión do Reino Unido e da Unión Europea xogámonos o noso presente e xogámonos tamén o noso futuro.

Vaise decidir sobre cuestións fundamentais como a libre circulación de persoas, a libre circulación de mercadorías, as relacións comerciais, as relacións financeiras etcétera. E todas estas son cuestións fundamentais. Polo tanto, para que a pesca teña espazo nas negociacións, para que o sector teña o que precisa e o que demanda dentro destas cuestións fundamentais, para que o *Brexit* sexa realmente unha oportunidade fronte ás ameazas que

supón, é preciso que os esforzos do Goberno se centren precisamente en acadar estas oportunidades.

A pesca, polo tanto, debe formar parte das negociacións non como moeda de cambio, senón como cuestión fundamental a tratar, porque —como dicíamos— Galicia xógase moito, e é unha cuestión fundamental impedir que Reino Unido siga desfrutando das vantaxes que supón a Unión Europea sen contribuír ao orzamento, sen contribuír coas súas augas e sen contribuír, en definitiva, á Unión Europea. Esa debería ser a súa primeira liña vermella.

Pola súa importancia, e recordando a complexidade cando se foi Grenlandia da Unión Europea —aínda que son situacións totalmente distintas—, está claro que este tema do *Brexit* estará aquí presente no Parlamento galego pero tamén estará moi presente na rúa, velando polos intereses do sector.

Por iso, señora conselleira, pedímoslle unha vez máis, e hoxe máis que nunca, que neste proceso que se caracteriza pola incerteza, pola inseguridade que está causando no sector, non divida o sector. É necesario consensuar, aproveitar as sinerxías e non facilitar conflitos. O enfrontamento non produce riqueza, non produce beneficios aos traballadores. Non divida o sector.

De acordo coas oportunidades, unha das principais oportunidades que se presenta co *Brexit* parece mudar o principio de estabilidade relativa, cando a Unión Europea, cando o Reino Unido, Dinamarca e Irlanda no comezo condicionaron a política pesqueira pero, sobre todo, a posta en común de posibilidades de pesca.

Este principio xustificouse naquel momento polas necesidades de rexións altamente dependentes da pesca como eran Escocia, Grenlandia e a costa de Irlanda. Cando sexa firme o abandono do Reino Unido, só quedará unha das tres rexións, porque Grenlandia xa se foi. O abandono da Unión Europea polo Reino Unido debe ser unha oportunidade de adaptar a política de pesca a unha realidade moi distinta á que había naquel momento, en 1983.

A xestión pesqueira mudou cara a outro enfoque, un enfoque que non había naquel momento. Polo tanto, o modelo actual xa non responde á realidade e aquelas tres rexións altamente dependentes da pesca xa non formarán parte da Unión. A fotografía non é a mesma, polo tanto, non cabe dúbida de que mudar o principio de estabilidade relativa é unha oportunidade que Galicia non debe deixar escapar. Un principio segundo o cal as cotas fixadas supoñen unha menor valoración para a frota española e tamén para Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista xa temos rexistrada unha iniciativa na que demandamos ao Goberno galego que faga as xestións necesarias co Goberno de España, e á súa vez coa Unión Europea, para que nestes axustes que se van levar a cabo cando o Reino Unido abandone a Unión Europea se inclúa modificar ese principio de estabilidade relativa e que na política pesqueira común se teña en conta a especial dependencia da pesca dos diferentes países que existen na actualidade. Polo tanto, oportunidade que non debemos deixar escapar, que terá que estar na mesa de negociación: mudar o principio de estabilidade relativa.

Tamén a obriga de desembarcar todas as capturas e imposición de que non haxa descartes nos totais admisibles de captura e cotas, que tamén afecta ao sistema de cotas tal cal se está a traballar agora mesmo. A flexibilización deste modelo para garantir o futuro do sector.

Pero existen outras cuestións que non están tan relacionadas, que van máis alá da xestión dos recursos pesqueiros e que supoñen auténticas ameazas; dalgunhas xa nos falou aquí, como os barcos con capital galego e bandeira británica. Ameaza real da perda de pavillón británico. Trátase de embarcacións para as cales se fixeron importantes investimentos e seguramente houbo que asumir endebedamentos, contratación de persoal etcétera, todo con base nunha situación que se ve modificada como consecuencia do *Brexit*.

Tamén falamos —preocúpanos— dos barcos que teñen bandeira española e faenan en augas británicas, que van deixar de ser augas comunitarias, co cal ¿a posibilidade de acceder aos recursos nesas augas para barcos galegos vai ser a mesma? Vai ser unha preocupación importante. ¿E nas augas e nos territorios do ultramar británico, as illas Malvinas? Todo isto vai depender da vontade política e da importancia que teña a pesca nas negociacións.

Precisamente, en canto á circulación de persoas e respecto aos traballadores galegos, aínda que estamos a falar de pesca, todos temos algún familiar ou algún amigo que emigrou ao Reino Unido, especialmente xoves con formación superior. Neste caso concretamente, en relación coa pesca, ¿que vai pasar cos traballadores galegos que están desenvolvendo a súa actividade no Reino Unido? ¿Que vai pasar cos nosos mariñeiros galegos?

Polo tanto, hai ameazas importantes sobre as que a Consellería debe estar moi atenta e actuar en lexítima defensa do sector, e desta forma evitar que se produzan prexuízos graves nos que —como dicíamos ao principio— Galicia se está xogando o seu futuro.

En definitiva, unha longa lista de incertezas na que Galicia —como dicíamos— se xoga o futuro. Algunhas —pocas— son oportunidades que non deben deixarse escapar, como a revisión do principio de estabilidade relativa ou a flexibilización da prohibición de descartes. Outras, as máis, son ameazas, e é preciso mitigalas a través de acordos internacionais, como a posibilidade real de non poder faenar en augas británicas, a perda de pavillón para embarcacións de capital galego e tamén a libre circulación dos nosos mariñeiros.

Pero para que estas oportunidades se poidan alcanzar, para que estas ameazas teñan as menores consecuencias, é preciso que a pesca teña un peso propio nas negociacións e adquira relevancia especial na axenda de negociacións. En calquera caso, un longo camiño por percorrer que vai precisar escoitar o sector e non dividilo.

Galicia xógase o seu presente e xógase o seu futuro, polo tanto, é preciso poñer todos os medios posibles para que esta ameaza do *Brexit* se converta nunha oportunidade. Non permita que a pesca sexa moeda de cambio. E como lle dicía ao principio, sobre todo, con transparencia. Se teñen informes, se vai evolucionando, o que teñen que facer é compartir estes informes cos grupos parlamentarios que están aquí, representando os mariñeiros, a xente do mar; e tamén coa xente da rúa. Compartir e con transparencia, porque en Galicia todos e todas nos xogamos moito.

Máis nada. Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Toja.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Boas a todos e todas.

Presidente, señorías, señora Quintana.

Non é a primeira vez que teño que subir a este atril para ser ou intentar ser, polo menos, con toda humildade, un pouco a voz deste sector —o meu sector familiar en todas as súas artes— que é un dos piares básicos da nosa sociedade, do noso país, de Galicia, tanto económica como —atrévome a dicir— sentimentalmente; un sector que outra vez se sente terriblemente vulnerable.

Nesta ocasión falamos dun dos colectivos que faenan nunhas das augas máis duras e máis perigosas, dos traballadores do Gran Sol. A frota do Gran Sol, xunto coa frota das Malvinas, é un dos sectores insignia da nosa pesca —vostede xa o sabe—, referentes na pesca de altura, e ascende nestes intres a 1.800 traballadores e 140 buques de capital galego que se ven afectados directamente polo *Brexit* nesta zona.

Paso a desglosar estes datos. Gustaríame comentarlle que estes datos que vou agora aportar veñen sendo froito dunhas xuntanzas onde me pasan información e onde teño que ir buscar información. Como dicían os compañeiros da oposición, como vostedes non nos pasaron ningún tipo de informe nin ningún tipo de dato para poder ter este debate de maneira seria, o venres pola mañá estiven reunida con investigadores mentres membros do seu grupo, con total desvergonza e facendo o ridículo, dicían que eu estaba no «Tramabus»; un «Tramabus» que saía ás tres da tarde.

Eu estaba reunida con investigadores e con técnicos expertos, independentes, cos cales vostede di que vai contar, que lle fan pasar a vostede un ridículo espantoso no momento en que xente do seu grupo lle fan un fraco favor dicindo que eu estou nun sitio no que non estou en vez de estar con quen estou, que é con investigadores —repito— independentes, porque a nós, dende o Grupo de En Marea, gústanos dar debates serios.

Por suposto que temos diferenzas de modelo importantes, pero hai cuestións que non son ideolóxicas, son de sentido común, e hai que ter datos para poder dar os debates de maneira exemplar e de maneira seria e sensata. E dígollo porque, da mesma maneira que din isto, tamén din algunhas compañeiras súas, do seu partido, que todos son corruptos, que todos os políticos son corruptos.

Referirase, sobre todo —imaxino— aos do seu grupo. Eu, dende logo, creo que non todos vostedes son corruptos —podemos ter moitas diferenzas—, pero si creo que o seu partido é corrupto, que é un partido imputado, e creo que temos que ter seriedade á hora de abordar certas cuestións, estas sobre todo.

O que me alegra é que vostede se remita a un informe ao cal me remitiron esta xente técnica, esta xente independente, que está na páxina de Arvi, o informe de Sobrino Heredia sobre o *Brexit* e as súas posibilidades e consecuencias para o sector pesqueiro de Galicia, que está —repito— publicado na páxina de Arvi. O que me sorprende é que vostede lea un informe doutros en vez de falar dos informes da Xunta.

Este di que os buques de pavillón español ou británico, pero de armadores españois galegos, faenan dende hai anos en augas baixo a soberanía... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿É un informe seu? Parecía que era un informe independente, pero se é da Xunta, nada, ¡perfecto! Faenan dende hai anos en augas de soberanía británica, é onde pescan os buques galegos.

Como vostede saberá, coa entrada de España na Comunidade Económica Europea en 1986 produciuse unha regulación do censo da mesma que reduciu o número de buques en 300. Na actualidade as posibilidades de pesca en augas xurisdicionais británicas para buques con pavillón español ou galego diminuíron, polo que o volume de peixe extraído por estes barcos baixo cota, que despois se comercializa nos portos galegos, segundo datos proporcionados tamén por Arvi. En augas británicas, os 62 buques que traballan anualmente, capturan unhas 22.000 toneladas ao ano.

Cando se trata da frota española que faena no Gran Sol, habitualmente non se contan os 140 abandeirados no Reino Unido, cuxos armadores si son galegos, a maioría son galegos. A existencia dun importante número de barcos con pavillón británico, pero orixinarios de Galicia, barcos de capital español que enarboran o pavillón británico, dos que vostedes falou, é un dato crucial para facer unha análise sobre estas cuestións.

Por distintas circunstancias, as autoridades británicas endureceron as concesións para o rexistro aos buques pesqueiros no Reino Unido, e como consecuencia disto cambiou a regulación. Isto tamén o contiña o informe. Polo tanto, ese informe di que —trala retirada do Reino Unido da Unión Europea— o posible escenario podería ter as seguintes implicacións para o sector empresarial pesqueiro galego propietario desta frota.

En primeiro lugar, posibilidade real da perda do pavillón británico. En segundo lugar, dificultade de acceso aos recursos en augas británicas. En terceiro lugar, maior complexidade de custos debido ás diferentes regulacións entre o Reino Unido e a Unión Europea. En cuarto lugar, incremento de traballo debido á fiscalidade, regulación e sistemas. En quinto lugar, dificultade de cooperación e fusión con empresas británicas.

Como vostede leu xa este informe e xa o citou aquí, o que botamos en falta é saber cales son as propostas da Xunta e da súa consellería para a negociación que vai ter que levar a cabo o Estado español, e esperamos que nela Galicia teña a voz prioritaria. ¿Cales son as súas propostas? Porque é que non sabemos nada do que van negociar, que é realmente do que queríamos falar.

Cómpre lembrar que só unha minoría de buques resisten con bandeira propia, coa bandeira galega, e tiveron que optar polo pavillón galego-español, polo pavillón británico ou polo



despece; unha medida que paradoxalmente os beneficiou nun primeiro momento. Baixo bandeira estranxeira, aínda que as armadoras teñan a súa orixe en Galicia, a normativa europea permitiulles manter un continxente maioritario de tripulantes galegos. Pero coa entrada en vigor do *Brexit* vemos que cambia radicalmente este marco, e xa non teremos a liberdade de antes para poder levar nos nosos buques traballadores galegos porque non vai haber liberdade de tránsito, prexudicándonos seriamente.

Falamos, polo tanto, de que este sector pode sufrir un grave varapao nas futuras negociacións, e preocúpanos, vendo como case sempre Galicia pinta pouco para o PP a nivel do Estado. Ese partido que para vostedes é outro, que non é o seu, do cal forman parte da executiva o señor Feijóo e o señor Tellado pero que non é o mesmo. O que si observamos é que nunca defenden realmente os intereses dos galegos e galegas, senón que estamos nunha condición de subalternidade.

Coa entrada en vigor do *Brexit* atopámonos nesta posición na que imos depender da súa vontade política, e pode ser, por unha banda, un momento de gran prexuízo para o noso sector e para Galicia, ou pode ser unha oportunidade para que esta frota poida ter unha boa xestión política que se faga de xeito sensato, defendendo a nosa xente e con transparencia, porque a día de hoxe non temos información do que está a pasar.

O Goberno do Estado e da Xunta deben estar á altura das circunstancias, e se realmente cren no sector do mar como sector prioritario da nosa economía, á hora de renegociar os acordos tanto coa Unión Europea como co Reino Unido teñen que garantir absolutamente os nosos intereses e os da nosa xente.

Falamos dun sector de 1.800 traballadores e todas as súas familias, cun volume de negocio anual para a pesca galega, nestas zonas afectadas polo *Brexit*, de 240 millóns de euros; iso directamente, sen contar toda a economía indirecta.

Estamos de acordo en que o Reino Unido, en principio, vai ter autonomía, vai depender deles o que fagan con respecto a estas cuestións. Tamén é certo que, se é necesario confrontar desde a Unión Europea, vostedes teñen que ter forza para confrontar desde a Unión Europea, para iso están aí. Pero precisamente por iso non podemos esquecer que este estado membro —como xa se comentou— dende a súa incorporación á Unión Europea gozou dunha situación privilexiada sobre o resto dos estados. Ademais, non debemos permitir, precisamente porque está saíndo, que leven eles un pouco a dianteira ou as directrices das negociacións.

A negociación debe ser conxunta, na procura de consensos que satisfagan as partes, a todas as partes. Nós temos uns intereses vitais para a nosa economía, para a nosa xente, por iso nós imos estar pendentes de que así sexa e defender os nosos traballadores. Por iso —insistimos— consideramos que o Goberno español segue a ser negociador directo cando a maioría da frota e a maior parte dos traballadores son galegos, o cal non ten ningún sentido. Dende En Marea nós tamén consideramos, como grupo propio galego que defende a autonomía de Galicia para estas cuestións, que é Galicia a que ten que liderar estas negociacións, que teñen que ter os galegos e as galegas voz propia e que teñen que estar defendidas desde Galicia. Non se pode defender a pesca desde Madrid, témola que defender desde aquí.

Ademais, tampouco imos permitir que se utilice unha vez máis a pesca como moeda de cambio. Sabemos que para vostedes teñen prioridade outros sectores como o téxtil e a automoción. Moi relevantes, por suposto que si, sobre todo son relevantes para o seu modelo económico de multinacionais, para o produto interior bruto e para as portas xiratorias. Pero tamén é certo que xeran moitísimos menos postos de traballo, e vostede o sabe.

Falamos de milleiros de postos, segundo datos oficiais. Xera moitos máis postos o sector do mar que estes sectores que vostedes defenden tradicionalmente. Igual que o seu modelo é potenciar a acuicultura industrial, que xera menos postos de traballo e destroza incluso os que existen. Non poden machacar a tantas familias a cambio de portas xiratorias e de renderse fronte aos socios da Unión Europea.

E fronte a iso vannos ter enfronte, para colaborar e para defender os galegos e galegas nas comisións. Despois falareille do que pasou na última Comisión 8ª, onde demostran a cantos acordos chegan con nós. Dígollo na réplica porque agora non me dá tempo. Pero o que si está claro é que, se van pelexar polos intereses das multinacionais, nos van ter enfronte. Vannos ter enfronte con tramabuses e co que sexa necesario para que a xente saiba o que está a pasar e o que están facendo, con quen están vostedes a gobernar e con quen están vostedes a pactar.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Remato. Esa é unha realidade, o sector está con medo e están preocupados vendo negociacións anteriores cos mariñeiros de Acerga ou de Long Hope, pois ven claramente que non os defenden. Esperamos que neste caso non ocorra o mesmo, por iso imos estar vixiantes. Se van defendelos de verdade, van contar con nós; pero como comprenderá, visto o precedente, temos poucas esperanzas.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular o señor Carlos Enrique López Crespo.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** Señor presidente.

Compañeirás e compañeiros deputados, señora conselleira, bo día.

Despois de escoitar as intervencións anteriores, que non me corresponde a min interpretar, senón á comparecente, á señora conselleira, si que podería dicir que son unhas intervencións que están en clara sintonía co tempo no que estamos, que é a primavera: sucesivos claros e nubes; escuridade e claridade. Houbo intervencións nas que falaban de cousas positivas, pero a maioría eran nubarróns.

Isto ten que ver, talvez, tamén coa situación na que se atopan algúns partidos dos que falaron aquí. Algúns todo nubarróns porque están na súa primavera; están empezando e xa é todo negro. E outros tamén todo nubarróns porque están no seu outono, tempo variable tamén.

De verdade que non se entende como se pode facer unha interpretación da comparecencia da conselleira nestes termos. Desde logo, xa non se entende que se utilice a resposta a unha comparecencia para desculpar unha inasistencia a unha comisión. De verdade, señora Santos, vostede non sei se foi a Vigo, pero se foi a Vigo non estivo con xente da pesca porque a xente da pesca non lle podía dicir o que vostede dixo aquí. E se llo dixo, tiña que dicir que iso tiña as súas fontes no traballo da Consellería e da conselleira de Pesca. Por iso o seu xesto de sorpresa.

E logo atribuírse aquí, no Parlamento, a representación do sector porque eu teña dous irmáns ou tres primos ou catro tíos traballando no mar, ¡home!, iso é un pouco duro. Eu na miña familia teño moitos berberecheiros, mexilloeiros, e non se me ocorre dicir que son o representante. Eu, como moito, son o representante dun partido que traballa día a día para mellorar o Estado de benestar de todos os galegos, e neste caso da xente do mar, que é moi importante, como podemos ver. (*Aplausos.*)

A súa comparecencia, señora conselleira, podemos considerala como tranquilizadora. Tranquilizadora porque nos aclara o que imos facer no futuro —e poño comiñas—, «neste case absolutamente descoñecido futuro». Non sabemos que outros tratados, que outros compromisos e que outros convenios bilaterais entre Galicia e a Gran Bretaña poden vir. Por iso o que vostede nos dixo aquí hoxe púxonos un pouco máis tranquilos. Ante esas dúbidas, a súa intervención tranquilízanos, no senso de que nos pon en evidencia as posibilidades do noso sector pesqueiro, e o máis importante: a nosa capacidade para xestionar esas descoñecidas consecuencias do *Brexit* a través dun estudo programado.

Aproveito para dicir que non habería inimigo maior para a xestión das consecuencias do *Brexit* que os hiperlocalismos aquí tratados nalgún momento das intervencións anteriores.

No ámbito da potencialidade do noso sector pesqueiro danos vostede uns datos verdadeiramente elocuentes sobre a importancia de Galicia en materia marítimo-pesqueira na Unión Europea; importancia que repercute no ámbito sociolaboral e no económico. Escóitenme, escóitenme, señores portavoces anteriores, os datos.

Posuímos o 50 % do emprego marítimo-pesqueiro de España, o 10 % da Unión Europea; desembarcamos case o 70 % da pesca fresca de España e máis dun 11 % da Unión Europea; a conserva galega supón o 86 % da produción española e fai que España sexa a primeira zona de produción da zona europea e a segunda do mundo despois de Tailandia. A acuicultura galega produce o 14 % do total europeo.

Isto díxoo a señora conselleira na súa comparecencia. Son datos importantes que falan da potencialidade desde sector na nosa Galicia e que nos dan forza para seguir negociando. Estes datos xustifican o traballo que está a desenvolver a súa consellería para reafirmarse diante de Madrid —aténdanme ben— e referendarse en Bruxelas. Non é afirmarse, é reafirmarse, como xa o fixo con anterioridade esta conselleira.

Fixo vostede referencia a outros datos con maior vinculación entre Galicia e o Reino Unido. A frota pesqueira galega en augas británicas —dino pero pasan por encima—, 66 barcos de bandeira española con 800 tripulantes; 25 barcos de capital galego e bandeira británica con

240 tripulantes. Arredor de mil traballadores directos neses barcos. Pero logo tamén está a frota pesqueira galega nas Malvinas: 15 barcos de bandeira española con 600 tripulantes. En total, 250 millóns de facturación directa e arredor de 1.500 traballadores. Estes son elementos importantes que nos fan traballar e estudar para facer unha boa xestión ante o *Brexit*.

Tamén temos outro dato importante, do que falou tamén a señora conselleira na súa comparecencia, no que respecta á relación comercial entre a Gran Bretaña e España. Temos que as exportacións de España ao Reino Unido son de 28 millóns, dos que 10 son de Galicia. E as exportacións do Reino Unido a España son 192 millóns de euros, dos que 70 son de Galicia.

Diante de todos estes datos que demostran a importancia e relevancia do sector pesqueiro de Galicia e os posibles cambios operados polo *Brexit*, ofrécenos vostede na súa comparecencia unha elocuente folla de ruta sobre o que xa fixo, sobre o que xa está a facer e sobre o que vai facer. Alguén aquí xa lle pregunta que vai pasar, jaínda estamos empezando as negociacións!

A implicación de toda a consellería e do propio presidente da Xunta; a implicación do Consello Galego de Pesca, que mostrou a súa opinión favorable ao programado desde a Consellería; o compromiso da Consellería de contar co Consello Galego de Pesca sempre; todos os estudos, os informes, os traballos feitos sobre este importante asunto do *Brexit* terán que ser recollidos e valorados polo Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, pola representación permanente de España diante da Unión Europea, pola propia Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da propia Unión Europea, a famosa e coñecida DG MARE.

Todo isto non vai evitar o impacto económico e os efectos en cada un dos sectores da cadea mar-industria. Por iso valoramos tamén ese informe do que falou, que se está a elaborar baixo a coordinación da profesora María do Carme García Negro, sobre aspectos das repercusións económicas da pesca na economía e, neste caso, sobre o *Brexit*.

Estamos seguros de que, de aquí a fin de ano, a súa actividade vai ser intensa tanto na nosa terra coma no estranxeiro. Aquí, co Consello Galego de Pesca e esa comisión que se creou a propósito dentro do Consello Galego de Pesca; coa Universidade galega, co Cetmar, coa Secretaría General de Pesca e os correspondentes ministerios. No estranxeiro vai estar vostede en Bruxelas nos consellos de ministros de pesca, na Comisión Europea, no Parlamento Europeo dentro da Comisión de Pesca e nunha serie de países que se van ver afectados tamén polo *Brexit*, e haberá que estar da man deles para poderlles ensinar as nosas orellas e os nosos dentes tamén se fai falta.

Sabemos que vostede, mentres a escoiten, vai estar falando. Pero vai estar falando con argumentos baseados en estudos xurídicos, en estudos sociais, en estudos económicos, en estudos técnico-medioambientais, e tamén baseadas as súas intervencións nos dereitos que nos corresponden a nós por ser Galicia unha potencia nese sector, cun liderado mundial que vai minorar todas as posibles eivas e consecuencias negativas do *Brexit*.

Aos compañeiros do Partido Popular gústanos tamén da súa comparecencia o compromiso con este Parlamento. Alguén non o escoitou. Dixo vostede claramente: o compromiso de que trimestralmente vai vir a este Parlamento para, nunha comisión monográfica, falar do *Brexit*.

Queridas compañeiras portavoces do BNG, do PSOE e de En Marea, comprométese a traer trimestralmente unha comisión monográfica.

Conselleira, hoxe no Grupo Popular quedamos máis tranquilos. Xa o estabamos, coñecéndoa, pero despois da súa comparecencia quedamos máis pola aclaración que nos ofrece, onde podemos ver un programa de traballo que vai dar os seus froitos.

Conte con nós, ese é o noso traballo. Pero tamén é o orgullo de poder traballar por algo que a bo seguro mellorará a situación da nosa xente do mar. Conte con nós vostede, conte con nós o presidente da Xunta en tan delicado asunto.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor deputado.

Ten turno de réplica a señora conselleira do Mar, señora Rosa Quintana Carballo.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Moitas grazas, señor Crespo, polas súas palabras. A verdade é que, despois de oír os representantes dos outros grupos, teño un certo sabor que non sei nin como cualificalo. Dá a impresión de que me expreso moi mal, de que non me explico ben e de que non son capaz de trasladar todo aquilo no que estamos a traballar e no que queremos seguir traballando a futuro.

Un ten a sensación, ás veces, de que se utiliza esta tribuna simplemente como unha arma política, non como aquilo que eu entendo que debe ser a casa do puebo, que é a defensa dos intereses de todos os cidadáns.

Eu vin hoxe aquí explicar o que estamos a facer en relación ao tema do *Brexit*. Vin dicir o que xa tiñamos feito e os pasos que a futuro queremos seguir dando. Vin buscar o apoio de todas as señorías deste Parlamento para traballar xuntos na defensa dos intereses dun sector que eu entendo que é clave para o desenvolvemento social e económico de Galicia. A cambio diso, non atopei máis que reproches. Eu podo entender os reproches en todos os ámbitos, pero que que se diga unha cousa e a contraria é cando eu me quedo que na escaleira non sei se subo ou se baixo.

Acúsaseme de que veño aquí e digo que estamos a traballar para buscar os argumentos que acrediten a potencia que ten o sector marítimo-pesqueiro en Galicia, e dise que iso xa o coñece todo o mundo. Despois de oír a algunhas das persoas que interviñeron nesta tribuna, teño que dicir que a verdade é que non teñen moi claro o peso do noso sector, porque manexan os datos independentemente do parágrafo que vaian lendo en cada un dos momentos.

Díxose aquí que Dinamarca era a primeira potencia pesqueira da Unión Europea. Pois os datos din que España desembarca o 18 % do total das capturas da Unión Europea e Dinamarca o 13 % —supoño que o 18 % é superior ao 13 %—, pero iso hai que poñelo en papeis

e hai que acreditarlo con estudos para que a xente teña cada día máis claro o que representa o sector pesqueiro galego dentro do territorio da Unión Europea.

Nós estamos traballando con rigor. Acúsaseme de que o informe do *Brexit* non o coñecen, de que teñen uns informes duns técnicos independentes. Mire, eu hai trinta anos que son funcionaria da Administración pública. Traballo con moitos técnicos, e aos técnicos sempre lles pido independencia. As decisións políticas tómanas os políticos, para iso temos a nosa responsabilidade, pero os técnicos, independentemente do que sexan, do que pensen e do que decidan votar cada un no seu momento, mentres están desenvolvendo o seu traballo de técnicos teñen que ser independentes. Eu iso presupóño a todos, e nunca mirei a cor política de ningún técnico á hora de poñerme a traballar con eles. Sempre busquei aqueles que máis coñeceran do sector para que nos axudaran a buscar os argumentos de peso para a defensa dos nosos intereses.

E eu dígolles sinceramente: necesitamos dende Galicia defender o sector pesqueiro galego cos mellores argumentos, e nesa liña é na que estamos. Eu creo que expuxen na miña primeira intervención todos os pasos que imos dar. E cando se pon en dúbida o peso político de Galicia para a defensa dos intereses do sector pesqueiro, creo que na miña primeira intervención quedaba claro que neste segundo semestre imos ter a responsabilidade de representar a todas as comunidades autónomas nos consellos de ministros, en toda a xeira de reunións que penso manter con todos os representantes do sector pesqueiro de todos os países da Unión Europea e con todas as organizacións que representan o sector pesqueiro. Eu creo que iso o deixei ben claro na miña primeira intervención.

Porque dende o minuto un, cando o Reino Unido tomou a decisión de saír da Unión da Europea, decidimos en Galicia que a pesca non podería ser utilizada como moeda de cambio como se fixo no ano 1986, cando se negociou a entrada de España na Unión Europea.

Eu pídolles un pouquiño de rigor, e que cando se din as cousas, miren como se din. O informe que elaborou o profesor Sobrino Heredia é un informe que se lle entregou a todo o Pleno do Consello Galego de Pesca. A maiores diso, invitouse ao propio profesor Sobrino a que viñera explicalo ao Pleno do Consello Galego de Pesca, onde están representados todos os sectores da cadea mar-industria de Galicia. E a continuación da exposición do profesor Sobrino, todo aquel cidadán que nos pediu o informe do *Brexit* tívoo á súa disposición.

A min alégrame que aquí se dixera que é un informe bo e que contempla moitos aspectos porque o revisaron na páxina web de Arvi. Eu teño que dicir que o informe que está colgado na páxina web de Arvi é o informe que lle trasladou a Xunta de Galicia, no Pleno do Consello Galego de Pesca, a todo o sector pesqueiro de Galicia.

É un informe no que se analizan as distintas posibilidades que se nos poden dar á hora de renegociar a saída do Reino Unido da Unión Europea. E a partir de aí, ese é o documento base que nos dá pé a ir analizando cada unha das medidas que se vaian adoptando cando o Reino Unido vaia negociando a súa saída.

O que temos conseguido ata o de agora son as declaracións de quen nomeou a Comisión Europea como responsable da negociación; un señor que nada máis e nada menos foi ministro



de Agricultura e Pesca da Unión Europea, con iso xa se está dando a importancia que nestes momentos a Unión Europea lles dá a estes sectores primarios na negociación do divorcio. O noso deber é axudar a quen nomeou a Comisión Europea como negociador para que teña os maiores datos para que a pesca non saia prexudicada.

Cando aquí se di que hai que mirar o tema da estabilidade relativa —xa o anunciei na miña primeira intervención—, ¡claro que hai que miralo!, o que hai que buscar é o momento de cando miralo, e isto tense falado tamén co propio sector. E coa asociación de profesionais do sector pesqueiro da Unión Europea a decisión que abordamos é: de momento non toquemos o mal chamado principio de estabilidade relativa para evitar que o Reino Unido poida pedir cotas á alza no que hoxe lle corresponde. Esperemos a que se vaia o Reino Unido da Unión Europea para sentarnos a negociar eses 27 que quedamos, pois, ao cambiar as regras de xogo, o reparto tamén ten que ser distinto. Pero por ese aspecto e por algún outro, como son as especies de estrangulamento. Se a nós nos cambian as regras de xogo, debemos de ter a capacidade suficiente tamén para abordar que, con estas novas regras de xogo, as porcentaxes de reparticións teñen que ser distintas.

Dise aquí: non divida o sector. Hai determinadas frases que vostedes puxeron de moda e agora cren que con iso xa están defendendo a non sei que sector. ¿Quen divide aquí o sector? ¿Quen está buscando bos e malos no sector? Dende logo, pódolles mirar á cara a todos vostedes. Nunca traballei para dividir o sector pesqueiro galego, ¡todo o contrario! ¡todo o contrario! (*Aplausos.*) Sempre defendín que o mellor que podía facer o sector pesqueiro galego é ter organizacións fortes, aínda que, tendo organizacións fortes, sexa máis difícil para o político que está á fronte da consellería poder traballar con eles. Pero, para o ben do sector, o mellor é que teñan organizacións fortes; e nesa liña traballei sempre.

Outros encárganse de dividir, e clasifican en bos e malos en función de se me reúno máis con eles ou menos. Eu, no meu despacho, as miñas portas están abertas para todo o mundo. Sempre traballei pola unión do sector. Están todos representados no Consello Galego de Pesca. Non son eu quen elixo os representantes do Consello Galego de Pesca. E aquí ponse de moda dicir que non divida o sector, e quedaralles moi ben. Ponse de moda dicir que non nos pasaron o informe do *Brexit*. ¿A alguén lle preocupou o *Brexit* ata hoxe que vin eu aquí? (*Murmurios.*) ¿A alguén lle preocupou?

¡Home!, eu non sei se lle preocupou a alguén. Dende logo, non teño ningunha petición de informe. Non teño ningunha petición de reunión. Non teño ningunha postura para a defensa dos intereses do sector pesqueiro por parte de ningún deses tres grupos que agora tanto din que están moi preocupados porque eu non lles remitín o informe do *Brexit*.

Soamente encontrei unhas declaracións de Ana Miranda, que creo que non está nin no Congreso, nin no Senado, nin no Parlamento Europeo, nin aquí, onde dicía que se revisara a estabilidade relativa. Foron as únicas declaracións. Ao mellor estou equivocada, ¡eh!, pero suelo revisar todo aquilo que ten que ver co mundo da pesca.

E claro, como non nos interesa moito o *Brexit* ou non nos preocupou ter ese informe ata o día de hoxe, pois utilizamos o subir aquí para dicir que tiramos a xarda, a pesca accidental,

que dividimos o sector, que non temos peso político... E claro, miren, peso político non teremos, pero dende o ano 2012 os incrementos das posibilidades de pesca veñen producíndose ano tras ano. Peso político non teremos, pero o presidente da Xunta, no ano 2009, tiña ben claro, cando constituíu o seu goberno, quen ía ser a conselleira do Mundo do Mar. Non necesitou ter pelexas nin para arriba nin para abaixo, e a Consellería do Mar estivo cualificada ao mesmo nivel que o resto das consellerías. Cando se quixo formar goberno durante a época do Bipartito, a Consellería de Pesca foi a última que se decidiu quen a ía levar porque non a quería ninguén. Iso si que é triste, jeh!, jiso si que é triste! Eu non vin naquel momento unha pelexa por dicir: eu quero levar a Consellería de Pesca. Non, non.

Cando hai uns meses, a nivel central, se falaba de poder facer un goberno dos da oposición contra o Partido Popular, pedíase o Ministerio de Sanidade, pedíase o Ministerio de Facenda, pedíase o Ministerio de Exteriores, pedíase, pedíase, pedíase... Non lle oín a ninguén pedir o Ministerio de Pesca. ¡A ninguén! ¡A ninguén! (*Aplausos.*) Iso si, unha vez que estamos na oposición, o que máis nos interesa é a pesca e o que máis nos interesan son técnicos independentes. Técnicos independentes, todos.

Eu pódolles dicir unha cousa. Díxeno xa moitas veces, pero claro, o que eu digo parece que non lles interesa. Entón, como seguen coa súa tranganilla, seguen aí machacando no mesmo día tras día e ano tras ano.

No ano 2009, cando eu estaba recién chegada á consellería, nunha visita a un determinado porto da Costa da Morte, díxome unha armadora que era ben triste que cando chegaba a xarda a Galicia ela xa non a puidera pescar porque outros agotaran o seu cupo. Eu entendín que tiña razón e púxenme a traballar, e conseguímolos. E hoxe Galicia ten o seu propio cupo. Daquela, o sector dicía que, se tiñamos o 20 % da posibilidade total de pesca de xarda, xa íamos ben. E non temos o 20 %, temos o 26 %.

Temos que reflexionar por que razón cando saímos a pescar, cando saen os nosos armadores ou os nosos mariñeiros a pescar, entra unha caixa de xarda e a teñen que tirar. Iso acontece porque aínda temos moito que mellorar no modelo de xestión que temos e por cambiar determinados costumes. Porque hai determinados armadores e mariñeiros que seguen coa manía de coller as posibilidades de pesca de xarda que ten Galicia no momento en que tamén a están pescando o País Vasco e Cantabria. Nese momento é cando menos vale a xarda, pero agotamos as cotas. E cando a xarda chega a Galicia, que é cando ten un maior tamaño e ten, por suposto, maior valor, os armadores e os mariñeiros que non teñen barcos suficientemente grandes para marchar, por desgraza, non poden capturar a xarda.

Entón, temos xa unha solución para que todos poidan pescar a xarda, o que temos é que ir modificando eses modelos de xestión, e nesta liña estou a traballar eu de maneira seguida co sector.

Non hai no sector bos e malos, non estou dividindo ao sector, todo o contrario. O único que ten que ser o sector é consciente de que ao mar non hai que ir por moitos quilos de peixe, senón que ao que temos que ir é por moitos quilos de euros. Mellorar a nosa xestión na explotación dos nosos recursos.

Eu o único que lles podo dicir é que expuxen a miña liña de traballo na miña primeira intervención. Vou intentar contar con todo aquel que queira sumar na defensa dos nosos argumentos. Vou intentar buscar aliados en todas as rexións pesqueiras da Unión Europea. E entendo que todo aquilo que se nos abre ante nós pode ser unha ameaza ou unha posibilidade. Eu traballarei para que sexa unha oportunidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Abrimos agora a posibilidade de apertura dunha rolda especial de aclaracións con dúplica do Goberno.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do BNG, a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Señora Quintana, eu non sei de que se estraña vostede. Acaba de facer unha intervención moi compunxida, como se vostede puidera vir aquí de comentarista e facernos un relatorio dos informes que está encargando, como se vostede non fora responsable política da pesca do noso país desde hai... esta é a terceira lexislatura. Parece unha cousa estrañísima.

¿E por que se estraña do escepticismo co que estamos recibindo a súa exposición? Porque cos antecedentes que hai ata o de agora respecto das negociacións e do peso que foron capaces vostedes de facer para defender o sector do noso país, dende logo non é para estar para nada satisfeito, ¡non é para estar satisfeito! Simplemente, os antecedentes son para estar, como mínimo, preocupados.

Eu pregunteille que peso político está disposta a facer vostede como responsable de pesca, e o presidente da Xunta de Galiza, para defender directamente os intereses de Galiza. A primeira cuestión, ¿está vostede disposta a exixirlle ao Goberno español que Galiza estea directamente presente defendendo os intereses da pesca galega? ¿Está vostede disposta a facer iso? Porque, se está disposta a facer iso, entón empezarei a crer que algo do que dixo aquí dos informes e do demais vai ir a bo porto. Mentres non estean dispostos a exercer de Goberno deste país, a defender directamente os intereses deste país, o resto é dicirlles aos demais que se ocupen dos nosos intereses, e temos que ocuparnos nós, señora conselleira. É o que lle vin dicir hoxe aquí desde esta tribuna, que vai ter o BNG detrás sempre e cando estean dispostos a pelexar directamente, de verdade, polo sector. Se están dispostos a facelo, non a dicir que o fagamos.

Vostede está facendo aquí unha escenificación que xa ten moi repetida, señora conselleira. Está facendo aquí a escenificación que fai todos os anos. Cando esa Unión Europea que nos impón uns tac e uns cupos indecentes resulta que nos di que nos van recortar o 50, todo é alarma. Vai vostede alí e resulta que son negociacións. Todo vai ben; dinos que vai chegar ás 12 da noite. Ao final, en vez do 50 é o 30, que se suma ao 10 do ano anterior ou ao 20 do outro, e resulta que temos que quedar contentos porque, en vez do 50, só nos seguen recortando un pouco. Está facendo exactamente o mesmo.

Vostede veu hoxe aquí, señora conselleira, facernos ilustración dos graves problemas que pode significar o *Brexit* e de cal é a potencia do sector en Galiza. Díxenlle que xa sabemos cal é a potencia do sector en Galiza e cales son os riscos. O que non sabemos é que está disposto a facer o Goberno galego ao respecto. ¿Canto peso político está disposto a exixir, señora Quintana? Iso é o que lle pregunto —pregunteillo antes e volvín preguntarllo agora—, a ver se me contesta, porque o BNG, dende logo, está disposto a poñerse detrás do sector.

E teño que dicirlle unha cousa. Teño máis confianza na capacidade do propio sector de defender os intereses, e que iso signifique que o resultado non sexa tan lesivo para este país, que nas propias xestións do Goberno galego, porque, dende logo, por experiencias pasadas non se pode dicir que vostedes se volcaran en defender o sector.

Eu díxenllo antes, o problema de Galiza non é que nos falten recursos pesqueiros ou que non haxa riqueza biolóxica nas nosas rías. O problema de Galiza e da pesca galega non ten que ver con que as xentes do mar non estean preparadas ou formadas ou non teñan suficiente capacidade nin haxa innovación, tanto nos buques como innovación tecnolóxica. O problema do mar de Galiza é un problema político, señora conselleira. É esa falta de soberanía, esa falta de capacidade de decisión, ter que ir mendigándolles aos demais que nos defendan en vez de poder defendernos nós mesmos.

O problema de Galiza é o problema do principio de estabilidade relativa. O problema de pesca galega é o principio de estabilidade relativa que se estableceu en función de intereses que non eran os intereses galegos. Podemos ver como, por exemplo, as Illas Feroe saen da Unión Europea, sendo de Dinamarca, e teñen un 12 % de cupo, mentres o Estado español ten un 7 % e Galiza as migallas dese 7 %. E vostede vén aquí dicir que aumentamos. Vén sacar peito dicindo que si, que fomos aumentando nos últimos anos a capacidade en cotas. ¿Partindo de que posición, señora Quintana? ¿Partindo de que posición?

Eu o que lle estou pedindo aquí é valentía política para exercer de Goberno galego e dicir que se hai, por exemplo, un territorio como as Illas Feroe que ten un 12 % de cota, se Dinamarca ten o 40 %, Galiza ten que ter o que lle corresponde en función do seu potencial, señora Quintana.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** Que vostede sexa capaz de dicir alto e claro que o novo modelo de repartición establecido no ano 2014 é lesivo para a nosa pesqueira en canto á xarda. Que vostede sexa capaz de dicilo alto e claro, que non veña aquí botarlle a culpa ao sector. ¡Que valor ten vostede, señora Quintana, para vir aquí dicir que o sector vai ao mar por quilos, en vez de por cartos! ¡Como se foran imbéciles! Como se non estiveran desexando, señora Quintana... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Díxoo aquí, en sede parlamentaria, e foi dicilo á Costa da Morte.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Volveu repetir na Costa da Morte que hai que ir ao mar por cartos e non por quilos. ¿Pero é que eles non o saberán, señora Quintana?

¿Que fai vostede diante desa situación? ¿Que fai vostede? ¿Que fai vostede, mentres resulta que o sector ten que tirar a xarda que lle enmalla accidentalmente? *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señora Prado, moitas grazas. Xa excedeu o seu tempo, señora Prado. Moitas grazas pola súa intervención. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, a señora Toja Suárez.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Grazas, señor presidente.

Resulta moi egocéntrico, señora conselleira, considerar que a importancia das cousas se mide en función de que se lle pida a vostede ou non unha reunión. *(Aplausos.)*

Na última reunión da Comisión de Pesca precisamente lle pedimos unha reunión cos patróns da ría de Arousa, que levaban dous anos esperando, e votaron en contra. E mire, para nós ten importancia. Aquí temos a nosa iniciativa rexistrada o 6 de abril, unha pregunta escrita que aínda non nos respondeu, onde facemos preguntas respecto de cales son os pasos que ten levado o Goberno en relación co *Brexit*: se realizou algunha xestión co Goberno de España, co Goberno de Reino Unido etc. Está rexistrada, así que para nós é un tema importante. *(Aplausos.)* E hai outras.

Voulle dicir algo. Non nos ten que convencer aos grupos parlamentarios da importancia que ten a pesca nin ten que convencer ao señor Crespo, porque lle vai dicir que si diga o que diga. A quen ten que convencer é a Europa e a quen ten que convencer é a España da importancia que ten a pesca, non a nós. Nós sabemos o importante que é a pesca para Galicia.

Vostede fixo aquí unha lectura triunfalista do que supón para Galicia a pesca. Ten que defendelo así ante España e ante Europa. E compartimos a preocupación que supón o *Brexit*, que é un dos maiores retos que teñen agora mesmo a consellería, nos próximos tempos, e o sector galego. Por iso a nosa posición é ben clara. Apoiaremos as negociacións sempre e cando melloren a situación para o sector galego, e para iso precisamos claridade. É dicir, que as posicións se coñezan, que o sector o coñeza, que se comparta, claridade, que non provoque conflictividade nin división no sector.

Volvémoslle dicir o mesmo: non divida o sector, que a pesca non sexa moeda de cambio, que forme parte da axenda negociadora, que os avances sexan estables e consistentes e que resolvamos a incerteza dos que están vivindo do mar. Porque ao final estamos no de sempre, o mar son persoas que viven da pesca.

Cando falamos de mudar o principio de estabilidade relativa, cando falamos de flexibilización do modelo de descartes, cando falamos de acordos internacionais que permitan continuar coa actividade, coma sempre falamos de persoas, persoas que desenvolven o traballo nun

ámbito de elevada perigosidade e que implica pasar moitas veces longas tempadas de afastamento da familia, e esas persoas o que queren é que que actúe en lexítima defensa do sector e na defensa do sector galego ante o *Brexit*.

E respecto á opinión xurídica que elaborou a Universidade da Coruña, a opinión xurídica déixalle tamén deberes que facer. Cando lle recomenda no primeiro apartado que o Reino Unido quere negociacións antes de notificar a saída da retirada, di ben claro que non se acepte. Punto a punto, dez puntos onde lle deixa clarísimo os deberes.

En definitiva, Galicia xógase moito, xógase o seu presente e xógase tamén o seu futuro. Non divida o sector, a pesca non pode ser moeda de cambio.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Toja.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Santos Queiruga.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Moitas grazas.

En primeiro lugar, señora conselleira, agradecerlle o recoñecemento á independencia dos técnicos e dos expertos. Como ben dicía, nós consideramos fundamental este tipo de informes que se fan pola execución dun protocolo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e organismos como poden ser, neste caso, o Instituto Universitario... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Consellería do Mar... Perdoe, o que pasa é que o protocolo di: protocolo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar, que era a anterior, pero é o que pon tal cual no informe, por iso llo leo tal cual. Ese é o protocolo firmado con anterioridade, non é que o firmara vostede. Xa estaba ¿non? ¿Estaba así posto? Por iso, vostede saberá que está firmado de antes. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Efectivamente, é ridículo. É ridículo estar discutindo diso igual que é ridículo estar falando o señor Crespo de con quen eu estiven reunida. Non estiven con mariñeiros, vólvolle repetir que estiven con expertos. Ademais, voulle dicir palabras textuais que me comentaron con base nas informacións que temos: Supoñemos que o que pasará co *Brexit* dependerá dos acordos aos que cheguen, e como iso só lle interesa a España-Galicia, non vemos de xeito optimista esta negociación.

Pois estas son das cousas que eu falei. Eu entendo que están molestos. Din que nós estamos na primavera, no outono... Quen está no inverno, con treboada, cunha nube negra enriba, é o Partido Popular, e queren desviar a atención do funcionamento e dos cambios nunha comisión, algo que é habitual. Vostedes —eu son máis nova neste Parlamento que vostedes— saben que o fan habitualmente, que o utilizan habitualmente, e o que non queren é falar da corrupción do Partido Popular. Iso é o que a vostedes lles molesta, falar desa podredume que está dentro das súas filas.

Volvendo ao tema, eu por suposto que non me erixo na voz de ningún sector, nin eu nin ninguén do noso grupo, pero defendemos os intereses da xente que a nós nos vota e que nós



representamos, igual que vostede debería de facer o mesmo. Se ten familia implicada no sector, debería coñecer de primeira man a situación que están pasando, as débedas que teñen, que están afogados, as persecucións dos propios organismos de inspección da Xunta de Galicia, que coincide ademais que son as mesmas embarcacións.

Pois teremos que pedir tamén en comisión a este Parlamento que nos pasen unha relación, en aras da transparencia, das embarcacións que son multadas e a porcentaxe de multas que teñen, porque coincide que xusto son as que máis oposición fixeron á conselleira ou á conselleira as que, polo menos a nós, nos transmiten —pero debe de ser imaxinación nosa, que falamos cos anxos e non falamos con persoas— que se senten perseguidos e machacados máis alá do tema da xarda, que tamén nolo transmitiron.

Efectivamente, o que di o sector é que vostedes non fan nada por eles e que non fan nada por ninguén. Que machacan os pequenos, mentres os corruptos non soamente non entran na cadea, senón que non lles pasa absolutamente nada. Coincidencia, ¡moitos son do Partido Popular!

Porque aquí falamos das desavenencias do noso grupo cando nós non temos imputados. Nós non temos unha imputación como organización nin como grupo. Refírome a imputados por corrupción, que é o grave.

Vivimos nunha situación gravísima e estamos falando doutras cousas. Eu entendo que están amolados e xa non saben, e acaban facendo o ridículo, ¡por suposto que acaban facendo o ridículo, o ridículo espantoso! E debería caerlles a cara de vergoña de que coa que está caendo neste país, e co que está pasando, se estean rindo cando a xente non chega a fin de mes. Si, ¡debería de caerlles a cara de vergonza!, porque por moitas diferenzas de matiz que poidamos ter estes grupos que vostedes din que somos tan góticos, ¡polo menos, non roubamos! Polo menos, nas nosas filas non temos xente que rouba. Nós non todos somos corruptos, iso será no PP. (*Murmurios.*) Iso será no Partido Popular

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por favor, manteñan o silencio. Se alguén quere falar, pode saír fóra. E atendan a quen está no uso da palabra.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Repito que esta cuestión é de gran transcendencia, así que non a desvíen a outras cousas que nada teñen que ver. Están de acordo o sector, os técnicos e a xente que vive indirectamente do sector do mar, e é moi grave. Polo tanto, señora conselleira, eu pídolle que de verdade se impliquen; que defendan a Galicia; que leven o liderado da negociación tanto dentro da Unión Europea como dentro do Goberno do Estado; que fagan valer o noso peso. E cústanos crer que vaian tomarnos en conta polo mesmo que dixo xa a compañeira do PSdeG, que o outro día nós apoiamos a iniciativa do PSdeG con respecto a esa xuntanza dos patróns de Arousa. E o compañeiro Juan Merlo tamén fixo unha proposta nesta comisión co obxecto de crear unha xestora integrada por todas as partes afectadas polo *Brexit*, para consensuar medidas, que foi rexeitada polo Partido Popular. E instabamos o PP de Galicia, o Goberno da Xunta, para que instara o Goberno do Estado.

Vostedes teñen que facer presión, ¡claro que si! ¡Vostedes teñen que facer presión para defender a Galicia porque a competencia é estatal. ¡Por suposto que si, teñen que facerse valer! ¿De que estamos a falar? (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio, por favor.

Remate xa.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Estamos a falar do que estamos a falar. E ademais —repito—, polo menos un pouco de pudor. Repito por última vez, un pouco de pudor, porque coa que está caendo, ¡de verdade...!

Se queren, falamos de Venezuela, pero o ridículo xa pode ser estratosférico. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas.

Ten a palabra o señor López Crespo por parte do Grupo Parlamentario Popular.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** Si, presidente.

Conselleira, da súa comparecencia pouco máis vou dicir. Xa dixen ao principio que estamos moi de acordo. Pero acórdame o que é a frustración. É un proceso psicolóxico a través do cal o suxeito séntese impotente para acadar o obxectivo proposto. *(Risos.)* Caso dun estudante ante un exame que xa pensa que vai suspender. Ás veces ten recursos: o profesor tenme rabia, púxoo moi difícil.

A Consellería de Pesca atópase diante dun exame moi difícil, pero un exame que hai que ter preparado. Aí empezou xa no mes de xullo pasado, continúa agora e vai continuar os próximos meses, mentres sexa necesario. Señora Toja, non teña medo, a negociación vai ser dura pero a preparación vai ser moi boa.

Dentro dese ránking de preparacións temos aquí un señor xuíz. Seguro que pasou moitas noites, tardes e mañáns estudando. *(Murmurios.)* Seguro que aínda puxo pedras de xeo nos pés para non quedar a durmir, e logo saíu para adiante. E seguro que os seus pais, os seus tíos ou os seus avós dicían: o noso Villares é o mellor. *(Risos.)* ¡Pois digan todos que a nosa conselleira e a consellería son as mellores para conseguir os mellores resultados do exame do *Brexit* que nos vai poñer a Unión Europea! *(Aplausos.) (Murmurios.) (Risos.)*

Señora portavoz do BNG, de verdade, hoxe perdeu un pouquiño os papeis ao final, enfadouse de máis. Puxo unhas cumbres moi borrascosas, de verdade. A situación da xente do mar en Galicia mellorou: mellorou na cantidade de diñeiro que leva á súa casa, mellorou no nivel de seguridade biolóxica no seu traballo, mellorou no nivel de seguridade xurídica nas súas concesións e permisos. Negar isto é poñer ao borde da frustración á conselleira, e tampouco non podemos facer iso. Eu de verdade que...

Señora Santos, eu miro para vostede e dígolle o nome. Está vostede próxima ao comezo da súa carreira política. Por favor, cando fale de corrupción, cando fase desa letrina na que está metida o Partido Popular, mírenos á cara aos 42 que estamos aquí. *(Murmurios.)* Mire o noso nome, a nosa familia, a nosa traxectoria política, e, despois diso, fale con propiedade.

Hai persoas no Partido Popular completamente corruptas. Mírenos para a cara e ímoslle dicir: si. Pero tamén lle dicimos que no Partido Popular hai persoas cunha traxectoria inmaculada despois de moitos anos. Nós sabemos moi ben o que é a corrupción e sabemos moi ben como evitala, ¿por que cre vostede que non houbo episodios de corrupción nos últimos oito anos da Xunta de Galicia? ¡Non houbo episodios de corrupción aos que vostede fai referencia! Pois non os hai por unha razón moi sinxela, porque o señor Feijóo sabe que a corrupción na vida pública se evita de dúas maneiras: controlando o procedemento e controlando o gasto. E iso a Xunta de Galicia faino moi ben, por iso non hai episodios de corrupción. E iso facémolo no Partido Popular e estamos encantados de facelo.

Eu poderíalle agora pór unha ristra de concellos de Galicia gobernados os últimos corenta, trinta ou vinte anos polo Partido Popular sen ningún problema. E outros, gobernados por outros partidos, con problemas tamén. Non, eu falo de xente que leva moito tempo, a que botou pouco tempo de alcalde eu non a podo catalogar como alcalde. Hai quen botou só uns meses e eu concédolle toda a brillantez da súa carreira. Eu falo de xente que leva moito tempo.

Por favor, non sigan falando da corrupción do Partido Popular nese ton despectivo e de inmersión, porque non é un ton de inmersión. Nós sabemos o que é a corrupción e nós queremos evitala. Persegúimola cando se produce, pero sobre todo queremos evitala. Nunca lles oín falar a vostedes de evitar a corrupción, sempre lles oio de perseguila. ¿Por que? Porque identifican o perseguido co inimigo; e aí facía unha boa alusión pola mañá o portavoz de Educación. Non relacionen o inimigo co perseguido. Evítana e acabaremos coa corrupción na política.

Desculpen, desvieime moito pero é que me indigna. (*Murmurios.*) Indígname moito que a miña carta da partida de golf que levo xogado na política ma manche ninguén. E non a min, aos 42 que estamos aquí e aos 100.000 afiliados que ten o Partido Popular de Galicia. (*Aplausos.*) Se todos fixeran o mesmo, íanos mellor. (*Aplausos.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor López Crespo.

Ten a palabra a señora conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

(*Murmurios.*)

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Moitas grazas, señor presidente, señorías.

Señor Crespo, quede vostede tranquilo, non van conseguir que me frustrate. Quérolle moito ao sector pesqueiro como para frustrarme. Isto o que me dá é ganas de seguir traballando, porque xa vexo que ou estamos nós ou o resto non vai defender o sector. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Claro, a min dinme que veño aquí de comentarista. (*Aplausos.*) Non, mire, non, non veño aquí de comentarista. Eu cando veño aquí veño con datos, e o que é medible non é opinable. E cando a min se me di que eu veño aquí primeiro e digo: ¡ay!, que nos van a bajar el 50 %, y

*luego no nos lo bajan. (Murmurios.) Pero ¿ustedes saben como funciona isto? ¿É que se pode vir aquí e dicir estas cousas? (Murmurios.)*

O posicionamento do Consello, antes das negociacións do mes de decembro, é que de acordo cos informes científicos que lles cheguen a eles fan unha proposta das posibilidades de pesca para o ano seguinte. Non son eu a que digo que nos van baixar o 50 % para despois, ao chegar alí, negociar e conseguir non sei que. Non, non, non. Señora Prado, vostede creo que foi delegada en tempos do Bipartito e debería saber como funciona isto. *(Murmurios.)* ¡Claro! Cando vostede me di que veño aquí presumir de que, e de que subín con respecto a que, pois déixamo moi fácil. É que no tempo en que vostedes gobernaron —grazas a Deus foi moi pequeno— perdemos o 44 % das posibilidades de pesca. No tempo que nós levamos gobernando incrementamos o 55 % as posibilidades de pesca. *(Aplausos.)* Entón ¡é que mo pon moi fácil! *(Aplausos.)* Aquí, ao contrario de frustrarme, o que me fan é crear máis necesidades de seguir traballando. E isto non é opinable, é que é así.

¿Nós como estamos a traballar? Dixémolo desde o minuto un: con datos, con argumentos, sen montar algarabías nas calles —non, non, non, as cousas arránxanse dentro da casa, non na calle—. E cando a Unión Europea fai a súa proposta de baixada de determinadas porcentaxes de posibilidades de pesca para especies que nos son necesarias a nós, o que buscamos son os argumentos para xustificar a non necesaria baixada desas porcentaxes. ¿E logo saímos satisfeitos? ¡Xa lle digo que non! Nós o único que estamos intentando, ano tras ano, é incrementar as nosas posibilidades de pesca, e iso é o que levamos facendo. E por iso hoxe si que podo dicir, cando vostede me di incrementaron con respecto a que: ao que vostedes nos deixaron, simple e llanamente.

Os datos están aí, o ano 2016 foi o ano de récord histórico de descarga de todas as especies nos portos de Galicia e de facturación desas descargas en portos de Galicia. Polo tanto, ese é un dato que se pode consultar na nosa páxina web. A min non me van nunca poder acusar nin de ocultar datos, nin de falta de transparencia, nin de falta de rigor. Todo o contrario, poño moito en valor o traballo dos científicos, doulle moito valor ao traballo dos técnicos e doulle moitísimo valor á información que recibo diariamente do sector.

E cando se fala aquí de que nos posicionamos en contra da constitución dun grupo de traballo... ¡Sexamos serios! Non veñamos aquí defender os intereses da pesca o día que hai Comisión 8ª ou o día que hai Pleno no Parlamento e comparezo eu; defendamos a pesca sempre. Vostedes teñen representantes no Congreso e teñen representantes no Senado. Plantexen a necesidade nesas cámaras de crear ese grupo de traballo en España porque aquí en Galicia xa o temos. Cando vostedes me piden posicionamento político de Galicia, xa lle digo que todo. E está dende o presidente da Xunta a todo o equipo da Consellería do Mar traballando para defender os intereses da pesca, de Galicia e, por suposto, de España.

E como din que unha imaxe vale máis que mil palabras, miren a prensa de hoxe. Onte había Consello Consultivo en Madrid, discutíase algo tan necesario para a pesca galega e española como é o Regulamento de medidas técnicas que se está a debater na Unión Europea. ¿Cantas comunidades autónomas asistiron a Madrid a defender os intereses da súa pesca? Galicia, a única comunidade autónoma. Logo todos lle dámos moitísima importancia á pesca. Logo

todos dicimos que a ministra debe non sei que... ¡Quen está apoiando a ministra, home! ¿Pero que vimos aquí dicir que?! Traballar, porque para ir a Madrid, é certo, hai que levar as cousas estudadas e hai que saber o que se busca.

E, mire, para poder axudar o Goberno de España na defensa dos intereses do sector pesqueiro galego, Galicia o primeiro que fixo foi analizar dentro da Consellería a Proposta de regulamento de medidas técnicas. E unha vez que o analizamos, elevámolo ao Consello Galego de Pesca. No Consello Galego de Pesca creamos un grupo de traballo, e ese grupo de traballo elaborou un ditame sobre a proposta de modificación deste regulamento. Ese ditame aprobouse por unanimidade no pleno do Consello Galego de Pesca, e, unha vez que o aprobamos por unanimidade, remitímosllo á Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio, remitímosllo ao embaixador da Reper na Unión Europea, remitímosllo á Comisión de Pesca do Parlamento Europeo e remitímosllo á Comisión de Pesca do Consello da Unión Europea.

¿Que fixemos a continuación? Pedímoslle a un dos deputados do Partido Popular en Bruxelas que elixira el ser o ponente dese grupo de traballo porque para nós era moi importante. Así o señor Gabriel Mato solicitou ser o ponente deste grupo de traballo. Invitamos dende Galicia a Gabriel Mato para que viñera aquí reunirse co sector e que fora o sector directamente o que lle explicara cales eran os problemas que se nos viñan encima con esas propostas de modificación dese regulamento. E hoxe podemos dicir que a inmensa maioría das propostas que saíron do sector pesqueiro galego vanse recoller nese regulamento modificado.

Claro que, para ir dicir se temos peso político, primeiramente temos que traballar moito, e iso ás veces é o que non se quere facer. É máis fácil dicir: vostede non divida o sector. Non, non, non, non se preocupe. Nunca traballarei para dividir o sector. Na miña traxectoria pasada está todo o que levo feito por intentar conseguir, en todos os eslabóns da cadea mar-industria, a mellor organización posible deste sector.

Eu non necesito que vostedes me veñan dicindo aquí, dous anos despois, que teño que reunirme cos patróns maiores da ría de Arousa. A miña axenda é pública e todos saben a cantidade de reunións que teño eu con eles. Hai algúns que... en fin, vou calar para non dar lugar a malas interpretacións, porque parece ser que son eu aquí a que divido entre bos e malos e non sei canto. Se vou visitar as confrarías, é porque quero un proxectamento político. Se non vou visitar as confrarías, é porque non sei que. A verdade é que eu vou seguir traballando como fixen sempre, sen importarme moito se a vostedes lles parece ben ou mal.

Simplemente unha aclaración, señora Prado, porque, claro, aquí se dixo que non necesitamos facer estudos para saber a importancia que ten a pesca en Galicia. Si que o necesitamos, e cada vez que vostede fala nesta tribuna reafírmome máis na necesidade de ter eses datos. Mire vostede, en NAF España conta co 10 % das posibilidades de pesca e as illas Feroe contan co 2,3 % de posibilidades de pesca. (*Murmurios.*) ¡Eses son os datos! E agora vostede pode dicir o que lle pareza, porque aquí dixo que as illas Feroe tiñan moitísimas máis posibilidades de pesca que España. Bueno, pois estas cousas non axudan, dígollo de verdade, sinceramente. Cando nós imos negociar a Bruxelas temos que ter rigor e temos que saber todos de que estamos a falar, e iso é o que eu lles veño pedir aquí, simplemente.

A señora Toja facía referencia a unha pregunta parlamentaria que fixo e que se rexistrou o día 6 de abril. Esa pregunta parlamentaria acaba de ser publicada no *Boletín do Parlamento*; terá a súa resposta, por suposto. Paréceme moi ben que fagan esa pregunta, simplemente cun ano de atraso con respecto a cando nós empezamos a traballar co *Brexit*. Pero por suposto que a min me parece que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, rexistrada o 6 de abril. E nós responderémola, independentemente de que pensaran en facela un ano despois de que nós xa iniciáramos os traballos e os estudos.

Señorías, veño aquí dicir o que fixemos ata o de agora, o que estamos facendo e o que faremos no futuro. Propóñolles ter reunións cada semestre da Comisión 8ª para ir analizando todos os pasos que imos dar. Esa é a liña na que imos seguir traballando, na defensa dos intereses do noso sector e co apoio do noso sector.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Rematada esta comparecencia, suspendemos a sesión ata as dezaseis quince, hora na que comezaremos a sesión da tarde.

*Suspéndese a sesión ás dúas e dous minutos da tarde e retómase ás catro e vinte minutos.*

**O señor PRESIDENTE:** Reanudamos a sesión co punto cuarto da orde día, que é o de mocións.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións e axudas destinadas a entidades locais**

**O señor PRESIDENTE:** A esta moción presentáronse dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de adición.*

*Proponse engadir un novo punto 4 bis co seguinte texto:*

*<<4 bis. No reparto do Fondo de Cooperación Interterritorial teranse en conta criterios que ponderen o custo real da prestación dos servizos: poboación, extensión territorial, núcleos de poboación e avellentamento.>>)*

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*



*Emenda de substitución.*

*Débase substituír a parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:*

*«1. Realizar un estudo pormenorizado, no seo da Subcomisión Permanente de Réxime Económico e Financeiro, sobre as axudas que a Xunta de Galicia destina aos concellos, e que a vista do resultado do mesmo se determinen as que axudas poden ser integradas no Fondo de Cooperación Local.*

*2. No eido da normativa de transparencia, estudar a mellora dos mecanismos que permitan a visualización das axudas recibidas polas entidades locais de Galicia.*

*3. Revisar os mecanismos que permitan a axilización e simplificación dos trámites a realizar por parte das entidades locais e estudar a posibilidade de prever nas subvencións destinadas ás entidades locais a realización de pagamentos anticipados, nos supostos e cas limitacións impostos pola normativa de subvencións.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

O Grupo Parlamentario Socialista trae hoxe a moción que se deriva da interpelación feita no anterior pleno sobre as subvencións ás entidades locais galegas.

Como vostedes ben saben, os concellos carecen do financiamento adecuado para poder facer fronte ás competencias que lles outorgan as leis. Asumen competencias impropias sen o necesario financiamento, nin por parte do Estado nin por parte das comunidades autónomas, para poder exercer esas competencias. A autonomía das entidades locais recollida nas leis vese en moitos casos condicionada pola vontade doutras administracións, que deciden cales teñen que ser as súas prioridades orzamentarias nestes concellos. E a maioría das convocatorias de subvencións ou axudas condicionan as políticas propias das entidades locais, véndose obrigadas a acudir a estas convocatorias sen contar en moitos casos con recursos para poder financiar outro tipo de políticas que necesitan aplicar en función do seu territorio, da súa poboación ou das súas potencialidades.

A propia Lei de bases de réxime local, no artigo 25.1, fala das competencias dos municipios e di que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. Posteriormente, no 25.2 indica cales son as competencias propias. E no 26 establece os servizos que deben prestar en función da súa poboación. Pero na práctica non poden desenvolver esta autonomía consagrada nas leis.

Os socialistas temos reiterado en varias ocasións que o actual sistema de subvencións da Xunta de Galicia é un sistema obsoleto e caciquil, non respecta a autonomía local, non está adaptado a unha sociedade moderna e progresista do século XXI, non contén un plan de re-equilibrio territorial para o noso país, non se preocupa da cobertura de servizos básicos para toda a cidadanía independentemente de onde se viva, non cumpre co obxectivo de transparencia e obxectividade contemplado na Lei de transparencia e bo Goberno de Galicia, e non respecta a Lei de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19 di que o procedemento ordinario da concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva. *(Aplausos.)*

É un sistema que favorece os da súa mesma cor política. O Partido Popular na Xunta de Galicia non goberna para todos e para todas. A pasada semana tivemos unha comparecencia, por petición propia, na Comisión 1ª, na que o Goberno nos viña explicar as liñas de colaboración entre a Administración autonómica e a representación das entidades locais tratadas no marco da reunión da Comisión Galega de Cooperación Local do pasado 20 de abril. O Goberno veunos informar de que levan oito anos de goberno ininterrompido do Partido Popular e tardan sete anos en convocar a Comisión Galega de Cooperación Local, que, ademais, eles mesmos recoñecen como foro de debate sobre os temas que afectan o municipalismo; e manifestaban o seu entusiasmo por ter convocado a comisión despois de sete anos. Dinos tamén o Goberno que o Fondo de Cooperación Local se mantivo durante os oito anos en que houbo máis problemas financeiros, pero a realidade é que no 2005 o Fondo de Cooperación Local era algo máis de 80 millóns, no 2009 incrementouse en 40 millóns —en catro anos—, chegando a case 120 millóns, e no 2017 a contía é practicamente a mesma. Pero, ademais, dous millóns deste Fondo de Cooperación Local son para subvencionar a outra medida estrela que nos anunciou o presidente da Xunta de Galicia hai catro anos: a fusión de municipios. Os socialistas non estamos en contra da fusión dos concellos por principio, pero cremos que estas se teñen que facer cun estudo rigoroso e non como unha medida de improvisación e anuncio propagandístico que vai acabar con todos os males do municipalismo galego.

Polo tanto, se ao Fondo de Cooperación Local se lle resta esa contía dedicada a esas fusións, aínda temos bastante menos para repartir entre todos os concellos. Por certo, nalgún momento explicaranos canto foi o total de achegas que levaron os concellos fusionados das distintas administracións públicas e canto supuxo de aforro, de eficiencia e de eficacia na prestación dos servizos á cidadanía.

O Goberno tamén nos informa sobre o baixo cumprimento do pacto local. Só teñen asumido custos de mantemento dos centros de educación primaria nunha porcentaxe mínima, e acordan, nesa Comisión Galega de Cooperación Local que tardaron sete anos en convocar, que ían asumir 12 centros máis cuxo combustible sexa a biomasa. Aínda a día de hoxe non teñen asumidos os gastos de mantemento de todos os centros de saúde. Polo que nos informaron ese día, 49 están asumidos na actualidade, van asumir agora 18 e non sabemos para cando os que quedan.

Os Grumir, que agora se chaman GES, seguen sen ser grupos reais de axuda ás emerxencias, e seguen estando se cumprir o seu requisito fundamental, que é chegar ás poboacións onde non chegan os parques de bombeiros.

Por certo, o señor vicepresidente e conselleiro comentaba no anterior pleno nesta Cámara que no pacto local asinado en 2016 había moitísimas comisións paritarias. Pero, mire, é que nesta reunión que acaban de convocar despois de sete anos conto seis grupos de traballo para sete consellerías. Ao mellor é que o grupo de traballo non significa o mesmo que a comisión paritaria, pero paréceme que o sentido é practicamente o mesmo. Gustaríame que estivese el aquí para que nolo aclarara.

Tamén nos insiste o Goberno na medida estrela do presidente da Xunta de Galicia e que o mesmo día da Comisión Galega de Cooperación Local nos anuncian, manifestando un desprezo e un insulto a todo o municipalismo: pretenden tutelar, unha vez máis, a autonomía dos concellos, reducir de por si os febles recursos financeiros das entidades locais, como é a recadación do IBI, e compara os concellos galegos cos concellos portugueses. E estou segura de que esta non é a causa, porque, unha de dúas, ou ben manifesta un descoñecemento total das dúas realidades ou manifesta un desprezo absoluto polos concellos galegos.

Tamén anuncia compensacións para os concellos. E volvémoslle preguntar: ¿van ser iguais que as do IAE?, ¿van ser igual que como distribúen vostedes as subvencións, é dicir, discrecionalmente e dándolles aos que vostedes consideran que o merecen? Contéstennos, por favor.

De todos os xeitos, no Grupo Parlamentario Socialista estaremos a favor de que vostedes elaboren un plan de desenvolvemento de país que incentive a fixación de empresas naqueles parques empresariais baleiros ou con baixa ocupación, para que deixen de dar toxos e que empecen a producir riquezas no noso país, que o necesitamos. É urxente para nós, para poder sobrevivir. Se esta medida a asocian ao abaratamento do custo do chan empresarial, sería fundamental para crear emprego, facer crecer a nosa economía e loitar contra o despoboamento e a emigración, sobre todo da poboación xuvenil, que estamos a padecer no noso país. Aproben un plan e apliquen estas medidas. Os socialistas apoiaremos ese plan.

E, por certo, teño que corrixir o vicepresidente da Xunta respecto da súa intervención do pleno anterior, na que dicía que, en materia de emprego, as competencias as tiñan os concellos. Eu indicarlle ou pedirille que, por favor, volva repasar a Lei de bases de réxime local, porque, ata onde eu sei —insisto—, as competencias son da Xunta de Galicia.

A Fegamp acaba de publicar un documento no que hai un resumo executivo da comisión de análise para o estudo de propostas e medidas cara á reforma da normativa que rexe as fazendas locais. E eu voules dicir, señores e señoras do Partido Popular, señores e señoras deputadas, cales son as demandas dos concellos.

Demandan unha lei que regule o financiamento das entidades locais mediante a participación nos ingresos propios da Comunidade Autónoma. Piden que se tenda á progresiva supresión das subvencións con fondos propios da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais mediante a integración paulatina de determinadas subvencións no Fondo de Cooperación Local. Piden que, para aquelas subvencións que se manteñan, se establezan criterios obxectivos e consensuados coas entidades locais para a súa repartición que permitan a participación de todos os concellos en igualdade de condicións. Piden que a Xunta asuma os servizos da súa competencia actualmente prestados polas entidades locais, e financiados

parcialmente mediante transferencias; que se prevegan instrumentos que permitan unha visualización anual das transferencias totais recibidas polas entidades locais de Galicia e establecer medidas que equilibren a dotación anual percibida por cada un deles; que se establezan mecanismos que permitan a simplificación e axilización dos trámites; e, no caso das transferencias de capital da Xunta de Galicia, que se desenvolvan a través de fondos específicos mediante o mantemento do PEN rural e o fondo ambiental, e creando un fondo anual para infraestruturas formado polas transferencias de capital con destino aos concellos galegos; que se modifique a Lei reguladora das facendas locais adaptándoa á realidade e ás necesidades das entidades locais e da súa poboación; que se derroque a Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración pública...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...e que se permita reinvestir o superávit xerado nos propios concellos.

Esas son as medidas que necesitan os concellos. Eu espero que o resto dos grupos parlamentarios apoiem esta moción, posto que é o reflexo nin máis nin menos que dos acordos que tiveron na Fegamp, onde, como vostedes ben saben, están representados todos os partidos políticos e, polo tanto, todos os alcaldes e alcaldesas galegos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi boa tarde.

Ben, esta moción fai referencia —entendemos— a dúas cuestións: unha son os recursos que temos para repartir, de que recursos dispón o noso país para o financiamento dos concellos; e a segunda é como se reparten dunha maneira máis xusta, máis equitativa, eses recursos, entendendo que neste momento non se fai así.

En realidade, o BNG ten un plantexamento distinto, na medida en que nós pensamos que hai que cambiar o actual sistema de financiamento autonómico e local, porque iso é precisamente a garantía de que dispoñamos de máis recursos e de que non teñamos que repartir, como ocorre agora, practicamente as migallas —e repartilas, practicamente, de xeito claramente discriminatorio por parte do Partido Popular—. Polo tanto, o que queremos é acabar cun sistema que é centralizado, discriminatorio e inxusto para Galiza e tamén para os concellos galegos. O BNG —como é sabido— defende un modelo de concerto económico que estableza unha relación en pé de igualdade entre Galiza e o Estado e que nos permita exercer a nosa competencia en materia fiscal cunha axencia tributaria propia, e, a partir de aí, facer unha distribución dos recursos, de máis recursos, que temos que ter para o financiamento dos servizos públicos e o desenvolvemento do país.

En todo caso, entendemos que inmediatamente xa hai que tomar medidas a respecto dun sistema de financiamento local que é claramente discriminatorio para os concellos galegos na participación dos ingresos do Estado —para os concellos en xeral e especialmente para as cidades—. Recentemente, a Fegamp acaba de facer públicos os datos con respecto ao ano 2014. Eses datos din que Galiza, tendo o 6,2 % da poboación das comunidades autónomas do réxime común, recibe o 5 % dos fondos para financiamento local, unha discriminación absolutamente escandalosa.

No caso da media dos concellos, en total reciben 50 euros menos por habitante que a media dos concellos do Estado —209 fronte a 261—. E a discriminación aínda é maior no caso das cidades, que reciben 251 euros de media fronte a 499 que reciben de media as grandes cidades do Estado; o dobre do que reciben as cidades galegas. Polo tanto, hai que mudar xa os criterios de repartición, que teñan en conta a realidade do noso país, que é un país diferente. É diferente, entre outras razóns, polo emprazamento da poboación, polo feito de que teñamos a metade dos núcleos de poboación do Estado —30.000 fronte a 60.000—, coas derivacións e coas consecuencias que ten iso á hora de financiar infraestruturas e servizos. Esa realidade hai que tela en conta na repartición.

Desde logo, tamén defendemos que a Xunta asuma os custos dos servizos que son da súa competencia e que nestes momentos prestan os concellos. Igualmente que no caso do Fondo de Cooperación Local non defendemos só que se dote con máis fondos, que dote máis fondos asumindo moitas desas convocatorias de subvencións que poden ir vía Fondo de Cooperación Local, senón —e nese sentido vai a emenda do BNG que fai referencia ao Fondo de Cooperación Local, aínda que hai un erro na redacción que xa aproveitamos para corrixir— que tamén se distribúa con criterios obxectivos e consensuados de repartición, como xa están facendo, ademais, algunhas deputacións, que son un exemplo a seguir, e non co actual sistema partidista e clientelar que o Partido Popular aplica aquí nas convocatorias de subvencións, nos investimentos que fai a través do capítulo VI a Xunta de Galiza, que son claramente discriminatorios, que son partidistas e que favorecen descaradamente... E podemos coller as súas propias web de transparencia, que mostran a evidencia dese partidismo, desa repartición absolutamente discriminatoria que fai o Partido Popular dos fondos públicos. Poderíamos citarlle só o caso de Augas de Galiza, pero calquera programa que citemos así o demostra.

Tamén defendemos que o fondo anual de infraestruturas se dote coas transferencias de capital da Xunta de Galiza, que se reparta con criterios obxectivos e consensuados, e ao mesmo tempo tamén, como solicita a Fegamp, que o fondo de equipamentos e infraestruturas rurais e o Fondo de Compensación Ambiental incrementen a súa contía e tamén se melloren os criterios de repartición.

Polo tanto, a iniciativa do Grupo Socialista parécenos que é unha demanda de mínimos para reformar e mellorar o que xa existe, e, nese sentido, vai ter o apoio do BNG. En todo caso, nós pensamos que é insuficiente como vía para resolver a cuestión estrutural, a cuestión de fondo, e desde o BNG seguiremos reclamando e defendendo, por un lado, o cambio do marco legal. E o cambio do marco legal non pasa só por derrogar, nos aspectos que prexudican claramente os concellos, a Lei de racionalización e sustentabilidade, senón tamén o artigo 135 da Constitución —así o demandan tamén as administracións locais—, un artigo que apro-

baron os dous partidos maioritarios naquel momento no ano 2011; pasa tamén pola clarificación das competencias municipais e, por último, por un novo sistema de financiamento para Galiza e para os concellos galegos que garanta máis recursos e mellores servizos, exercer o autogoberno e poder atender a realidade, as necesidades e as demandas que ten o noso país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, boa tarde.

Presenta hoxe o Partido Socialista unha moción con oito puntos en relación coas subvencións e axudas destinadas a entidades locais.

Ben, señora Rodríguez, nós empezamos negando a maior e manifestamos a nosa satisfacción polo apoio que ten demostrado a Xunta de Galicia e o Goberno da Xunta ás entidades locais, mantendo, como non podía ser doutro xeito, un diálogo constante coa Fegamp e pactando coa Federación os asuntos de interese para os entes locais. E coincide co Grupo Parlamentario Popular en moitas das súas reivindicacións, como é a revisión do modelo de financiamento local así como a reforma da Lei de facendas locais.

E por iso o Grupo Parlamentario Popular presenta unha emenda con tres puntos que coinciden en parte coa súa proposición. En primeiro lugar, a elaboración dun estudo que determine qué axudas destinadas a concellos poden ser integradas no Fondo de Cooperación Local, xa que a reivindicación que se está a facer polos concellos pasa por integrar algunhas subvencións, e non todas, no Fondo de Cooperación Local. Cómpre identificar cales, xa que non hai acordo nin entre os propios concellos, e tamén estudar a mellora dos mecanismos de transparencia e revisar os mecanismos que permitan a axilización e simplificación dos trámites.

No que se refire ás cuestións que vostedes plantexan na súa iniciativa no referente aos servizos que son competencia da Xunta de Galicia prestados por entidades locais, habería que determinar primeiro os servizos que son competencia da Xunta de Galicia e a partir de aí determinar como se prestan os ditos servizos e a administración competente. Eu creo que niso estamos todos de acordo. Agora ben, hai moitos casos, señorías, onde non se segue este procedemento e a administración competente dun servizo se ve superada por outra administración. Por exemplo, a educación regrada é competencia da Xunta de Galicia, e os conservatorios de música son educación regrada. Hai moitos concellos que, saltando a planificación da Xunta de Galicia e sen contar con nada coa administración competente, puxeron nos seus concellos conservatorios de música. Eu preguntolles: ¿quen ten que pagar agora ese servizo? ¿Ten que pagar quen planificou ese conservatorio de música ou o que teña a competencia dese conservatorio de música? Vostede pódeme responder, señoría. O señor Bará tamén falou disto.



En relación co punto 4 piden vostedes suprimir progresivamente as subvencións con fondos propios da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais para integralas no Fondo de Cooperación Local. Depende de que subvencións, ¿non, señorías? Porque, claro, hai subvencións para a elaboración e aprobación dos plans xerais que están destinadas a aqueles entes locais que non teñen plan xeral. Vostedes, ¿que pretenden? ¿Pretenden que llelas quitemos, que as integremos e repartilo indiscriminadamente entre todos, teñan ou non plan xeral? ¿Esa é a súa proposta? Ou, por poñerlles outro exemplo, ¿queren que se suprima a orde específica para o mantemento dos centros de información á muller, e metela en financiamento incondicionado e pechar máis CIM, como teñen feito co de Ponte Caldelas? Por certo, xa saben que houbo unha sentenza que obriga o Concello de Ponte Caldelas a readmitir as dúas traballadoras despedidas polo alcalde socialista co apoio do Bloque Nacionalista Galego, e, ademais, a pagar unha indemnización de 10.000 euros e os catro meses de salario das traballadoras. ¡Menos mal que pechaban o CIM para aforrar cartos! ¡Menos mal, señorías! (Aplausos.)

Ben, pois esta petición que vostedes fan neste punto é absolutamente incompatible con outras peticións que fan en iniciativas de igualdade, cando din vostedes que en materia de financiamento dos centros de información á muller a Xunta ten que garantir un financiamento estable. ¡A ver, póñanse de acordo! Ou unha cousa ou a outra, as dúas son absolutamente incompatibles.

Piden tamén un fondo anual de infraestruturas destinado ás entidades locais. Ben, xa existen liñas de axudas para este fin. Non se pode eliminar toda a autonomía autonómica. Nós respectamos a autonomía local, pero tamén hai que respectar a autonomía autonómica.

Mire, señor Bará, na Deputación de Pontevedra —que vostede veu aquí presumir dela— o 85 % dos fondos de libre disposición son para concellos da súa cor política. ¿Non ten nada que dicir a iso? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Mire, esta fin de semana, nun periódico do sur que non é sospeitoso de estar influído polo Partido Popular nin de que nós redactamos esta noticia, dise claramente quen inviste en obra pública de xeito directo. E, así, a Xunta de Galicia ten unha cantidade de 142 de 128; e a Administración local, 716 fronte a 235. A metade dos fondos de investimento en obra pública feitos de xeito directo foi por parte das administracións locais, non pola Xunta de Galicia.

E voulle poñer outro exemplo, xa que falamos de financiamento local. Mire, hai un informe de Red Localis que di que o financiamento por habitante nos concellos de Galicia é de 793 euros por habitante, fronte á media española, que é de 1.116,1 euros. Pero a recadación municipal é de 432 euros por habitante en Galicia, fronte aos 628 euros por habitante no resto de España. É dicir, 196 euros menos. Por tanto, a diferenza no investimento por habitante non é porque a Xunta de Galicia non llelo dea, é pola incapacidade dos concellos nesa recadación. E non somos sospeitosos.... (Murmurios.) Si, xa sei, señores do Partido Socialista, pero é que o seu voceiro forma parte dese grupo de Red Localis e un dos autores deste informe é o señor Antonio López Díaz, que foi conselleiro do Consello de Contas por proposta do Partido Socialista. Polo tanto, creo que estes datos son o suficientemente ilustrativos disto. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Si, remato, señor presidente.

Nós presentamos esa emenda. Se realmente queren chegar a un acordo nese sentido, acéptena. Se non, se queren seguir insistindo en que o Partido Popular está en contra das entidades locais, pois nada, non a acepten e seguimos falando de entidades locais. Xa falamos na Comisión 1ª, volvemos falar hoxe e falaremos sempre que vostedes queiran. Agora, nós estamos absolutamente convencidos de que a Xunta de Galicia, que ten un diálogo permanente e constante...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...coa Fegamp, atenderá, sen ningunha dúbida, as demandas das entidades locais.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Boas tardes a todas e a todos.

O Grupo Parlamentario de En Marea apoiará esta moción entendendo que é coherente co principio de transparencia e de bo goberno e tamén que afonda nunha necesaria lealdade institucional, que non sempre se dá entre a administración que ten que conceder determinadas subvencións e os concellos que están destinados a recibilas, a pesar de que terían dereito a elas por estar nas condicións que establece a propia normativa. Parécenos, ademais, que resultaría útil para evitar a corrupción e os comportamentos clientelares que decote se dan entre a Administración autonómica e algúns concellos gobernados polo Partido Popular. Neste sentido, e en clave, polo tanto, de evitar a corrupción e fomentar a transparencia, será que apoiaremos esta moción.

Dicimos isto, e é necesario dicilo, porque resulta sorprendente como esta propia mañá unha deputada do Partido Popular, despois de facelo a semana pasada tamén en sede de comparecencia en comisión, volvía xustificar que, segundo ela, todos os partidos eran corruptos, facendo unha sorte de apoloxía da corrupción, coma se fose algo consubstancial ao exercicio político, cando non o é. Dicar que todos os partidos son corruptos é como que se dixese que todos os homes son machistas, e non é verdade. Hai homes imputados e condenados por corrupción, ou por machismo, e hai partidos investigados e condenados por corrupción. (*Murmurios.*) Así que non se desculpen coa igualación do pecado porque non hai igualación do pecado posible. Porque neste momento o único partido que está sendo investigado por corrupción, como tal partido, é o Partido Popular —e non o di En Marea, dío a Audiencia Nacional— (*Aplausos.*), por financiamento estrutural de carácter ilegal do Partido Popular á parte do enriquecemento persoal dalgúns dos seus dirixentes e dunha trama incluso para desprazar xuíces e fiscais..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) dunha trama para separar xuíces e fiscais. Ese é o problema, ese é o problema, intentar apartar a aquelas e

aqueles que investigan os casos de corrupción. Non lles abonda con roubar, teñen, ademais, que apartar e amordazar os que intentan descubrilos. (*Murmurios.*) Pero non pasa nada, simplemente é contextualizar que do que estamos falando é dunha medida de transparencia e de bo goberno, e, polo tanto, nós apoiarémola.

O inventariado, en primeiro lugar, e unha sistematización das subvencións axudará —entendemos nós— a ter unha mellor perspectiva dos recursos dispoñibles, algo que nos parecía necesario ter. O importante, con todo —xa se dixo aquí pero nós repetímolo, é a posición de En Marea—, é o resultado que sobre a análise de necesidades de financiamento estrutural de carácter local ten o noso país. E isto lévanos ao verdadeiro problema de fondo, que é o debate sobre un novo sistema de financiamento —tamén local, que é o que agora interesa—; un sistema que clarifique, en primeiro lugar, as competencias existentes, ás que fixo referencia a señora Prado, e que as dote de fondos suficientes para poder exercer correctamente esas competencias —algunhas delas atribuídas, de calquera maneira, mediante a modificación da Lei de bases de réxime local na Lei 27/2013—.

E, falando de financiamento de carácter local, foi unha oportunidade perdida a que tivo o silencio de Feijóo a semana pasada cando o Partido Popular chegou a un acordo co PNV en relación coa modificación ou renovación do sistema do cupo vasco, que, como saben, é un sistema por territorios que acaba incidindo directamente nos propios concellos, que reciben un financiamento adecuado; o cal supón para eses concellos practicamente 500 millóns máis para o ano que vén que serán destinados directamente ao que aquí nos está ocupando. É unha pena que a mansedume de Núñez Feijóo non o levase a reclamar un sistema de financiamento de carácter local xusto para o noso país e para as súas maiorías sociais, tendo un número inxente de concellos que non dan atendido as competencias que teñen atribuídas por norma.

En terceiro lugar, parécenos oportuno obxectivizar os criterios de subvención —parécenos esencial e tamén nos parece unha medida de transparencia básica—, ademais de contabilizar o total das transferencias recibidas, o que poñería en evidencia, como dixo tamén a señora Prado, qué concellos reciben e as contías económicas, e en función tamén das necesidades reais de gasto; algo no que nós concordamos, evidentemente.

E, por último, o esforzo que se pide que se faga en simplificación administrativa tamén é algo que ten que ser saudado positivamente, non sexa que nos pase tamén como co bono de pobreza enerxética, no que quedaron —¿canto foi?— 400.000 euros sen gastar porque seica non había xente que sufrise pobreza enerxética. ¿Ou era, máis ben, que as persoas que eran dependentes e tiñan esa pobreza enerxética non podían acceder aos medios administrativos para poder solicitala —entre outras cousas porque era de carácter telemático e, desde logo, claro, a xente que non está en condicións de pagar a luz seguro que non está en condicións de pagar unha conexión á internet—?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Polo grupo autor da moción, a señora Rodríguez Rumbo

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

No caso da emenda do Grupo do BNG, nós imos aceptar a engádegas, posto que estamos totalmente de acordo coa matización que se fai.

Señora Paula Prado, a verdade é que me encanta; cando non ten argumentos, sempre fala do CIM de Ponte Caldelas. Encántame. É un problema laboral, non é un problema de servizos. E, á parte, non vimos falar aquí do CIM de Ponte Caldelas, vimos falar das subvencións ás entidades locais, evidentemente. (*Aplausos.*) Pero, mire, eu dígolle: ¿por que non toman exemplo das administracións que goberna o Partido Socialista? Mire, Deputación da Coruña: plan único (*Murmurios.*) —si, si, si—, baseado en criterios obxectivos e transparentes, con 74 millóns para 93 concellos, e que vai chegar aos 100 millóns. E a Xunta de Galicia no Fondo de Cooperación Local ten 119 millóns de euros.

E mire, sumaron os programas —se o queren facer, copien, atendan, non estean a falar— sumaron o POS, o PAI, o PAS, as subvencións de cultura, de deportes, de promoción económica, de turismo, de desenvolvemento de servizos sociais e de políticas de igualdade para envellecemento activo. Isto si que é un plan municipal que respecta a autonomía municipal, (*Aplausos.*) isto si que é, tomen exemplo. E non me veña dicir vostede, non me veña... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —estou falando eu—, non me veña dicir vostede que apoia a Xunta de Galicia. Non me veña dicir vostede que vostedes apoian os concellos —perdón—, non me veña dicir que tiveron acordos. Estiveron sete anos sen convocar a Comisión Galega de Cooperación Local. E vostedes mesmos asumiron aquí, asumiron en comisión, que os acordos que alí se toman son os que van adiante, e que, ademais, é o foro adecuado para falar de municipalismo.

Polo tanto, ningunearon durante sete anos a todos os concellos galegos, favorecendo os seus. E as probas están aí para velas e para contrastalas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señor Alberto; si, señor Alberto.

Ben, no caso das súas emendas, miren, as emendas que presenta o Partido Popular son simplemente escusas para non aprobar a nosa moción, porque os oito puntos que nós temos na nosa moción inclúen sobradamente o que vostedes propoñen e algunha cousa máis que se aprobou nese seo da Fegamp: elaborar un estudo sobre as subvencións, axudas e convenios, e demais achegas outorgadas dende a Xunta de Galicia ou calquera entidade instrumental da Administración autonómica, para as entidades locais dende o ano 2010 ata a actualidade —o que pasa é que non o aproban porque saben que iso lles vai quitar as cores—; elaborar un estudo e valoración do custo dos servizos competencia da Xunta de Galicia e que son prestados polas entidades locais e financiados parcialmente mediante transferencias; que, á vista dos resultados do estudo anterior, se estableza un financiamento para a estabilización permanente deses servizos —e aí tamén se inclúen aqueles servizos que poidan ser competencia dos concellos e que estea prestando a Xunta de Galicia, e aí tamén se pode negociar—; suprimir progresivamente as subvencións con fondos propios da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais para integralas no Fondo de Cooperación Local; crear un fondo anual de infraestruturas destinado ás entidades locais formado por aquelas transferencias de capital de distintos departamentos da Xunta de Galicia...;

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...establecer criterios obxectivos e consensuados cos entes locais para a repartición das subvencións; establecer mecanismos que permitan unha visualización anual de todas as transferencias recibidas polas entidades locais e establecer mecanismos que permitan a simplificación. O que pasa é que vostedes non queren, porque ás veces tamén saen así noticias na prensa nas que poñen que un de cada catro euros de investimento de obra pública en Galicia se adxudica a dedo. Esa é a súa forma de proceder.

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Un momento, un momento, por favor!

¡Silencio, por favor!

Señora Rodríguez Rumbo, sobre a emenda é que non me dixo nada. Dígamo desde aí. ¿Vai aceptala ou non?, ¿vai aceptar a emenda?

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Non.

**O señor PRESIDENTE:** Non.

Xa está, xa está, grazas.

Non acepta a emenda. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Señora Prado, saiba que non foi aceptada a súa emenda. *(Murmurios.) (Risos.)*

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de transparencia e bo goberno**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Esta mañá amencemos co novo resultado do barómetro do Centro de Investigacións Sociolóxicas correspondente ao mes de abril, e desgraciadamente, como todos os meses desde hai bastante tempo, resulta que a corrupción se está a consolidar no noso país como segundo problema na percepción de todos os cidadáns. E iso que este barómetro do CIS está efectuado entre os días 1 e 8 de abril e aínda non era coñecido todo o que é o entramado da operación

«Lezo» respecto das tramas do Canal de Isabel II. Non sei o resultado do próximo barómetro onde nos situará nesta situación.

O outro día na interpelación ao señor conselleiro, ao señor Rueda, indicabámoslle unha serie de preocupacións e quero salientar unha, non quero deixar de pasala, porque dicíamos que a cidadanía —estao a confirmar o barómetro do CIS cada mes— está absolutamente desencantada —totalmente noqueada, dicíamos— coa vaga de corrupción que nos asola en toda a xeografía española. E este desencanto recae —dicíamos tamén— nas institucións e tamén e nós, os representantes da cidadanía, percibidos como afastados da realidade e do interese xeral. E, sobre todo, aos partidos políticos por suposto que nos ven como organizacións pechadas e impermeables ás demandas que a cidadanía considera prioritarias. Dicíamos tamén que realmente ás veces o problema era que criamos os partidos políticos ser capaces de asumir estas demandas pero, efectivamente, en moitas ocasións, incompetentes para darlles resposta.

Non quero deixar tampouco pasar esta ocasión de reiterar unha vez máis —porque, se non, parece que estamos sempre falando de organizacións internacionais, etc., e xa que estamos a celebrar hoxe precisamente, día 9, o Día de Europa— o informe de xullo de 2016, como dicía tamén anteriormente, do Grupo Greco, do Grupo de Estados contra a Corrupción, pertencente ao Consello de Europa, que supón —ese informe— un severo correctivo —como dicíamos tamén— ante a inacción das autoridades españolas —as autoridades, é certo, do Partido Popular, porque son as que están a gobernar este país— ao concluír que non observou España realmente de maneira satisfactoria ningunha das recomendacións anticorrupción.

Por iso nós hoxe, para substanciar a interpelación do pleno pasado, presentamos esta moción para pedir basicamente máis transparencia, mellor goberno e medidas máis contundentes contra a corrupción tamén en Galicia. Porque, señores do Partido Popular, tamén en Galicia vostedes, tamén en Galicia o Partido Popular, forman parte de toda a maquinaria popular en España. E, nese sentido, para nós a preocupación existe en España pero tamén existe en Galicia. Nese sentido, moito tememos que ás veces certo ADN das clases dirixentes populares —e non fago referencia ao señor López Crespo, nin a todos os militantes, pero si á forma de xestionar pola clase dirixente popular— e esta situación poida estar enriba da mesa tamén en Galicia e non só no resto de España.

Por iso quería insistir tamén, neste sentido, en que para nós é unha boa noticia... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —non sei, señor Tellado, se..., creo que non vén ao caso neste momento porque estamos falando doutra cuestión... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Por favor, presidente...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Ben, neste sentido congratulámonos de que unha serie de recomendacións e de propostas de resolución que desde o Partido Socialista fixemos en materia anticorrupción con motivo dos ditames do Consello de Contas que observamos esta mañá foran aceptados tamén polo Partido Popular, aínda que non todos, porque realmente a nosa pregunta, a pregunta do Partido Socialista e a miña pregunta, sería realmente se estarían



en condicións de aceptar estas propostas e estas recomendacións se non estiveran realmente atrapados nesta especie de tea de araña da corrupción.

Por iso nós, nesta moción, presentamos oito medidas nas que pedimos de forma decidida novas políticas de transparencia, de bo goberno, de exemplaridade pública, que, ao tempo que avancen substancialmente en instrumentos de información e participación cidadá —que é absolutamente necesario—, incidan de forma especial, de forma contundente, na prevención e a loita contra a corrupción.

E, neste sentido, a primeira medida —como coñecen polo texto da moción— é dotar a Galicia dun réxime específico de protección das persoas que denuncian supostos e prácticas de corrupción, que ofrezca a protección axeitada a traballadores públicos e privados, a directivos públicos e privados, que, tendo coñecemento de casos de corrupción ou de fraude, decidan denuncialos, marcando e necesitando absoluta confidencialidade. Señores do Partido Popular, se o Partido Popular, incluso a nivel estatal, está observando a necesidade de dotarse dunha oficina interna precisamente para facilitar a instrumentalización das denuncias que poidan recibir por casos de corrupción, non privemos a sociedade en Galicia precisamente de ter un mecanismo para que todas as persoas que poidan verse afectadas ou que estean observando supostos de corrupción os poidan tamén denunciar.

Nese sentido, consideramos absolutamente necesario un sistema integral de protección ás persoas denunciante, que consideramos absolutamente necesario xa non para estar á vangarda doutros sistemas políticos ou democráticos senón, polo menos, para poñer-nos na mesma situación. Como dicía o outro día, xa hai varias comunidades autónomas en España que están abordando esta cuestión, e incluso no Congreso dos Deputados se está elaborando ou debatendo algunha iniciativa legislativa neste sentido. Porque non vaia ser que nos ocorra —como dicíamos tamén noutra ocasión— que tramas como as dos cursos de formación e desempregados, tanto na operación «Z» na Coruña como a que se acaba de destapar en Ourense en cursos de formación, resulta que se producen a raíz de denuncias de particulares. E pode ser que incluso a Consellería teña realizado algunha investigación interna, que incluso pedira algún reintegro de fondos, pero realmente ao final o que observamos é que as denuncias de particulares nunca van, a través das institucións públicas en Galicia que coñecen as denuncias, ao sistema xudicial. Resulta que ao final teñen que ser os propios particulares os que cheguen aos xulgados cando ás veces precisamente tiñamos que actuar con moita máis alerta temprana e moita máis prevención.

Neste sistema de protección de denunciante consideramos necesario asegurar unha serie de premisas, como poden ser a prohibición expresa da remoción ou substitución do cargo ou posto do denunciante durante a substanciación das investigacións. Necesitamos que se consolide este sistema de protección integral aos denunciante coa designación e atribución dos medios necesarios, dunha oficina específica e dun órgano independente. Neste sentido, si que poderíamos estar a falar dun reforzamento, precisamente, das novas competencias do Consello de Contas. Ese modelo podería servirnos, pero, evidentemente, dotándoo, como tamén se dicía esta mañá, de suficientes recursos e demais mecanismos.

Necesitamos que estes procedementos tamén teñan ben regulados os prazos, os procedementos e as medidas cautelares que sexan razoables para a tramitación efectiva das denuncias, a posibilidade incluso de traslados provisionais das persoas que denuncian a postos semellantes durante a tramitación dos procedementos, para non recibir, como os casos que imos coñecendo nos medios, ás veces represalias que non poden ser recibidas; e, por suposto, tamén asignar a necesaria representación legal cando o denunciante o precise.

Unha segunda medida sería para nós absolutamente fundamental: a regulación en Galicia dos grupos de presión, dos grupos de interese, dos lobbys, tanto na súa actuación ante o Goberno galego como na súa actuación ante esta Cámara. Como dicía, sigamos os exemplos da Unión Europea na regulación dos lobbys, na regulación dos grupos de presión, dos grupos de interese, aproveitando que tamén estamos no Día de Europa. Creemos un rexistro específico de lobbistas, establezamos a obriga de todo representante público de ter publicada a súa axenda de traballo, establezamos un código ético e montemos un organismo independente que asegure precisamente o funcionamento deste sistema.

Na moción figuran outra serie de medidas —para ir rematando— que consideramos absolutamente tamén necesarias, como nalgunha outra ocasión tivemos motivo de contemplar, para armar todo un sistema que facilite e impulse unha nova política de transparencia e de mellor goberno. Neste sentido, consideramos absolutamente necesario, como dicía anteriormente, na intervención tamén do outro día, que esta Cámara teña un seguimento escrupuloso do cumprimento por parte da Xunta dos acordos aprobados precisamente no Parlamento de Galicia, que nas referencias das reunións semanais do Consello da Xunta se dea toda a información de todos os aspectos, de todos os anteproxectos e proxectos, acordos e informes ou memorias que se presenten, con acceso a textos literais, coa máxima transparencia; que regulemos o ámbito material das leis de medidas, e que non ocorra como o tema que ocorreu este ano da Lei de medidas de 2017, que está a afectar vinte e unha normas sen que se dea o necesario debate parlamentario; e que establezamos mellores sistemas de transparencia nunha serie de materias como poden ser as axendas das viaxes exteriores do presidente, os cadros de persoal, postos de confianza, procesos de participación cidadá na elaboración de políticas públicas e das políticas orzamentarias da Comunidade Autónoma, e tamén para coñecer a información básica dos principais proxectos de infraestruturas, os modificados e os complementarios.

Se completamos todo este elenco de medidas anticorrupción coa incorporación das orientacións da Comisión Europea adoptadas xa en 2014 para avaliar os riscos de fraude, non só na aplicación dos fondos estruturais europeos, senón tamén nas compras, investimentos e subvencións que se desenvolvan por parte da Xunta de Galicia con fondos propios, gañaremos todos en transparencia e gañaremos todos en prevención da corrupción.

Toda esta serie de iniciativas tamén é necesario que vaian acordes cun mecanismo de máxima accesibilidade, periodicidade, explicación metodolóxica dos datos, formatos reutilizables, que permitan...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...a todos os interesados exportalos e utilízalos, porque, señores neste caso do Partido Popular, insisto: a responsabilidade política pola corrupción non se pode saldar nas urnas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Boa tarde de novo.

Efectivamente, hoxe é o Día de Europa. Eu saín antes á rúa no descanso e sentín como vibraba a xente con ese espírito europeísta polas rúas de Santiago, porque, efectivamente, a Unión Europea eu creo que ten moito que ver, en sentido negativo, co tema que estamos a tratar hoxe.

E tamén quería aproveitar a ocasión para, aínda que teñen por costume alí no recanto da dereita aproveitar estas intervencións para resolver así..., dicirlle á señora Paula Prado que non faga trampas ao solitario. Señora Prado...,

Se me concede...

**O señor PRESIDENTE:** Non é obrigatorio iso.

**O señor BARÁ TORRES:** ¿Non? Vale.

En todo caso, o que lle quero dicir é que, nos fondos de libre designación, vostede... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) estaba mesturando os datos, porque vostede sabe —xa era así no anterior período, tamén gobernando o Partido Popular— que existe un plan de concellos que fai unha repartición absolutamente equitativa e obxectiva dos fondos, do que loxicamente o concello máis beneficiado é o concello da Estrada, porque é o máis grande e o que ten máis núcleos de poboación, e Pontevedra e Vigo —xa era así co sistema anterior, tamén gobernando o Partido Popular— teñen un financiamento independente do resto dos concellos.

En todo caso, señor Villoslada, indo ao tema, non se lle pode negar o empeño, a persistencia, a teimosía pola transparencia e bo goberno. É vostede unha especie de misioneiro, propagandista e defensor das bondades desa especie de relixión da transparencia. E parécenos ben, aínda que nós somos bastante escépticos, temos unha actitude —a verdade— crítica con ese discurso. Porque, claro, fálase moito ultimamente de transparencia e de bo goberno, cando acabamos de asistir na última década a un brutal recorte de retroceso democrático e asistimos aos maiores índices de corrupción da historia dunha democracia.

Polo tanto, iso está levando ao descrédito das institucións dun sistema político, o nacido do franquismo, a segunda restauración borbónica, e por iso estas operacións de reforma, de refundación, de branqueo, de purificación, dunha especie de lexitimación dun sistema que é, intrinsecamente, un sistema corrupto e inxusto.

Xa digo que nos últimos tempos se incrementou ademais esa deriva centralizadora e anti-democrática, tanto na Unión Europea, nesa Unión Europea que está hoxe de festa, como no Estado español, cunha maior concentración da riqueza ou incremento da desigualdade e unha maior centralización do poder na toma de decisións en institucións cada vez máis alonxadas da xente e menos democráticas. E iso talvez xustifique tamén o descrédito e a desconfianza en moita xente con respecto a estas institucións.

E, ao mesmo tempo, prolifera a normativa da transparencia, da participación, do bo goberno, que non é máis que maquillaxe e aparencia. Mesmo o Partido Popular de Galicia presume de ser o campión mundial tamén da transparencia e do bo goberno e ter un Portal de Transparencia que utilizan para informar de todos os chanchullos, de todas as reparticións discriminatorias e partidistas que fan dos fondos públicos.

Existen innúmeros exemplos de retroceso democrático, de perda de liberdades e de dereitos cidadáns, de empeoramento da calidade democrática: as reformas laborais, as reformas do Código penal, a Lei mordaza..., por certo, que seguen estando en vigor, aínda que hai unha maioría no Estado español que permitiría botar abaixo estas leis.

E o mesmo nos mecanismos de participación deste Parlamento ou en xeral da Xunta de Galicia, que non teño tempo xa para comentar. O mesmo informe do Consello de Contas pon en evidencia todas as eivas en canto á transparencia e bo goberno deste sistema, ou as decisións da Unión Europea, como dicía antes; por exemplo bastaría facer referencia ás negociacións absolutamente escurantistas e opacas dos tratados internacionais.

E asistimos a paradoxos, como que existen esas webs da transparencia, como xa dixen, auténticos chiringuitos montados para xestionar a transparencia, como Transparencia Internacional, que ten por certo un financiamento moi pouco transparente, e modelos tamén internacionais de transparencia como o do señor Baltar, que é o campión tamén da transparencia en Galiza e no Estado español; polo tanto, demostra tamén isto que, en nome da transparencia, se pode facer a política máis caciquil.

Por certo, que, se queremos dar exemplo de transparencia os grupos aquí presentes, eu creo que sería unha boa cousa para a transparencia e bo goberno, por exemplo, aprobar comisións de investigación a respecto de Angrois e tamén dos contratos de Villar Mir. Ese sería un bo exemplo de transparencia e bo goberno. *(Aplausos.)*

Desde logo, o BNG non se vai opoñer a estas medidas, pero que quede clara tamén a nosa desconfianza con respecto a este discurso reformista, de maquillaxe, de branqueo, dunha especie de rescate do réxime, que está absolutamente deslexitimado. E, polo tanto, nós imos seguir dando a batalla non por reformar este réxime, senón por transformalo, por romper con este réxime corrupto e inxusto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Señorías.

É unha verdadeira mágoa que a oposición teñamos que seguir insistindo nestas cuestións sobre a transparencia e o bo goberno ante a falta de pudor, responsabilidade e vontade real do Partido Popular e do PPdeG. E despois da intervención aquí do compañeiro o señor Crespo..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —¿Eh? Por iso. Estou falando...—

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, non dialoguen.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Esta mañá quedei máis desolada despois de escoitalo. Na miña primeira intervención, cando falei coa conselleira, deixei moi claro que cando falabamos de corrupción non estabamos dicindo que todos os integrantes que estades aí sentados do Partido Popular sexades corruptos. É que o grave foi que a súa compañeira Cristina Romero foi a que dixo que todos son corruptos, foi Cristina Romero quen o dixo (*Murmurios.*) Nós, dende logo, non pensamos iso; si pensamos que están dentro afiliados dun partido corrupto, imputado por corrupción. E mal favor lle fan a compañeiras como Cristina Romero dicindo esas afirmacións, e, ademais, repito xa o dito e vólvollo repetir, e non llo digo aquí, dígollo en privado e dígollo aquí.

Iso non quere dicir que estamos nos antípodas ideolóxicos e que é unha mágoa que defendan algúns de vostedes o indefendible. Nós condenamos o seu partido e gran parte dos seus membros imputados, condenados e sospeitosos de prácticas ilegais, porque a corrupción non son casos illados; cada día seguen saíndo máis e máis casos, e delitos de corrupción incluso da que nós consideramos corrupción legalizada. É terrible, e amosa que o seu partido —un partido imputado por corrupción, por esta corrupción, mal que lles pese— está corrupto de arriba abaixo. E o problema non son as persoas, claro que non son as persoas, é o seu funcionamento, son as súas estruturas, é a súa forma de facer política, deste xeito mafioso, cunha impunidade e desvergonza chegando a límites insospeitados, sen que ninguén tome responsabilidade real nisto que está pasando; unhas estruturas nas cales hai individuos que parasitan as nosas institucións e a nosa democracia; e vemos que isto non sería tolerable en ningún caso en calquera dos nosos socios europeos, en calquera destes países.

O presidente do Goberno, que vai declarar por un caso tan grave como a Gürtel por corrupción; a presidenta da Comunidade de Madrid, do seu partido, a señora Cifuentes, tamén testemuña pola Púnica; o señor Ignacio González, ameazando con pegar dous tiros a xuíces; a Fiscalía Anticorrupción, facendo chivatazos aos mangantes.

E, efectivamente, non soamente lles toca a vostedes, hoxe tocoulles a vostedes e tamén lles tocou aos Pujol. Non soamente lle pasa ao Partido Popular, hai máis, efectivamente. (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non, non, non, señor Pazos, a nós non, a nós non. (*Murmurios.*) E, ademais...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor, silencio.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** ...sigan agochándose nestas catro paredes, agochándose coa súa maioría absoluta, porque a xente fóra sabe perfectamente a verdade; dío o CIS, a opinión pública: o que gañan aquí pérdeno fóra, e sábeno.

É máis. Eu podo discrepar incluso ideoloxicamente de xeito apaixonado, como co señor Tellado, podo discrepar, pero persoas implicada na Pokémon e persoas que teñen moito que calar, e sobre afirmacións que lles foron pinchadas telefonicamente, polo menos que teñan un pouco de pudor e que se corten un pouco á hora de atacar persoas que estamos totalmente libres de ningún tipo de sospeita no referente a corrupción.

Por iso nós imos apoiar esta iniciativa do Partido Socialista, e dígollo con pena, dígollo con pena, que sigan vivindo na negación.

Temos demasiados casos onde os políticos non dubidan en usar a súa posición para que as empresas saian beneficiadas a cambio de recibir agasallos, subornos, portas xiratorias e financiamento ilegal. Esta situación xera unha grande alarma social —repito—, como volve dicir o seu CIS, e, por moito que queiran desviar a atención con outras cousas, os seus máis de oitocentos imputados e a multitude de tramas que destrozan a nosa democracia e o noso sistema público e a nosa credibilidade como país están aí.

O señor Feijóo e vostedes véndense como uns grandes loitadores contra a corrupción; o señor Feijóo, como unha especie de súper heroe galego; por momentos semella que os nomes de Pablo Crespo ou do seu amigo íntimo Pachi Lucas non lle soan de nada; tampouco lle soan Baltar, Cuiña, Cacharro, Villar Mir, Louzán; non lle soan de nada. Nin Marcial Dorado lle soa, o seu antigo amigo íntimo, que o coñecía toda Arousa e sabía a que se adicaba, menos o señor Feijóo. Pásalle como á infanta e como a Ana Mato, non se entera de nada.

É curioso e non sabemos que nos parece peor. Poden aprobar as leis que queiran, non teñen ningunha credibilidade. Cando na Comisión 1ª lles preguntamos sobre as tarxetas *black*, non respostaron, porque, evidentemente, é como o raposo falando de coidar o galiñeiro e cando o pillan roubando berra «Venezuela». (*Murmurios.*)

A iniciativa que hoxe trae aquí o Partido Socialista, loxicamente, vai na liña que nós temos de entender a política, e concretamente no apartado desta moción, onde di que se defende un réxime específico de protección das persoas denunciante das prácticas de corrupción con medidas como a confidencialidade do denunciante ou a creación dun órgano independente para a tramitación de denuncias entre outras medidas, ten todo o noso apoio, que tamén propuxemos un observatorio cidadán independente de avaliación das políticas públicas, que o PP votou en contra.

E esta iniciativa é axeitada, porque existen presións aos traballadores e traballadoras cando queren denunciar casos de corrupción. Soubémolo hai nada a través da operación Lezo, a presión a unha traballadora da empresa Canal Isabel II por intentar denunciar un presunto caso de corrupción do seu tamén agora xa repudiado dirixente Ignacio González.

O tempo vainos dando a razón...



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** ...—xa remato—, e dende o noso grupo parlamentario, loxicamente, repito: apoiamos esta iniciativa, seguimos adiante aprobando, propoñendo e apoiando iniciativas deste tipo aquí e tamén visibilizando nas rúas o que se agocha aquí e non sae de aquí.

Claro que imos seguir denunciando, porque temos unha maioría social que nos apoia, que nos respalda, je sábeno! (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Non nos conformamos con ser gobernados por un partido imputado. E, como hai alternativa, nós imos seguir pelexando, non só por erradicar as persoas que non illan nin solucionan o problema, senón que queremos eliminar este problema sistémico que parasita as nosas institucións e os nosos gobernos.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Santos.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Despois da abrumadora cascada de propostas das Mareas de Podemos para combater a corrupción, permítanme que non me refira a ningunha en concreto, porque preciso polo menos de dous días para analízalas e valoralas. Así que do que si vou falar é de medidas que si tomou o Partido Popular para combater a corrupción, porque esas si que son unha realidade. (*Aplausos.*)

Foi en xaneiro do ano 2015 cando o presidente Feijóo anunciou solemnemente nesta Cámara o impulso dun paquete de medidas de rexeneración democrática que levaba consigo a aprobación de cinco leis en cincuenta días. E o Partido Popular cumpriu con ese compromiso e aprobou a reforma da Lei do Consello de Contas, para dotar ese órgano de control de facultades en materia de prevención de corrupción; a Lei de financiamento dos partidos políticos; a Lei que ampliaba a participación cidadá na política e na vida parlamentaria; a Lei de asistencia xurídica, que impide que se poidan usar fondos públicos na defensa de persoas encausadas en procesos de corrupción; e a Lei de transparencia e bo goberno.

Non obstante, observamos como o Partido Socialista é absolutamente inconsistente en políticas de rexeneración democrática, como amosou a pasada semana ao propoñer a eliminación de aforamentos no caso de que se revise o Estatuto. ¿Vostedes non lembran, señor Díaz, que no seu día presentaron unha proposta de reforma de Estatuto? ¿Onde estaba a eliminación dos aforamentos naquela proposta? ¿Por que o señor Besteiro se negou a falar diso en 2014 despois dunha reunión co presidente Feijóo na que lle propuxo ese acordo, entre outros? ¿Pódenolo explicar, señor Díaz? (*Murmurios.*)

Señora Rodríguez, 1 de cada 4 euros en investimento en obra pública en Galicia adxudícase a dedo. É que esta é a noticia que eu lle lin. Pero é que o 12 % era a Xunta e o 37 % os concellos e as deputacións. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¡Hai que ler toda a noticia! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¡Hai que ler toda a noticia!

Dicía o señor Villares antes —referíase ao ticket eléctrico— e eu quéroilles dicir... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que todas as solicitudes de ticket eléctrico da Xunta foron cubertas. E non, por exemplo, poden dicir o mesmo os señores das Mareas de Podemos cando no concello de Santiago hai 123 persoas en lista de espera para o servizo de axuda no fogar; eses son os dependentes que hai que atender. E na Coruña acaban de quitar 1 millón de euros da partida de renda social para bicicletas. Supoño, señorías, que xa terán conexión á internet.

E cando se fala de partidos políticos —tamén o digo porque igual non o teñen nos seus arquivos e voulles enriquecer con algunha outra noticia que parece que lles falta en todo ese repertorio que veñen dicir aquí en todas as súas intervencións—: «*El Tribunal de Cuentas detecta irregularidades en los gastos electorales de las Mareas*». Poden lelo, poden comprobalo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) «*El Tribunal de Cuentas confirma que Podemos pagó parte de su campaña con otra cuenta corriente*» —e non habilitada para tal efecto—. (*Murmurios.*) «*El Tribunal de Cuentas considera que Podemos incumplió la Ley electoral*». (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por non falar das prevaricacións loables e dos imputados das Mareas de Podemos. (*Murmurios.*)

Señor Díaz, o Grupo Socialista improvisa. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Adoitan queixarse de que a Xunta muda leis de recente aprobación, pero vostedes están constantemente facendo propostas de modificación da Lei de transparencia, aprobada o ano pasado, que foi aprobada sen ningún voto en contra e despois de ser pactada con vostedes; presentaron 25 emendas e o Grupo Popular aceptoulles máis da metade. ¿Ese pacto xa non lles vale, señor Díaz? ¿O seguimento dos acordos parlamentarios por informe anual xa non lles vale? ¿A información sobre viaxes institucionais, cuxa redacción literal na lei pactamos con vostedes, tampouco lles vale, señor Díaz?

Nós estivemos tentados a incorporar unha emenda ao seu texto para dicir: a Xunta incorporará as seguintes medidas unha vez que o faga algunha administración gobernada polo Partido Socialista. Porque exactamente, señor Díaz, o da protección de denunciante ¿van explicarllo á súa presidenta da Deputación de Pontevedra, esa que insta a «*tener cuidadito*», esa, cando se fala dun asunto de corrupción e advirte e ameaza? ¿Esa proposta é para a presidenta da Deputación de Pontevedra? (*Murmurios.*) Mellor que llo expliquen vostedes, porque, se llo explicamos nós, igual nos acusa de machistas, porque aquí cada vez que se fai crítica a unha muller política dise que é machismo. (*Aplausos.*) Eu reivindico a capacidade das mulleres políticas para encaixar críticas... (*Aplausos.*) e non para apelar ao machismo cada vez que se nos critica por algunha actuación.

Claro, que agora tampouco imos poder falar dos seis concelleiros imputados do Concello de Vigo, incluído o señor alcalde, Abel Caballero, por non falar da contratación da cuñada da señora Silva. E seguro que tampouco podemos falar do alcalde condenado —xa non imputado— de Camariñas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, señor Díaz: Besteiro, Orozco, Chaves, Griñán, Pichurri, Abel Caballero, os cinco concelleiros restantes e a cuñada de Carmela Silva non comparten ADN con ningún membro do Partido Popular, pero si comparten o principio de presunción de inocencia, que nós lles damos a todas as persoas que están imputadas. Diferente caso é o do señor Pichurri, que, claro, está condenado e aínda estamos agardando... *(Murmurios.)* que dimita. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Losada, eu entendo que a vostede lle presta vir aquí e ser voceiro, pero é que, se por min fora, eu deixáballe falar, pero fale cos membros do seu grupo e que lle deixen falar, ¡que lle deixen falar, señor Losada! Eu xa sei que a vostede lle gustaría vir aquí defender a señora Silva e o señor Abel Caballero, pero, mire, o señor Caballero está imputado e a señora Silva pois ten un problema, ten un problema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, no seu día xa presentamos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRADO DEL RÍO:** Pois as súas compañeiras do Concello de Santiago non os compraban... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRADO DEL RÍO:** As súas compañeiras do Concello de Santiago...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Estamos rematando xa.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...non os compraban, que llelos regalaban.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Igual que ás do Bloque Nacionalista Galego, señor Losada. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señor Losada, por favor, silencio.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Señor Losada, vostede sabe que ás súas compañeiras do Concello de Santiago lles regalaban os bolsos. E ás do Bloque Nacionalista Galego... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...tamén lles regalaban os bolsos, ¿verdade? *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** A min non me regalaron... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señor Losada, silencio.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Iso á señora Yolanda Díaz, de Izquierda Unida; era do Vega Sicilia e do Moët & Chandon.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Eu a verdade é que non sei... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Mire, leccións... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...leccións do Partido...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Remate xa, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Si, pero se me deixan falar, señor presidente; se non, déame un pouco de tempo.

**O señor PRESIDENTE:** Non, mire o reloxo.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Xa, xa, non, pero é que me interrompen constantemente.

**O señor PRESIDENTE:** É que o reloxo é para todos igual.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ¡Claro! Porque a ver...

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, non, pero vaia rematando xa. *(Murmurios.)*

E ¡silencio, por favor!, para terminar este tema. E deixémonos de bolsos e de historias, por favor. *(Risos.)* Rematemos este asunto, ¡eh!, veña. *(Risos.)* Rematemos, ¡que xa está ben! ¡Veña! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por iso. ¡Veña!

Rematemos, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** É que non lles gusta que falemos dos bolsos das concelleiras do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Pero a min non me importa falar dos bolsos...

**O señor PRESIDENTE:** Rematemos.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...das señoras nacionalistas e socialistas, ¡claro que si!

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Está nun sumario recollido, é dicir, o sumario é público para todo o mundo.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Miren... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, está nos medios de comunicación publicado.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señora Prado, remate. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

**A señora PRADO DEL RÍO:** Señora Vilán, está publicado nos medios de comunicación, por desgraza. *(Murmurios.)*

Mire, no seu día presentamos unha emenda na que dicíamos que isto debe ser regulado polo Estado, vostedes non a aceptaron. Mire, xa escusamos presentar emendas, porque vostede, con moita soberbia, no pleno pasado dixó que non ía aceptar matices neste tema. E nós do Partido Socialista non imos aceptar nin unha soa lección neste tema.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo autor da moción, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Si, presidente. Grazas.

Seguindo a orde de intervencións, porque, por moi alporizada que estea a señora Prado, non vou iniciar esta contestación... *(Aplausos.)* Entón, vou seguir precisamente a orde de intervencións.

Señor Bará, é certo que ás veces son persistente; creo que a persistencia é necesaria cando observamos que hai que tomar medidas nunha situación como a actual en materia de transparencia. É certo tamén que son —e falo aquí creo que non só a título persoal— un europeísta convencido, e un europeísta ademais diría que federalizante. Creo que temos que chegar aí, é certo que será difícil, pero é certo que nunha Europa social, non na Europa da gran recesión que temos vivido. Pero si que creo que Europa nos ten dado ao noso país a grande oportunidade de mellorar no sistema político, no sistema democrático e nos nosos indicadores económicos. Outra cousa é a deriva que ten tomado a Unión Europea nestes últimos anos de gran recesión.

Pero por iso si que eu aposto, e creo que todos deberíamos apostar, por medidas —as positivas— que veñen da Unión Europea para poder equipararnos precisamente a parámetros políticos, a parámetros democráticos do noso mellor contorno. E nese sentido o que si ás veces pediría é: se estas non son as alternativas máis axeitadas, ¿cales serían esoutras alternativas que nos poderían a todos axudar a completar un verdadeiro marco de loita contra a corrupción?

Creo que exixir a axenda pública de todos os representantes públicos, creo que establecer unha oficina e todo un sistema de protección de denunciante —si, tamén especificamente en Galicia, como noutras comunidades autónomas, creo que Galicia non é menos precisamente—, establecer a regulación de todos os grupos de presión ou regular as leis de medidas non son maquillaxe, senón que son realmente medidas que podemos tomar.

Grazas tamén polo apoio do Grupo de En Marea a todas estas medidas.

E o que me sorprende é precisamente a agresividade —case vou tachar de agresividade no mellor sentido ou no sentido dialéctico da expresión— da intervención da señora Prado. Véxoa demasiado —como dicía no meu inicio de intervención— alporizada ou alterada, espallando todo tipo de situacións, tanto respecto desta iniciativa como de iniciativas anteriores. Eu creo que ás veces ese mellor ataque non é a mellor defensa, porque creo que saíu precisamente a defender unha situación do Partido Popular. E se sae a defenderse, é que se sente precisamente atacada, cando precisamente non se debía sentir atacada cando nós estamos a propor medidas anticorrupción e medidas de transparencia.

¿A Lei de 2016 segue a materia da transparencia, se non a cumpren escrupulosamente? Non. ¿A situación de 2016 é a situación de 2017 en materia de corrupción? Non, absolutamente. E nese sentido non poden dar leccións a ningún grupo político deste país. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E nese sentido o que sempre me chama a atención e me chamará a atención é por que sempre miran para atrás, porque sempre miran as medidas adoptadas e non miran as medidas que podemos adoptar.

E en materia de aforamentos, evidentemente, o que pedimos é un posicionamento claro dos grupos políticos neste momento que consideramos oportuno para ter unha posición respecto de cando reformemos —espero que algún día chegue ese momento— o Estatuto de autonomía de Galicia. (*Murmurios.*)

Pero no relatorio que me fixo non me falou de Pablo Crespo como secretario de organización deste Partido Popular de Galicia durante oito anos, nunca. Non me falou do xuízo oral aberto ao ex-delegado da Xunta en Ourense. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non me falou de todas as tramas en materia de formación... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.



**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...en Ourense, o ex-alcalde de Monterrei... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Se me deixan falar, pois sería moito mellor. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Si, si. Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio. Estamos rematando xa. *(Murmurios.)* Estamos rematando. Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Non, non, relato. Porque eu non pensaba relatar isto... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Non interrompan; se non, é moi difícil isto. Gobernar isto é moi difícil se se interrompen..., *(Murmurios.)* claro, é moi difícil. *(Murmurios.)*

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Así non podo terminar.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

É complicado... Si... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Remato se me deixan os señores e señoras do Partido Popular, porque tampouco dixeran nada... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...do ex-alcalde de Sada, do ex-alcalde do Porriño. Non dixeran nada de que o Partido Popular...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...é o único partido por corrupción procesual neste país... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...e Mariano Rajoy o primeiro presidente do Goberno chamado como testemuña en casos de corrupción. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e D. Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar o emprego no sector da automoción e dos seus compoñentes**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo punto 20 bis na parte resolutiva da moción que quedará redactado co seguinte contido:*

*«20 bis.- Desenvolver e executar na súa totalidade todos os programas de Formación para Ocupados recollidos nos orzamentos de Galicia, establecendo mecanismos de axuste coas demandas específicas das empresas e todos os medios de control que garantan o seu correcto desenvolvemento.»*

*Débase engadir un novo punto 20 ter na parte resolutiva da moción, que quedará redactado co seguinte contido:*

*«20 ter.- Desenvolver e executar na súa totalidade todos os programas de Formación Profesional Dual recollidos nos orzamentos, establecendo mecanismos de axuste coas demandas específicas das empresas, garantindo a non substitución de traballo remunerado nas mesmas, e establecendo tódolos medios de control que garantan o seu correcto desenvolvemento.»*)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra o señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Boa tarde a todos.

*(Murmurios.)*

Vou beber un pouco de auga, xa que están falando.

Boa tarde de novo.

Cando cheguei a este Parlamento e me adxudicaron a voceiría na Comisión de Industria houbo xente que me comentou que tiña sorte de poder debater cun conselleiro formado, coñecedor da industria de Galicia e que sabía do que falaba. Nas súas primeiras intervencións a verdade é que me defraudou un pouco ao ver que eludía realidades como, por exemplo, o intento do espolio de Ferroatlántica por depredadores financeiros. Pero a verdade é que no pasado pleno, cando presentei a interpelación sobre as problemáticas das industrias de compoñentes do automóbil, deixoume realmente pasmado.

Primeiro, por non coñecer a dinámica parlamentaria e solicitar propostas a En Marea cando faciamos a interpelación. Unha interpelación, como todos saben, é para poñer sobre a mesa

unha problemática e solicitar do Goberno que pensa facer para afrontala. Despois a verdade é que o entendín moi ben. O conselleiro non traía ningunha proposta de goberno sobre o asunto e por iso a solicitaba a En Marea..., (*Murmurios.*) cousa que, como todos sabemos, correspóndenos na moción, que hoxe faremos e de maneira que esperamos que ilustre o conselleiro sobre como debe ser unha política industrial e de país neste sector.

Parece que o señor conselleiro, como bo neoliberal, recupera a frase do señor Solchaga: «a mellor política industrial é a que non existe». E xa sabemos as consecuencias para Galicia desas non-políticas, sobre todo na destrución da industria naval.

Seguro que o señor conselleiro coñece as análises DAFO e o aplicou na súa intervención do pasado pleno. Como todos saben, é unha maneira de analizar a situación dunha empresa ou sector explicitando as súas fortalezas, as debilidades, as súas oportunidades e ameazas, e, a partir deste análise, poder desenvolver accións para transformar as debilidades en fortalezas e as ameazas en oportunidades.

Pero non hai peor cego que o que non quere ver. Neste caso o conselleiro a verdade é que non está cego, máis ben faise o birollo, e só quere ver as fortalezas. Estivo dez minutos falando das fortalezas do sector, que son evidentes. Albisca de maneira desenfocada as oportunidades —poucas ve—, pero a verdade é que non quere nin ver as debilidades e moito menos as ameazas. Parece que aplica o dito de: «ollos que non ven, corazón que non sente.»

Pero os que si o van sentir, con esta absoluta inacción de goberno, son as empresas e as traballadoras desta industria de compoñentes do automóbil. Querían propostas, pois aquí teñen: vinte propostas para intentar axudar a dar solucións ás debilidades e para afrontar as ameazas e transformalas en oportunidades do sector de compoñentes do automóbil.

Primeira debilidade, a capacidade de aportar garantías para conseguir financiamento, sobre todo nas pequenas e medianas empresas. E aquí desenvolvemos catro propostas: incrementar o fondo de avais do Igape en 7 millóns de euros, dado que as garantías financeiras son o principal problema do sector para a súa renovación tecnolóxica e mellora da competitividade; isto permitiría mobilizar un mínimo para o sector de 140 millóns de euros en préstamos; e non é tan importante, en cambio, a maior dotación que fai o Igape, que, como xa repetiu moitas veces, aséntase no apartado puramente financeiro e dota de moito presuposto a subvención de intereses; e ese non é o problema: o sector pode devolver os créditos, porque é rendible; o problema real son as garantías para conseguir os préstamos. Desenvolver convocatorias de avais do Igape específicas para os sectores tractores para a industrialización de Galicia, como, entre outros, é o do automóbil. Incrementar os préstamos a longo prazo do Igape, fundamentalmente para pequenas empresas, que, ademais dos problemas de garantías, teñen moitas máis dificultades para acceder directamente ao capital financeiro e privado; plantexamos incrementar estes préstamos en 20 millóns de euros nos próximos orzamentos. E, á súa vez, desenvolver convocatorias de préstamos a longo prazo do Igape específicas para os sectores tractores para a industrialización en Galicia, como, entre outros, é o automóbil, o naval, as industrias derivadas do sector primario e outros que habería que ir identificando.

No eido do I+D+i, plantexamos outras catro propostas: incrementar as actuacións de I+D+i da Axencia de Innovación de Galicia nun mínimo de 10 millóns de euros. Desenvolver convocatorias dentro das actuacións de I+D+i da Axencia de Innovación de Galicia específicas para os sectores tractores para a industrialización de Galicia; despois chegarán como unha choiva fina ao resto dos sectores. Garantir e desenvolver con tempo todas as convocatorias que nos orzamentos da Axencia Galega de Innovación e doutras partidas orzamentarias dirixidas á promoción do I+D+i, e que serán executadas ao 100 % neste exercicio de 2017 e os seguintes da lexislatura, cousa que nos últimos anos nunca se fai —sempre queda un mínimo dun 20 %-25 % sen executar—. Propiciar as estratexias colaborativas dentro de todas as convocatorias de axudas ao I+D+i de pequenas e medianas empresas, sen ter que contar dentro do *pool* ou consorcio que opte ás mesmas con grandes compañías, porque xa sabemos o que está a pasar: ao final o diñeiro queda nas grandes compañías e as pequenas e medianas, que son realmente as máis innovadoras, non poden desenvolver os seus propios proxectos.

Tamén dúas propostas no eido da formación: desenvolver, en colaboración coas universidades galegas, cursos de formación para titulados superiores específicos nas tecnoloxías máis avanzadas para o desenvolvemento de novos produtos de alto valor engadido e, en concreto, nos seguintes ámbitos: conducción autónoma, novos materiais, produtos e sistemas para a mellora do confort no automóbil e tecnoloxías e procesos para a implantación das fábricas avanzadas e 4.0. Desenvolver cursos de formación continua e de formación profesional no ámbito do traballo con robots —o que se chaman os co-robots— e nas operacións de programación, axuste, mantemento e seguimento operativo dos mesmos, e que non teñan que vir técnicos de fóra de España e fóra de Galicia, como estamos a ver nestes momentos.

Dúas propostas para mellorar o control do bo fin das subvencións: dotar o Igape e a Axencia de Innovación de Galicia de funcionarios ou persoal laboral de alta especialización para a supervisión de que as subvencións, axudas financeiras, avais e outros incentivos son aplicados de maneira rigorosa aos obxectivos marcados nas convocatorias correspondentes, cousas que en moitos casos non ocorre, como se viu claramente na operación Campión, onde, por certo, está imputado un antigo compañeiro da súa bancada e un director xeral do Igape, porque as axudas non ían realmente para o que saíron na convocatoria e para o que se adxudicaron. Suprimir as contratacións con consultoras ou persoal externo aos organismos mencionados no punto anterior, para o control das axudas e incentivos descritos no punto 7; a realidade é que se está a contratar consultoras que non teñen ningún coñecemento real da actividade industrial desas compañías e, ao final, todo o proceso de control é un auténtico paripé.

Máis propostas —querían propostas—, dúas de transporte: axilizar os traballos e xestións necesarias con outras administracións para o desenvolvemento completo e urxente da autópista marítima do Atlántico, verdadeira porta de saída cara a Europa da produción das industrias do automóbil e de moitas outras industrias. No mesmo xeito, desenvolver o proxecto de transporte por ferrocarril, enlace portos, portos secos, imprescindibles para este tipo de industrias, e zonas industriais de Galicia coa Rede Europea de Transporte.

Outra máis de solo industrial: proporcionar solo industrial dotado de todas as instalacións, ben comunicado e a prezos competitivos para cubrir as necesidades das empresas, con actuacións diferentes, entre elas, e de maneira prioritaria, rematar por fin a PLISAN (a plata-

forma loxística de Salvaterra-As Neves) neste exercicio 2017; xa levamos varios anos de atraso.

Unha máis —e fundamental no eido da enerxía—: instar o Ministerio de Industria a desenvolver en España as axudas contempladas pola Unión Europea, e que se están a utilizar de maneira masiva en Alemaña e outros países do norte ao consumo industrial de enerxía mediante subvencións, ás que constitúan contratos bilaterais para consumir maioritariamente enerxías renovables. Desta maneira non veriamos os parques eólicos parados moitos días e poderían estar dando subministración ás industrias galegas con custos totalmente subvencionados e permitidos pola Unión Europea, como a directiva que saíu xa hai un ano.

E catro últimas transversais estratéxicas: desenvolver unha estratexia colaborativa na Eurorexión, eludindo prácticas de competencia desleal que impliquen crear un polo poderoso do automóbil, que poida traer moitos máis investimentos e axudas europeas compartidas. Desenvolver un plan estratéxico que defina todas as actuacións a emprender en colaboración con todo o sector de compoñentes, centros tecnolóxicos e todas as institucións relacionadas co automóbil, para conseguir a implantación no sur de Galicia dunha nova ensambladora de automóviles, dando preferencia a proxectos orientados á fabricación de vehículos eléctricos. Garantir que todas as medidas anteriores se desenvolverán tendo como premisa básica ineludible e de maior rango a creación ou como mínimo o mantemento do emprego e o mantemento das condicións de traballo. Constituír unha mesa de seguimento de todas estas medidas e outras que poidan desenvolverse, coa presenza de todo o sector, sindicatos e administracións.

Por suposto, hai moito máis que facer, pero aquí xa teñen vinte propostas para empezar a traballar abondo. E, por favor, non perdamos outros tres anos en política industrial, non sigamos a recomendación do señor Solchaga e teñamos que esperar a un goberno de En Marea para empezar a traballar; probablemente sexa tarde.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Esta mañá empezamos con Jacques Derrida e a deconstrución. Eu vou continuar por esa liña. Isto que pode parecer a xenealoxía dunha casa real europea calquera pois é a xenealoxía do caso Lezo, Púnica, Gürtel, en fin, diso todo que non ten que ver, en absoluto, co Partido Popular, e que todos sabemos que forma parte da dimensión hiperespacial da política española neste momento. *(Aplausos.)* Exactamente diso, señora Prado.

Considero, ademais, mire, que é absolutamente mesquiño falar aquí de alguén que non está imputado... *(Pronúncianse palabras que non se permiten)* —si, si, Vigo— cando se está falando...

**O señor PRESIDENTE:** Señor Losada, por favor, pídolle por favor que vaiamos ao tema.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Véxoo...

**O señor PRESIDENTE:** Si, si, pídolle por favor, se pode ser, que vaia ao tema. Pídlollo como un favor persoal, que vaia ao tema hoxe, porque ¡xa é un asunto que...! Por favor, vaia ao tema. Pídlolles, por favor, se poden ir todos ao tema.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Vou ao tema, pero vaime permitir que, despois dunha intervención desta mañá dun voceiro do Partido Popular, vaia ao tema á miña maneira, ¡eh!, á miña maneira. (*Aplausos.*) Ou sexa, non vou ir ao tema á maneira dun presidente do Parlamento arbitrario que decide cal é a maneira de ir ao tema en función de quen está falando.

**O señor PRESIDENTE:** Non sei de que me fala.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Pero eu si sei do que estou falando.

**O señor PRESIDENTE:** Non sei do que me fala agora, pero bueno.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Bueno, seguimos...

**O señor PRESIDENTE:** Non sei do que me fala.

Por favor, ao tema.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** É verdade que se falou de Derrida e de Carl Schmitt. Eu, cunha humildade intelectual, vou falar de Mariano Rajoy e de Andrea Fabra, porque vou falar de emprego. Non pensen que non vou ao tema. Vou falar de emprego, porque, ao final, competir internacionalmente a automoción, como calquera outro sector, é falar de emprego. E, ¡home!, todos sabemos o que dixo o outro día o señor presidente: na vida hai que saber mirar para outro lado. Esta é unha versión de boa crianza daquel «*que se jodan*» de Andrea Fabra, que —¡home!, seu pai está na cadea— a verdade é que non se podía esperar moito máis que «*que se jodan*».

Os socialistas non imos mirar para outro lado, e a situación laboral deste país é dramática. Insisto: os socialistas non imos mirar para outro lado e, desde logo, o partido no que milito non está investigado por corrupción. (*Murmurios.*) Ben, non está investigado por corrupción..., (*Aplausos.*) —gústelles ou non—, non está investigado por corrupción.

Polo tanto, este tema de mirar para outro lado ten que ver —insisto— coa calidade do emprego, e a calidade do emprego é estabilidade, son salarios dignos, e iso é o que permite innovar e mellorar os procesos produtivos, e iso é o que permite competir internacionalmente, e iso é o que permitiría, efectivamente, evitar no fondo a deslocalización, neste caso, da automoción, pero tamén doutros moitos sectores.

E quero poñer un exemplo. A verdade é que non son eu moito de falar de casos concretos, pero eu creo que é ilustrativo do mundo que se está construindo. Unha empresa que traballa



para a maior empresa pública. E, por certo, temos que reflexionar todos sobre o papel que debería ter, o papel exemplificador que debería ter o ámbito público, a empresa pública, na construción de sociedades mellores. A maior empresa pública de Galicia, Sogama, unha empresa privada que traballa para ela. Estou falando exactamente de formación e emprego e, polo tanto, de deslocalización. Un traballador cun contrato eventual que lle remataba un día determinado, un martes, calquera martes; ata ese martes ninguén lle dixo nada, ese martes levantouse ás catro e media da mañá e traballou de seis da mañá a dúas da tarde, e ninguén lle dixo nada, co cal el entendeu que o seu contrato continuaba, e dúas horas despois, cando estaba descansando despois de comer, porque se levantara ás catro e media da mañá, chamárono por teléfono para dicirlle que ao día seguinte xa non fora, que o seu contrato tiña rematado.

Este traballador traballaba para unha empresa pública galega dun Goberno presidido polo señor Feijóo. ¡Vaia se hai que mirar para outro lado para tolerar estas situacións laborais absolutamente indefendibles! E temos que escoitar aquí e tivemos que escoitar, e eu escoitei dicir aquilo de que mellor catrocentos euros que nada.

Eu fixen a miña tese sobre Cuba na época colonial e recordo moitos informes dos escravistas, que dicían que o cunco de arroz que lles daban aos escravos era máis do que podían conseguir nos campos de azucre unha vez que se cortaba a caña e non había nada que recoller —digamos—, ningún produto alimenticio que recolectar.

E disto é do que estamos falando, e deste tipo de sociedade. Mañá discutiremos unha iniciativa do BNG sobre o orzamento do Estado, e o que se está construíndo. Por moito que vostedes veñan aquí, deconstrúan a realidade ou intenten deconstruír a realidade, e esta situación laboral —insisto— absolutamente indigna que impide calquera proceso de modernización competitiva, en calquera país do mundo, é dicir, non se pode, nunha situación de temporalidade extrema, con salarios de miseria, coa inestabilidade que supón —e volvo repetilo, porque me resultou absolutamente intolerable no ano 2017 en Europa occidental—, esperar a que unha persoa acabe a súa xornada de traballo o día que lle remata o contrato e chamalo dúas horas despois a casa para dicirlle que o día seguinte non vaia traballar. A min gustaríame que vostedes puideran repensar —deconstruír— nesa situación.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Polo tanto, nós imos apoiar estas medidas. Incorporamos unha emenda de adición de dous temas que cremos que enriquecen unha iniciativa, que xa é ampla, sobre formación e emprego. Sobre formación e emprego porque, por certo, mentres traballa tanto o Goberno galego, e mentres é tan solidario, funciona tan ben e está tan preocupado pola internacionalización, hai tres días saía un titular de que aproximadamente o 15 % dos galegos e galegas entre 16 e 29 anos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...non traballaban nin estudaban, e practicamente o mesmo día saía unha modificación orzamentaria para incorporar 77 millóns de euros de remanente do

ano 2016 que se ve que o Goberno temporal, o Goberno central en funcións, lle impediu ao Goberno galego executar.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Este é un mundo que se está deconstruíndo, señorías. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Boa tarde.

Por parte do Bloque Nacionalista Galego imos dar o noso voto favorable a esta iniciativa de En Marea, aínda que haxa cuestións nas que a nosa posición política é máis ambiciosa, pola mesma razón pola que temos votado favorablemente a outras iniciativas referentes á cuestión da automoción do Partido Socialista, e pola mesma razón que temos tamén debatido nesta mesma Cámara xa nesta lexislatura algunhas iniciativas do propio Bloque Nacionalista Galego ao respecto, como recentemente tamén, a raíz dunha interpelación ao conselleiro, unha proposta cara a este sector. Porque entendemos, igual que os demais grupos parlamentarios da oposición, que este é un problema central da nosa economía e que ten consecuencias a curto prazo, como ás que se refería agora o señor Losada, e que ten consecuencias tamén a medio e longo prazo.

Nós entendemos que este é un problema de país e que a diagnose está feita, que a nosa automoción perde pulso e posición estratéxica, mentres o Goberno galego se caracteriza pola súa inacción, por darnos titulares da Industria 4.0, pero poucas alternativas a medio e longo prazo, e, mentres, todas esas consecuencias van fundamentalmente tamén no lombo dos traballadores e traballadoras. Entendemos, pois, que é un sector estratéxico para Galiza, para a Galiza do futuro, que temos que aproveitar todo o capital que temos canto a experiencia, canto a ubicación xeográfica e canto a potencial creador e investigador para aunar esforzos nesta cuestión.

O debate dá para moitas cuestións. Os compañeiros e compañeiras de En Marea tocan varios sectores e varios puntos, pero eu centrareime en dúas cuestións que entendemos fundamentais e nas que queremos achegar algún matiz.

A primeira delas, referente a todo o asunto referido ao financiamento, en concreto ao Igape. Nós non nos opoñemos a reclamar máis investimento loxicamente, pero para nós é un problema que vai alén das cifras concretas; é un problema — vímoloo no debate da mañá do Consello de Contas moi brevemente— que non só vai máis alá da contía investida, que nós tamén defendemos que sexa maior, senón da necesidade de cambiar de modelo, de que o modelo do Igape, tal e como revelan eses informes do Consello de Contas, non é válido; non é válido vistas as súas deficiencias organizativas e non é válido vistas as súas cifras.

Nós apostamos por desenvolver outro tipo de instrumentos financeiros con carácter galego e público, converter ese Igape nun Instituto Galego de Crédito, que sexa unha vía máis áxil

tanto para dinamizar o crédito cara á economía produtiva, de inmediato, como de cara a apostar por cuestións relacionadas con dúas áreas que para nós son imprescindibles: por unha banda, todo o referido á aposta pola investigación, algo tamén de actualidade esta semana, co obxecto de aumentar algo que é determinante neste contexto globalizado, que é a aposta rigorosa polo valor engadido e pola localización da innovación do capital que xera o valor engadido aquí no noso país e non noutras latitudes; e, por outra banda, algo tamén fundamental para nós, que é o mantemento dos postos de traballo en condicións dignas. Nós botamos en falta na proposta unha referencia ás condicións laborais, especialmente en todo o referido á industria auxiliar, que ten unhas condicións hiperempobrecidas e precarias, das que xa temos falado aquí.

Moitas veces temos contrastado tamén coa Consellería que non é cuestión só de números, de contratos, senón tamén de avaliar o número de horas traballadas, a evolución das categorías laborais e demais. E, sobre todo, non só tanto polo aspecto cualitativo que teñen todos estes traballadores e traballadoras e que suman para situarnos como posible potencia da automoción, senón tamén por outra cousa elemental, que é para que e con que condicións destinamos diñeiro do erario público.

Para nós esta é unha reflexión moi importante. Xa temos solicitado numerosas veces documentación concreta en canto á relación entre investimentos e relación de postos de traballo en empresas concretas, porque nós entendemos que a dación de diñeiro ten que ir acompañada de rendición de contas e de mantemento de postos de traballo dignos, cando non de creación de novos.

E, por último, porque se me esgota o tempo, non quería deixar de sinalar un segundo punto que nos parece fundamental.

Para o BNG, para os nacionalistas, é absolutamente irreal falarmos de como relanzar a industria deste país e non falar dun elemento fundamental para toda a produción industrial, que é a enerxía. A ver cando asumimos dunha vez e se suman ás forzas estatais de que para dar este debate con rigorosidade non podemos esquecer a cuestión enerxética e o que iso implica a nivel de gasto para a industria. Recentemente, ao fío dos debates de orzamentos no Estado, vímolos. Entón, eu deixo novamente unha pregunta que xa temos lanzado: se Euskal Herría pode, ¿por que Galiza non?

Nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

A verdade é que é unha mágoa que o señor Abel Losada desaproveitase a súa intervención para corrixir un erro dun compañeiro do seu partido, do señor Díaz Villoslada. Eu teño que dicirlle que o primeiro presidente do Goberno de España que foi declarar a un xulgado era

do PSOE: Felipe González, caso Segundo Marey, un secuestro *de los GAL*, ano 1983. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Foi declarar a un xulgado, ano 1998. Era do seu partido, era do seu partido, señor Villoslada. Porque vostede vén aquí e fala como se vostede non tivera siglas, non tivera partido. Vostede é do Partido Socialista, para ben e para mal, pero é do Partido Socialista, e, polo tanto, ten que recordar vostede os GAL e ten que recordar que o primeiro... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Vamos ao tema, ao tema...

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...presidente do Goberno que foi declarar a un xulgado...

**O señor PRESIDENTE:** Ao tema, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...foi o seu compañeiro Felipe González. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Ao tema. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Acáboo de dicir. Creo que se me escoitou ben que lle acabo de dicir que vaia ao tema. Non fai falta que mo recorde, xa llo dixen eu. Ao tema, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Falábanos o señor Abel Losada de formación. Claro que si. Vostede non falou de automoción, que é do que se trata esta iniciativa, non falou, falou de formación. E o modelo do «PSOE gañador» de formación non o queremos para Galicia, non o queremos para ningún lado. O modelo de formación do Partido Socialista, do «PSOE gañador», «*del PSOE ganadó*», ese modelo non o queremos; ese é o modelo dos fondos derivados desa malversación. Eu non sei se recorda vostede os fondos de formación do caso dos ERE, iso non o queremos aquí. Porque ¿sabe cal é o resultado deses casos de corrupción que afectou o seu partido cos fondos de emprego da Junta de Andalucía? Que hoxe alí hai 900.000 parados. E ese será o modelo gañador para vostedes; para nós, dende logo, en ningún caso.

Tampouco o é Besteiro, Pachi Vázquez, Abel Caballero, Pichurri ou un goberno imputado ata o 35 % dos seus membros. Ese é o seu modelo, non é o noso. (*Murmurios.*)

Mire, falemos da automoción... Ten vostede... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede acerta, vostede acerta: olvideime de Orozco. É un escándalo, é un escándalo que dende o Partido Socialista veñan dar leccións..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) é un escándalo.

Mire, eu veño falar de automoción... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Eu veño falar de automoción.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Mire, o emprego na automoción galega... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O emprego na automoción galega está crescendo, o emprego na automoción galega está crescendo, mal que lle pese ao Partido Socialista. Dende o ano 2012 hai 1.350 novos empregos na automoción galega, acadando polo tanto 20.000 empregos directos, eses que ao señor Abel Losada lle dan exactamente igual.

Señor Casal, hai hoxe máis persoas traballando na automoción galega que no ano 2009, que no ano 2009. A vostede dálle igual.

Mire, falaba vostede, señor Casal, de deslocalización, e eu dígoche que de deslocalización, nada. Non hai ningunha empresa galega que teña pechado para trasladar a súa produción a Portugal, como vostede sinalou na súa intervención na interpelación; non existe, non a hai, non a hai. Polo tanto, vostedes debullan un escenario catastrofista que nada ten que ver coa realidade. A automoción galega vai ben, vai polo bo camiño e, dende logo, conta co apoio e o respaldo de todo o Goberno galego.

Mire, datos do Clúster. Os investimentos no sector nos últimos cinco anos foron 1.000 millóns de euros. Fala vostede dun abandono que non é real, non é real.

Mire, non hai un problema co financiamento no sector da automoción, non o hai. Hai fondos dispoñibles, se son necesarios; se hai proxectos para investir, hai fondos suficientes, hai fondos dispoñibles no Igape e na Axencia Galega de Innovación. O Igape xa ten persoal profesional e suficiente; non sei que quere insinuar vostede; xa o ten, persoal profesional e insuficiente.

O seguimento dos proxectos faise integramente polo Igape e pola Axencia Galega de Innovación, en todos os casos. Só se recorre a axentes externos cando a especialización da cuestión así o require, soamente neses casos.

Propón vostede unha mesa de diálogo que xa existe. O diálogo o Goberno galego teno co Clúster da Automoción. Outra cousa é que vostede non o recoñeza.

E mire, eu teño que dicirlle que hai que ter valor para traer esta iniciativa. Valor porque eu creo que, en realidade, esta iniciativa parte da mala conciencia que teñen as Mareas de Podemos en relación co sector da automoción. Mala conciencia porque, cando aínda se chamaban Alternativa Galega de Esquerda, vostedes votaron en contra da supervivencia da pedra angular da automoción de Galicia, que se chama Citroën.

Mala conciencia é a que os trae a vostedes aquí, e eu teño que dicirlles mala conciencia porque estes días, dende o seu partido, dende Podemos, mantiñan esa equidistancia en relación coas eleccións francesas. E eu teño que dicirlle que unha candidata, dende logo non apoiada polo Partido Popular, Marine Le Pen, o que defendía era recuperar toda a produción das empresas francesas en solo francés. Non escoitei a Podemos dicir que diso nada.

Mire, hai que ter moito valor para vir aquí facer un lavado de cara, dicir que defenden o sector da automoción, porque tiveron ocasión de facelo e fixeron exactamente todo o contrario.

E eu teño que dicirlle unha cousa: escoitalo a vostede falar das axudas do Igape a verdade é que é como escoitar o lobo contando o conto de Caperucita Roja.

Nada máis, moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

Grupo autor da moción, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Boa tarde de novo.

A verdade é que entendo, sobre todo a estas horas, que a miña intervención anterior puidera aburrir a moitas das señorías, sobre todo do Grupo Popular, e pensarán: ¡que pesado este señor falando, proposta tras proposta tras proposta, e así ata vinte propostas!

Entón, o señor Tellado fala do GAL, fala do PSOE, fala dos ERE, fala de Francia... Está claro que non teñen ningún interese en falar do sector industrial do automóbil en Galicia. *(Aplausos.)* Esa é a realidade, non o teñen. Parece que o señor Tellado tamén está na teoría de que a mellor política industrial é a que non existe. Pois sigan así e falen do pasado, e falen de hai vinte anos, de hai dez anos, pero do que hai que falar é de futuro... *(Murmurios.)*, hai que falar de futuro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

É evidente... Non, o de Citroën é unha manipulación absurda, porque non ten nada que ver a realidade do que pasou co que vostede está a falar. Non é verdade, non.

É evidente que a industria non lles interesa, é evidente, e cada vez máis, e está claro. Deberían de ler o libro do Ibex 35... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, que desenvolve moi ben as teorías que vostedes están a implantar, e, ademais, pode axudalos a implemntalas moito mellor. O diñeiro fábricase con diñeiro, hai que soamente atacar os servizos públicos, privatizalos e facer negocios con eles en vez de producir, de producir, porque, claro, iso de producir cousas para despois vendelas é un rollo; ter que negociar con traballadores, ter que negociar con sindicatos, iso é unha verdadeira lata.

E non, señor Tellado, non falei de deslocalización hoxe, non falei. É verdade, eu recoñezoo. No pasado debate falei, nomeei o asunto de que todas as novas empresas desde os últimos cinco anos se estableceran en Portugal, chameino deslocalización; é verdade, non é deslocalización: é implantación de todas as novas empresas en Portugal e ningunha en Galicia nos últimos cinco anos. E recoñecín o erro da palabra: non é desenvolvemento, é desertización de novas industrias en Galicia, é outra palabra.

Evidentemente —iso recoñeceuno—, vostedes só falan co Clúster. Efectivamente, pero é que a industria do automóbil non son só catro señores que dominan o Clúster, é moito máis que iso. E nós si falamos con todos eses empresarios, con todos eses traballadores, e non se senten representados totalmente nas políticas que desenvolve o clúster, que favorecen soamente a certas empresas. E por iso, por exemplo, na maior parte do desenvolvemento de I+D+i son obrigados a ir cunha desas empresas que dominan o clúster, que despois levan a maior parte das axudas.



E sinto, a verdade, que se aburran. Pero, se o Goberno non desenvolve políticas industriais, volverán escoitarnos moitas veces máis, porque un sector tan importante non pode quedar ao seu albur, esperando un goberno que de verdade aposte pola industria, e pola industria fundamentalmente sostible e de valor engadido.

Ese é o resumo. Espero que a próxima vez que falemos en serio das propostas para desenvolver esta industria e outras máis conteste sobre o que se está a falar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** ...e non me saia cos GAL, con Francia e con...

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda do Grupo Socialista, ¿acéptaa?

**O señor CASAL VIDAL:** Si, aceptamos as emendas porque realmente completan o texto.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(O señor Díaz Villoslada pide a palabra.)*

Si, señor Díaz Villoslada, ¿para que quere a palabra?

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Pido a palabra por alusións...

**O señor PRESIDENTE:** Pero ese foi o debate xa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Imos deixar xa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non... Creo que non houbo xuízos de valor e non interpreto que sexa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non, non, non, por favor, non!

Imos votar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

Grazas, señor Villoslada, non procede.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Imos votar as mocións. *(Murmurios.)*

¡Silencio, por favor!, imos votar, que é moi importante.

Votamos a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións e axudas destinadas ás entidades locais. Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e non se acepta a do Grupo Parlamentario Popular.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións e axudas destinadas ás entidades locais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de transparencia e bo goberno*

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de transparencia e bo goberno.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora... (Pronúncianse palabras que non se perciben.), ¿perdón?*

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** *Si, quixeramos pedir a votación por puntos.*

**O señor PRESIDENTE:** *Pide a votación por puntos da que vai entrar agora, do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Francisco Casal, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar o emprego no sector da automoción e dos seus compoñentes?*

*¿Acepta vostede a votación por puntos, señor Casal? Correspóndelle a vostede dicir se acepta.*

**O señor CASAL VIDAL:** *Aceptamos.*

**O señor PRESIDENTE:** *Acepta a votación por puntos. Entón, ¿podemos agrupalos? Dígame como podemos facer. Déanlle voz ao escano do señor Tellado, por favor.*

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** *Si, quixeramos pedir a votación separada dos puntos 9, 10, 13 e 14.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos, polo tanto, os puntos 9, 10, 13 e 14 desta moción.*

*Votación dos puntos 9, 10, 13 e 14 do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e D. Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar o emprego no sector da automoción e dos seus compoñentes.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, quedan aprobados estes puntos do texto.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o resto dos puntos da moción.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e D. Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar o emprego no sector da automoción e dos seus compoñentes, agás os puntos 9, 10, 13 e 14.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto agás os puntos 9, 10, 13 e 14.*

**O señor PRESIDENTE:** Antes de abrir as portas, prégolles a todos vostedes que gardemos un minuto de silencio como sinal de repulsa pola morte violenta dun menor no concello coruñés de Oza-Cesuras, suceso do que tivemos coñecemento hoxe á mañá.

*(As señoras e señores deputados, os membros do Goberno, así como os asistentes á sesión, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Pasamos ao punto quinto da orde do día, proposicións non de lei.

Comezamos pola do Grupo Parlamentario Socialista, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Fomento para reducir as peaxes da AP-9 e evitar a suba anual acumulativa de peaxes do 1 % durante vinte anos a partir do 2018.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Fomento para reducir as peaxes na AP-9 e evitar a suba anual acumulativa de peaxes dun 1 % durante vinte anos a partir de 2018**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Proponse substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Ministerio de Fomento para que:

1. Negocie coa concesionaria a a redución das peaxes e a aplicación de descontos semellantes aos que existen noutras autoestradas en réxime de concesión.

2. Negocie con Audasa para que as obras de ampliación da capacidade da AP-9 vaian a cargo dos beneficios millonarios da concesionaria.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando, a través do seu voceiro Luís Villares Naveira e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o punto 2 da parte resolutiva polo seguinte texto:

«2. Realizar os trámites e negociacións oportunas, para que a concesionaria suspenda a suba anual do 1 % recollida no protocolo asinado coa ministra Ana Pastor, con cargo aos beneficios da mesma.»)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Fernández Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Novamente, a AP-9. Esta mesma mañá nesta mesma Cámara debatemos e votamos o Diktame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación do Territorio, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei para presentar perante do Congreso dos Deputados orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia. Os grupos parlamentarios priorizamos o interese xeral de Galicia para utilizar a ferramenta da flexibilidade no acordo do texto e na axilidade da tramitación, e abofé que cumprimos: acordo unánime en menos de catro meses de tramitación. Agora tócalle cumprir ao Goberno popular do señor Rajoy no escenario do Congreso dos Deputados.

Debemos ser conscientes de que os antecedentes non invitan ao optimismo do «xa está feito», de que decisións do Goberno do Partido Popular co señor Aznar e co señor Rajoy condicionan negativamente os obxectivos deste Parlamento respecto da AP-9. Desde o Grupo Socialista cremos que só serán, ou serían, excusas de mal pagador, pero que o Goberno popular pode utilizar para demorar a tramitación desta proposición de lei.

Coidamos que a tramitación da lei é fundamental, mais tamén que, mentres non se produza unha transferencia real da AP-9, debemos promover iniciativas neste Parlamento que promovan o seu uso.

Neste contexto, o Grupo Parlamentario Socialista trae hoxe á Cámara unha proposición non de lei que reza no seu título: «Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Fomento para reducir as peaxes da AP-9 e evitar a suba anual acumulativa de peaxes do 1 % durante vinte anos a partir de 2018».

No ano 2012, sendo presidente do Goberno de España e ministra de Fomento, respectivamente, o señor Rajoy e a señora Ana Pastor, producíronse varias circunstancias que incrementaron, adicionalmente ao previsto na concesión, as peaxes da AP-9: suba do IVE do 18 % ao 21 %, aplicación do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, que derroga expresamente o artigo 8 do Real decreto lei 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e incremento da competencia, que establecía unha compensación que a Administración xeral do Estado liquidaría ás sociedades concesionarias de autopistas de peaxe pola perda de ingresos que lles supuxera a baixada dun 7 % das tarifas.

O 26 de decembro de 2012, a señora ministra, dona Ana Pastor, asina un protocolo coa concesionaria Audasa no que ratifica os termos do Real decreto 1733/2011, e inclúe a gratuidade no retorno das viaxes no tramo Pontevedra-Vigo, ou viceversa, para os usuarios de telepeaxe. En concreto, autorízase, ou autorizábase, un incremento anual adicional do 1 % das tarifas acumulativo durante vinte anos, que entraría en vigor o 1 de xaneiro do ano seguinte ao do remate das obras, previsiblemente en 2018. E Audasa comprometéase a construír novos carrís no tramo de circunvalación de Santiago de Compostela, incluíndo os movementos en dirección sur do enlace de Sigüeiro. Tamén se comprometía a construír novos carrís no tramo de enlace de Cangas, no enlace de Teis, a ampliación da ponte de Rande, e tamén se comprometía a novas actuacións na Coruña, Vilaboa e Pontevedra. O valor dos investimentos asociados aproximaríase aos 400 millóns de euros. Por outra parte, nos exercicios orzamentarios entre 2008 e 2011 a licitación de obra pública para realizar en Galicia por parte da Administración Xeral do Estado superou, en media, os 1.100 millóns de euros por ano —datos oficiais—. Nos exercicios orzamentarios que van de 2013 a 2016, este último ano incompleto, a media apenas supera os 250 millóns de euros por ano, unha cuarta parte do anterior. Aínda que tiveramos en conta o exercicio de 2011, no que as licitacións procedían de decisións do goberno anterior, a media apenas superaríase os 500 millóns de euros por ano.

Señorías, o informe da ponencia sobre a Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia encabeza a páxina 3 co seguinte parágrafo: «A AP-9 é unha autoestrada de titularidade estatal que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, é unha vía vertebral que conecta toda a franxa atlántica e cinco das sete grandes cidades. Porén, a AP-9 continúa a depender do Goberno central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos». Isto aprobámolo esta mañá, durante a proposición de lei. Polo tanto, hai un recoñecemento expreso de que as peaxes da AP-9 son inasumibles para os sectores económicos e os galegos.

Permítanme engadir outras fortalezas da AP-9.

Ten un papel decisivo de integración e articulación do sistema urbano galego, impulsando a mobilidade e ordenando e xerarquizando os sistemas de comunicación viaria. É a plata-

forma de acceso, a través de sete vías autonómicas moi importantes, aos tres aeroportos e aos portos de interese xeral, excepto o de San Cibrao. Está implantada no ámbito de residencia de arredor do 60 % da poboación galega, que é residente nese espazo, e do 70 % da actividade económica de Galicia. É a liña de confluencia de movementos sociais, comerciais, económicos e industriais. En definitiva, un instrumento fundamental de vertebración interna no social e no económico, mais tamén ten un papel meritorio na conectividade externa. Sitúanos ás portas da Cornixa Cantábrica, aproxímanos a Portugal por Tui, e permítenos a conexión con Castela-León e co centro de España.

Señorías, a AP-9 naceu coa vocación de ser dinamizadora, de xogar o papel de permanente oportunidade de crecemento para Galicia, de xerar un valor engadido cuxos beneficiarios eran —repito, eran— os usuarios e o territorio. Hoxe, a percepción social é que estas oportunidades para a economía dos galegos e das galegas se está a converter nunha carga inasumible para as familias e as empresas. O propio Ministerio de Fomento sitúa a AP-9 como unha das máis caras de España para as diferentes categorías de vehículos. Parece claro que, co actual modelo de peaxes, as galegas e os galegos sempre perdemos e a concesionaria sempre gana.

Cómpre, polo tanto, mudar; mudar a titularidade, como acordamos esta mesma mañá, e mudar tamén, mentres non sexa unha realidade, a política de peaxes e tarifas. E esta iniciativa do Grupo Socialista vai nesa liña, se cabe con máis forza nestes momentos nos que os gobernos populares de España e de Galicia repican a cotío a recuperación económica. E abofé que o certifican nas contas xerais do Estado para 2017 e seguintes, con 3.500 millóns de euros para rescatar as autoestradas de peaxe, as chamadas «radiais» de Madrid, e 4.245 millóns de euros para o País Vasco.

O señor Rajoy predica a recuperación e esceníficaa nos orzamentos. É unha mágoa que sexa para crear máis desigualdade: salvan as empresas e condenan os traballadores. Compromete 849 millóns de euros por cada un dos cinco deputados do PNV para o País Vasco, e cero euros por cada un dos doce deputados do Partido Popular de Galicia no Parlamento español.

Se isto se consolida e non se corrixe aceptando propostas como as que estamos a debater, acusaremos o señor presidente da Xunta de irrelevante en Madrid e consentidor das desigualdades que exerce o señor Rajoy discriminando negativamente as galegas e os galegos.

Señorías, é xusto que a Administración xeral do Estado compense a Galicia polo déficit de investimentos realizados nestes últimos catro anos. É xusto que esta compensación deixe sen efectos a suma acumulativa do 1 % e mesmo se recupere a bonificación do 7 % suprimida en 2012.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** De aprobarse esta iniciativa do Grupo Socialista, estes dous obxectivos poden ser reais xa no ano 2018.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández.



A continuación ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Boa tarde.

Con este tema da AP-9 vén ao caso aquela frase de Celso Emilio Ferreiro: «Dios nos dea ira, que paciencia xa temos abondo». Dios nos dea ira, que paciencia xa temos abondo, efectivamente. Este tema dá para a ira e tamén, a verdade, para a perplexidade. Teño que dicir que dá para a sorpresa e para a perplexidade ao ver como hai unha iniciativa do Partido Socialista sobre a AP-9 para resolver unha situación que é consecuencia, entre outras, de decisións tomadas polo propio goberno do PSOE no Estado. Porque, non sei, vostede tivo aí un episodio de amnesia e falou de decisións que tomou o goberno do Partido Popular. Pero hai que dicir as cousas claras, e a situación da que estamos a falar nesta iniciativa ten que ver principalmente cun acordo tomado polo Partido Socialista gobernando en Madrid, co señor José Blanco como ministro de Fomento, que se concretou nun convenio con Audasa para as obras de ampliación da capacidade da AP-9 que levaba implícita a suba das peaxes do 1 % durante vinte anos.

É certo que despois o Partido Popular fixo súa esa iniciativa, ese acordo, e confirmouna, ratificouna e agravouna tamén o señor Rajoy, a señora Ana Pastor, co beneplácito, a bendición e o aplauso do señor Feijóo, co Decreto 104/2013 e ademais tamén con todos os incrementos que houbo das peaxes, os máis altos da historia no período 2012-2013, que suman, neste pequeno período de tempo, o 16 %.

Pero a raíz desta cuestión ten que ver cunha decisión. Non se pode esquecer e obviar un feito coma este, que ten tanta transcendencia nesta cuestión. Efectivamente, o Partido Popular fixo unha apropiación propagandística, e con autobombo, dos acordos do goberno do PSOE con Audasa. E a ministra e o señor Feijóo viñeron aquí a inaugurar a *bombo y platillo* as obras, e a presumir de que se ían facer uns grandes investimentos por case 400 millóns de euros, que imos pagar a través das peaxes e a través dos orzamentos do Estado. Esa é a realidade.

Nada novo por parte do Partido Popular. É o que leva facendo desde sempre; é dicir, conivencia, complicidade e compadreo coa concesionaria, trato de favor ás empresas amigas coa ampliación da concesión ata 2048, coa privatización tan vantaxosa a capital privado —e non vou falar xa aquí das empresas propietarias da concesionaria— e coa suba das peaxes, que suman o 36 % desde o ano 2010.

Polo tanto, é motivo para a ira, e máis que para a ira, que levemos máis de quince anos intentando a transferencia da titularidade a Galiza e que se denegue sistematicamente por parte de gobernos do Partido Popular e do Partido Socialista. É motivo para a ira, e máis que para a ira, que teñamos que ver cada ano os balances de resultados de Audasa e como teñen na AP-9 un auténtico filón, unha mina de ouro, para perpetrar un auténtico espolio legalizado, unha estafa. Motivo para a ira é, por exemplo, ver nos informes da concesionaria a previsión duns ingresos, entre o ano 2011 e 2048, de 9.561 millóns de euros. E, por riba, é motivo para a ira o agravio ao que vimos de asistir con ese memorando do Goberno español no que xa lle comunica á Unión Europea que vai destinar nos anos 2017 a 2018, 3.500 millóns

de euros para o rescate das ruinosas autoestradas, entre elas as radiais madrileñas, propiedade tamén de empresas amigas do Partido Popular.

Polo tanto, a situación é máis que para a ira, para moito máis que para a ira. E vemos, ademais, como se seguen producindo episodios reiterados e repetidos de mala xestión da AP-9, de falta de conservación, de redución de persoal, ante a pasividade e permisividade do Partido Popular, que non fai nada por moito que xa no ano 2014 a señora Ana Pastor nos anunciara aquilo de que ían facer unha auditoría global —ademais dun expediente informativo, unha auditoría global— sobre a AP-9. Non sabemos o que foi desa auditoría global. Non sei se o portavoz do Partido Popular nos pode aclarar algo ao respecto. Desde logo, o BNG xa propuxo medidas contundentes para penalizar, para resolver e para impedir que se produzan estas situacións.

Non imos falar xa dos orzamentos do Estado porque se falará mañá desa cuestión. En todo caso, os datos da concesionaria e os datos de 2016 revelan uns beneficios de 45 millóns de euros, cuns ingresos de 138 millóns de euros —máis que suficientes para financiar as obras da ampliación de capacidade—. E, polo tanto, nós imos defender que sexa esa a vía para financiar estas obras e non unha nova suba das peaxes nin os fondos estatais dos investimentos do Estado, que se deben destinar a outras finalidades, pois falta fan para a mellora da rede ferroviaria, para a mellora da rede de estradas, para a mellora dos aeroportos ou para a mellora dos portos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** E, desde logo, tamén defendemos nas nosas emendas a rebaixa das peaxes con sistemas de bonificación, como teñen todas as autoestradas do Estado.

Polo tanto, imos dar a batalla, aínda que molestemos, aínda que sexamos incómodos, imos dar a batalla en todas partes. E, desde logo, ímolos facer por xustiza, por dignidade, para acabar con esta vergoña e para conseguir unha AP-9 galega e libre de abusivas peaxes. Farémolo con paciencia e tamén con ira, ¡con moita ira! (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Cal Ogando.

**O señor CAL OGANDO:** Boa tarde a todos e a todas.

Dende En Marea compartimos que os prezos das peaxes da AP-9 supoñen unha estafa e son un impedimento para o desenvolvemento social e económico de Galicia. E compartimos tamén que a caída no investimento do Estado en Galicia é unha inxustiza e non responde a criterios racionais.

Pero neste caso entendemos que unha baixada dos prezos das peaxes debe correr á conta de Audasa, mentres sexa concesionaria da AP-9, pois os beneficios indecentes que está a obter coa explotación deste ben público dan marxe máis que suficiente. E por iso propoñemos

unha emenda de substitución que vai nese senso.

Nos cinco anos que van dende 2011 ao 2015, Audasa obtivo uns beneficios brutos de 539 millóns de euros; unha máquina de gañar diñeiro baseada en altos ingresos e reducidos gastos. Audasa destinou estes datos a catro finalidades: a amortizar o investimento, pagar os gastos financeiros derivados da súa débeda, tributar polo imposto de sociedades e, por riba dos demais, retribuír os seus accionistas repartindo un elevado dividendo.

Audasa ten o tipo de interese polo pago da súa débeda máis elevado de todas as autoestradas españolas: o 6,1 % de tipo medio fronte ao 2,6 % do conxunto do sector, máis do dobre. Dos beneficios das peaxes destes cinco anos destinou 132 millóns ao pago aos seus acredores — unha cifra que multiplica por case 3 veces o gasto en persoal—. Pero ao que destina maior contía é a retribuír os seus accionistas.

Nos últimos cinco anos, o beneficio neto, despois de impostos, de Audasa foi de 186 millóns de euros. Un dato sorprendente desta trama é o destino dos enormes beneficios netos. Audasa dedica o cen por cento dos mesmos a retribuír os seus accionistas. Nunha empresa tan endebedada como esta o lóxico sería destinar unha parte dos beneficios a reforzar os fondos propios da compañía, a capitalizarse, e así poder reducir a súa débeda. Pero a compañía non actúa con este criterio de prudencia e reparte todo o que gaña entre os seus accionistas, unha decisión que, sen dúbida, ten que ver co feito de que estes son bancos e fondos de investimento —Pear Luxembourg Investment, Kutxabank, Abanca ou Liberbank—, para os que a explotación da AP-9 supón un gran negocio financeiro. En síntese, de cada 100 euros que Audasa recada en peaxes, dedica 8 a pagar o persoal, 11 ao resto de gastos de explotación; de tal forma que gaña, en termos brutos, 79 euros, dos que dedica 20 á amortización do investimento, outros 20 a intereses da súa débeda, entrégalle 11 a Facenda polo imposto de sociedades, e 28 euros de cada 100 que cobra repárteos entre os seus accionistas en forma de dividendos.

O informe de previsións de Audasa, con data do 31 de decembro de 2015, para o período 2011-2048, afirma que os ingresos das peaxes neste período chegarán aos 9.561 millóns de euros, cunha previsión de beneficios brutos de 7.728 millóns de euros ata o remate da concesión. Facendo unha regra de tres, e baseándonos nos seus propios datos contables, obterá uns beneficios de máis de 1.500 millóns de euros neste período, con xuros, repartindo 2.700 millóns de euros en beneficios netos.

Os datos non deixan lugar a ningunha dúbida: coa concesión da AP-9 gañan as oligarquías e perde a cidadanía, outro saqueo do público saído da conivencia político-empresarial do PP e dos poderes económicos. O PP debe explicar por que privatizou a autoestrada a prezo de amigo a Sacyr —os papeis de Bárcenas conteñen algunhas pistas—. Terán que explicar tamén por que permite que os poderes económicos fagan caixa con este ben público —as numerosas tramas que estamos a ver estes días tamén nos poden dar algunha pista—, ou por que, coñecendo o balance de beneficios de Audasa, aproba o Real decreto 20/2012, permitíndolle a Audasa subir as peaxes para que siga co espolio a custa dos galegos e das galegas.

A AP-9 é unha vía de enorme importancia para o desenvolvemento social e económico de Galicia que o Partido Popular puxo ao servizo do desenvolvemento económico dos amigos

do Partido Popular: dos que financian as campañas, dos que teñen postos á disposición dos políticos amigos.

Esta mañá o Partido Popular nesta Cámara foi o partido que se encargou da defensa dos intereses dos herdeiros do ditador Franco. E agora sospeitamos que sairán tamén á defensa —como veñen facendo ata o de agora— dos intereses dos accionistas de Audasa para protexer a trama corrupta. A ver cando nos sorprenden e están aquí a defender os intereses dos galegos e das galegas.

E poderán vostedes pintalo da cor que queiran, poderán poñerlle os laciños en forma de titular que queiran e poderán gañar tempo, pero o que non poderán facer é chamar boa xestión ao que os que estamos aquí sabemos que é corrupción: utilizar as institucións públicas para obter beneficios privados. Esa é a súa principal aportación á política deste país e así serán recordados sempre.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Boas tardes.

Resulta paradoxal e é un atrevemento —como recordaba o señor Bará— que sexa o PSOE quen plantexe unha redución das tarifas, cando foi precisamente o PSOE quen firmou o convenio, pechou os acordos e nos levou a esta situación. Foi o Goberno de Zapatero, sendo ministro o señor Blanco, quen pactou con Audasa os termos deste incremento do 1 %. (*Aplausos.*)

Permítame, señor Fernández, que lea directamente do *Boletín Oficial do Estado* —téño aquí, por se o necesita, e pásolle copia—, leo literalmente: «*Se establece un incremento extraordinario de tarifas en los recorridos con pago directo por los usuarios de la autopista AP-9, en todos sus tramos, del 1 % anual acumulado durante veinte años*» —decreto do 2011 asinado por José Luis Rodríguez Zapatero, presidente—. Isto é un ano antes diso que di.

É verdadeiramente simpático que se esqueza de dicir que o que de verdade compromete ese convenio firmado é o decreto publicado por parte do Goberno de Zapatero. Ese é o que o compromete. Mente cando na exposición de motivos fala doutro decreto posterior.

E tamén podemos falar non só de pagar as obras. Está claro que o pago das obras foi deste decreto, que ademais —permítame recordar, xa que pon cara...— isto se aprobou —como ben recordaba o noso compañeiro Alberto Pazos o outro día— no último Consello de Ministros do señor Zapatero, dous días antes das eleccións. E deron a noticia de que se facían as obras pero dixeron que as condicións e como se ían pagar xa o dirían despois das eleccións. ¡Grande exemplo de transparencia! Si, señor, gran exemplo do PSOE en transparencia.

E a nota de prensa que sacaban o día de reflexión dicía que o Ministerio consideraba que se ía pagar cunha peaxe branda, branda. Isto foi o que dixo o Goberno do PSOE o día das eleccións, o día de reflexión. Creo, sinceramente, que é para estar caladiños con este tema das obras.

Pero se falamos tamén do pago das peaxes de Rande e da Barcala, claro, firmar, cando estaba o Bipartito en Galicia e Zapatero, apoiado por outros grupos da esquerda, en Madrid, o pago de 6 millóns de euros anuais para esta peaxe... Claro, xa levamos pagados 64 e quedannos 180 millóns. Afortunadamente, co acordo do outro día do noso presidente Feijóo co ministro de Fomento, a partir de agora eses cartos pagaraos o Ministerio de Fomento; 180 millóns de aforro que tiñamos de carga por culpa da xestión do Bipartito en Galicia e, especialmente, do Goberno do PSOE en Madrid.

E a todos nos gustaría que se pagara menos de peaxe, e incluso que fose gratis. Vou utilizar datos do último informe publicado polo Ministerio —informe do 2015— sobre o sector de autopistas de peaxe en España. Pois dá a casualidade de que a AP-9 está por debaixo da media das 21 autopistas de pago en España, e ademais está no posto 12 de 21 no custo. Evidentemente, todos quixeríamos que tivese menos peaxe, e, se pode ser, ningún, ¡todos! Pero falemos con datos claros.

E, cando hai que falar de peaxes, creo que quen pode sacar peito é o Goberno de Alberto Núñez Feijóo, porque as dúas autopistas autonómicas, a AG-55, A Coruña-Carballo, e a AG-57, Puxeiros-Val Miñor, son as máis baratas de España, con 0,079 euros/quilómetro, as máis baratas de España. E foi o único goberno, o único, que aplicou bonificacións de peaxe aos usuarios destas autoestradas. (*Murmurios.*) ¡O único! Este goberno non creou as peaxes pero si foi o primeiro que implantou subvencións para abaratar os custos. Xa sei que non lles gusta que falemos das peaxes, pero, evidentemente, esta é a política do Goberno do PP, que, ademais, nos anos de peor crise fixo 210 quilómetros de vías de alta capacidade libres de peaxe. Esta é a política deste goberno e por iso ten o apoio dos cidadáns.

Permítanme que lles recorde unha última cousa, porque sempre falan das circunvalacións de Madrid. Saben perfectamente que non é o caso, porque esa é unha situación sobrevida dunha quebra e dunha orde xudicial nun concurso dunha empresa por unha obrigaón de lei. E, ademais, saben que o outro día o ministro xa adiantou que se van volver licitar e que, polo tanto, o Goberno non vai poñer esa cantidade. Polo tanto, non mintan, porque saben que é así. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Por favor, silencio.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Remato xa, señor presidente. Sei que as verdades non gusta escoitalas ás veces, pero tócalles escoitar. (*Murmurios.*)

Espero que ao señor Leiceaga non lle importe que utilice, para rematar e cualificar esta proposición, unhas palabras do señor portavoz para unha proposta do BNG, que cualificou de

«populismo fácil e pura posición propagandística». Que presente isto o PSOE, cando é o responsable único, eu creo que é demagogia e oportunismo político. Coherencia e responsabilidade demostran pouca. Nós, na demagogia e no oportunismo político, non estaremos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Ten a palabra, para cerrar o debate, o grupo autor da proposición non de lei, o señor Fernández Fernández, ao que lle prego que se posicione respecto das emendas presentadas tamén polos dous grupos.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Fernández Prado, un pacto, unha proposta, sabe vostede ben que non ten validez política nin xurídica. E tamén sabe vostede ben que quen asinou o protocolo foi a señora ministra Ana Pastor, sendo presidente don Mariano Rajoy. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Sabe tamén vostede ben que quen subiu o IVE do 18 % ao 21 % nas peaxes foi un goberno popular. (*Aplausos.*) Sabe vostede perfectamente ben que quen anulou as bonificacións do 7 % en 2012 tamén foi un goberno do Partido Popular. E sabe vostede ben que quen baixou a licitación de 1.000 millóns anuais a menos de 500 millóns anuais en licitación de obra pública en Galicia foi un goberno do Partido Popular e non un goberno socialista. Polo tanto, podemos dicir o que vostede queira, pero os feitos, as realidades, son as que son.

Mire, a AP-9 é un recoñecido instrumento de recepción e distribución interna e externa da mobilidade diaria en Galicia. Hoxe, coa aprobación do ditame para a transferencia da titularidade, tamén aprobamos o seu contido. E nel dicía —repito unha vez máis por que o aprobamos— que a AP-9 mantén unhas taxas desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento de sectores económicos de Galicia. E vostedes parece que están encantados coas taxas actuais.

Señor Fernández Prado, preocúpanos a súa intervención tanto da mañá como desta tarde: si pero non, vai ser moi difícil. Acorde, por outro lado, coas decisións dos gobernos populares dos últimos anos posicionándose coa concesionaria. Lembre, con Aznar de presidente e Feijóo de conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, a ampliación da concesión por vinte e cinco anos. ¿Ou non o lembra? Con Rajoy de presidente, Ana Pastor de ministra e Feijóo de presidente de Galicia, a suba do IVE do 18 % ao 21 %, eliminación do 7 % de bonificación, permisividade na caída da licitación a menos da metade respecto de anualidades anteriores e sinatura do protocolo.

Señor Fernández Prado, os precedentes dos gobernos populares, incluído o señor Feijóo, non se sitúan na liña de favorecer a Galicia, aos galegos e ás galegas, como tampouco se sitúan as manifestacións do ínclito señor Montoro: «*Venimos de una crisis por una borrachera de gasto público y algunos ya quieren irse de copas*». É obvio que o señor Montoro si foi de copas, non con vostedes senón co Grupo Parlamentario do PNV. Fíxense no acontecido en cuestións similares mentres vostedes calan:...



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** ...desbloqueo do AVE ao País Vasco, que inclúe a construción dun acceso cerrado ás estacións de Bilbao e Vitoria; do acceso do AVE a Ourense, nada de nada. (*Murmurios.*) Cronograma completo no que se describen os investimentos co compromiso de que o «y» vasco...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor, señor Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** ...estará plenamente operativo en 2023 e que a conexión con Francia estea concluída en 2025. Do AVE Lugo-Ourense, do AVE Vigo-Ourense, da saída sur Vigo-Portugal, nada de nada.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Fernández, posiciónese sobre as emendas, por favor. E remate.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Xa remato, señor presidente.

Evidentemente, o Grupo do PNV, o Grupo Vasco, si estiveron nas copas do señor Montoro. (*Aplausos.*) Vostedes, o Grupo Popular de Galicia no Congreso e o Goberno galego... (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** ...chegaron —permítanme o símil—...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** ...no momento da resaca, cando xa o peixe estaba vendido.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

¿Cal é a posición respecto da emenda do BNG e a emenda de En Marea?

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Non podemos aceptar as emendas do BNG e de En Marea.

Máis nada, moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¿Cal é a posición —perdoe que non o escoitei— respecto da emenda do BNG e de En Marea? É que non o escoitei, perdoe.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Non as podemos aceptar. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Ben. Moitas grazas.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego**

**e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas familias monoparentais e monomarentais con dous fillos a cargo menores de 18 anos ou maiores con algún tipo de discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de dona Paula Vázquez Verao.

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.*

*Emenda núm. 1, de supresión.*

*Débese suprimir no apartado A) 1.a. a palabra «fillo».*

*Emenda núm. 2, de adición.*

*Débese engadir ao remate do apartado A) 2. a seguinte expresión: «compatible con outras prestacións e axudas».*

*Emenda núm. 3, de substitución.*

*Débese substituír no apartado A) 3. a seguinte expresión: «o proxenitor» por «a persoa proxenitora».*

*Emenda núm. 4, de substitución.*

*Débese substituír no apartado A) 4. a seguinte expresión: «Establecer medidas de atención prioritaria para...», por: «Garantir».*

*Emenda núm. 5, de substitución.*

*Débese substituír no apartado A) 5. a seguinte palabra: «fillos» por «menores».*

*Emenda núm. 6, de substitución.*

*Débese substituír no apartado B) 1. a seguinte palabra: «fillos» por «menores».*

*Emenda núm. 7, de substitución.*

*Débese substituír no apartado B) 2. a seguinte palabra: «fillos» por «menores».)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señores e señoras deputadas.

Presentamos agora unha iniciativa do Partido Socialista. Eu son deputada dun partido do que me sinto tremendamente orgullosa. Non sei se podería estalo tanto se houbera un presidente de goberno como o señor Aznar, que recentemente dixo: «*Nunca he tenido mejor foto que la de las Azores*». (Aplausos.) Carga con milleiros, con centos de miles de mortes, ás súas costas. (Aplausos.) Por iso, cando falen de asasinatos, pídolles prudencia, señores e señoras do Partido Popular.

Ben, imos á cuestión. Dos máis dun millón de fogares que hai en Galicia, aproximadamente un 10,2 % pertencen a familias nas que hai un adulto con, polo menos, un menor ao cargo. É o que se coñece como «familias monomarentais», ou «monoparentais». Esta é unha realidade crecente, e está tremendamente feminizada. O 82 % son mulleres, segundo datos do INE. Esta tipoloxía sufriu un gran incremento nestas últimas décadas. Hai dous motivos: por unha banda, os voluntarios, é dicir, a liberdade das mulleres para poder ser ou non nais, e selo ou non con parella, que se foi consolidando ao longo dos anos; así como tamén o incremento das separacións. E hai algunhas que ocorren de xeito forzoso, pois, por exemplo, polo falecemento do proxenitor, ou —o que hoxe está, por desgraza, tan de actualidade— por casos de violencia machista. Hoxe, tristemente, houbo un maltratador que volveu empregar os fillos como moeda de cambio, que empregou os fillos para facer dano de maneira irreversible a unha muller, que utilizou a ferramenta coa que sabía que facía máis dano a unha muller. Quen ve a súa parella como unha propiedade —e témolo que ter claro todos, señoras e señores deputados, tamén os do Partido Popular— non pode considerar os seus fillos e fillas como un suxeito de dereitos. Iso é antinatural, iso é imposible de entender. Un maltratador nunca vai ser un bo pai. E debemos repetir un día tras outro esta mensaxe aí fóra tamén. (Aplausos.)

E, ademais de facer minutos de silencio, é importantísimo poñer en marcha medidas para poder dar amparo a estes menores que quedan sos. Por iso recentemente volví a vergoña e o rodillo do Partido Popular no Senado, que pasou o rodillo a unha iniciativa que pretendía dar a pensión de orfandade a eses nenos vítimas de violencia. Están moi ben os minutos de silencio, pero están mellor se están acompañados de medidas para protexer estes nenos e nenas.

A pesar de que esteamos afeitos xa, co tema da crise económica, ás cifras gravísimas de pobreza, é certo que o colectivo destas familias está invisibilizado. Os seus datos de pobreza, a respecto dos datos do INE, son o dobre que o das familias biparentais. E un dato máis: o 25 % está en pobreza severa.

Tendo en conta que teñen sempre, en todos os casos, polo menos aparelado un fillo a cargo, hai nenos e nenas que padecen os efectos da pobreza e da exclusión, o dobre que nos casos dunha familia biparental, algo que consideramos tremendamente inxusto. Así o reflicte a enquisa Foessa en varios aspectos. Claro, se temos en conta que no 82 % destas familias a cabeza de familia, por así dicilo, é unha muller, estas familias teñen todos aqueles aspectos negativos, aquelas eivas, que no seu día a día se atopan as mulleres. A primeira é emprego e conciliación, moitas nais son excluídas do mercado laboral —un 52 % nos datos de Foessa—; falta de medidas de conciliación; a vivenda —catro de cada dez fogares monoma-

rentais non dispoñen de diñeiro suficiente para os gastos da casa—; en saúde, entre os nenos que viven nestes fogares, un de cada tres está en situacións de exclusión relacionadas co ámbito da saúde, un de cada catro deixou de comprar medicamentos ou seguir un tratamento ou unha dieta por problemas económicos.

Despois están as redes de apoio, que, se nunha familia con dous adultos segue sendo practicamente imposible a conciliación, pois neste tipo de familias aínda é máis difícil —o dobre, segundo estes datos—. Hai que ter en conta que existe unha clara falta de visibilización destes problemas, destas familias, e xa a propia valedora do pobo ten insistido en que teñen que ter unha categoría especial que as asimile ás familias numerosas de especial categoría.

As medidas que hai en Galicia son completamente insuficientes. As que hai foron a maior parte deles postas en marcha polo Goberno bipartito, outras polo malo, malísimo, Goberno de Zapatero. E, despois hai unha lei de apoio á familia do ano 2011, que o que fixo foi —e alegrámonos— facer un corta-pega —non sei exactamente o que foi— e incluílas aí; unha lei que, por certo, debe ser do pouco salvable que ten, porque nós coñecemos como «Lei do foro da familia», posto que era unha lei retrógrada e que impedía o avance das mulleres.

A principios de ano aprobouse unha iniciativa que instaba o Goberno a poñer en marcha un programa de axudas específico para este tipo de familias. O día que debatíamos esta iniciativa, a señora Martínez Arias botábanos en cara á oposición que as emendas que presentáramos, a pesar de concretar os prazos de elaboración e de dotalas orzamentariamente, pois non concretaban ningunha medida concreta. Nós tomamos nota e hoxe traemos unha iniciativa con cousas moi concretas que pensamos que poden mellorar a vida destas familias. En concreto: instar o Goberno galego a tomar medidas para as familias monomarentais e monoparentais con dous fillos a cargo menores de 18 anos que padecen algún tipo de discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %; incrementar a dedución autonómica do IRPF coa cota íntegra autonómica, equiparándoa ao máximo á dedución fiscal que teñen as familias numerosas de especial categoría, sempre e cando non se superen os 24.000 euros de suma de bases impositibles; desenvolver un programa de garantía de ingresos para aquelas familias con ingresos brutos anuais menores de 12.000 euros; considerar estas familias en situación de vulnerabilidade un colectivo prioritario en canto ao desemprego para facilitar a súa inserción; establecer medidas de atención en acceso á vivenda de familias monomarentais, e axudas ao alugueiro; recoñecer descontos en transporte; reducir para as familias as taxas de inscrición nos procesos selectivos ou listas de contratación para persoal da Xunta de Galicia. E engadimos poñer deberes e instar o Goberno de España a respecto de cambiar a consideración destas familias para asimilalas ás numerosas. É certo que xa se aprobou por este Pleno, pero, como parece que as cuestións que aquí votamos de maneira unánime para trasladar ao Goberno de España deben quedar polo camiño, non está de máis ser reiterativos e volver insistir en que se transmita esta necesidade ao Goberno de España.

En fin, humildemente esta iniciativa o que pretende é mellorar o día a día destes milleiros de familias que se están enfrontando a unha situación de desigualdade e que están nunha situación peor que as biparentais, que en pleno século XXI pois nós consideramos que isto non é xusto. Esperamos contar co apoio de todos os grupos parlamentarios. Xa adianto a respecto da iniciativa de En Marea —que o que fai é corrixir casos puntuais, e benvida sexa—

que non nos vai dar ningún tipo de problema. Pero, sobre todo, espero que nesta ocasión o Partido Popular, que estivo disposto a instar a Xunta de Galicia a preparar unha estratexia para estas familias, xa que parece que non se lle ocorren ideas para poñelas en marcha e escribir neses folios, pois que tome nota e que aprrobe as que presentamos hoxe.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Blanco.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Grazas, boa tarde.

Dende En Marea, dende logo, imos apoiar esta iniciativa do PSOE, porque entendemos que na nosa sociedade, económica e socialmente desigual, a familia monomarental —ben chamada, no sentido de que máis do 80 % están compostas por mulleres como figuras de sostén desas familias— sofre neste tipo de sociedade aínda máis risco de pobreza e exclusión social, e aínda peores condicións para poder conciliar a vida laboral e familiar. Polo tanto, apoiamos esta batería de iniciativas. Parécenos que as transferencias sociais ben feitas, as políticas de emprego dirixidas a colectivos vulnerables ben feitas e ben elaboradas, dan resultados. Isto pódese ver nos informes sobre eficacia de políticas sociais que comparan uns Estados con outros. É ben distinta a realidade, por exemplo, dos Estados escandinavos a respecto do Estado español, pero benvidas sexan estas propostas. O interesante é que se puidesen aplicar de xeito efectivo.

Apoiámolas, parécenos unha cuestión de xustiza. Estamos a falar, como xa se sinalou aquí, tanto hoxe como no debate que tivemos naquel pleno —xa non lembro cando fora—, dun tipo de familia que sofre unha taxa de risco de pobreza superior ao 50 %, e isto aumentou gravemente nos últimos anos. E estamos a falar de que aplicar medidas específicas para estas familias incide en paliar dous aspectos da nosa realidade que son unha lacra en Galicia: a feminización da pobreza, moi relacionada coa situación laboral peor das mulleres no noso país, e a pobreza infantil. E, por certo, os últimos datos do informe elaborado pola Rede Europea de Loita contra a Pobreza alertan sobre que o aumento da pobreza se agrava especialmente entre a mocidade, pero, sobre todo, entre a poboación infantil, que aumenta 7,3 puntos. Por iso tamén En Marea neste pleno trae unha iniciativa, unha interpelación ao Goberno, sobre a valoración que fai a respecto deses datos.

Por iso, aplicar este tipo de medidas incide directamente en eliminar ou intentar paliar a pobreza infantil. Dicimos «intentar paliar» na medida en que, como xa expuxo a propia ponente da iniciativa, non chegan estas medidas específicas para este colectivo se non van acompañadas dunha extensión da rede de escolas infantís, de recursos de conciliación, de derogación de reformas laborais que quitan dereitos á clase traballadora, e nomeadamente ás mulleres, no sentido de que se quitan posibilidades de conciliación, de permisos por maternidade e paternidade máis amplos, iguais e intransferibles, e que, por fin academos a igualdade nese sentido tamén.

As emendas que realizamos van no sentido non só de corrixir a linguaxe para cambiar «fillo» por «persoa menor», senón tamén que poderían encadrar, nalgúns aspectos, outro

tipo de familias que na práctica son monomarentais, na medida en que poidan ter unha persoa menor ao cargo sen ser filla ou fillo biolóxico. Podemos falar de familias extensas compostas por só unha persoa adulta ao cargo de menores, que son, precisamente, tamén familias que teñen unha alta vulnerabilidade neste sentido.

Actuar contra a pobreza infantil —teremos ocasión de ampliálo na interpelación que realizamos— é actuar contra consecuencias que nenos e nenas, se caen na pobreza, han padecer toda a vida en canto a menor desenvolvemento físico, psicolóxico e educativo. Trátase dunha lacra que as nosas sociedades deben ter máis en conta. Foron as organizacións contra a pobreza as que puxeron este debate na palestra cando mesmo as administracións se negaban. Por certo, coincidían na negación da pobreza infantil en 2014 o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo e o ex-presidente da Comunidade de Madrid, o famoso Ignacio González. Afortunadamente, despois —polo menos, a Xunta— rectificou. Cómpre agora que se rectifiquen e se amplíen moito máis as políticas.

En fin, tamén nos pareceu interesante na exposición de motivos desta iniciativa a cuestión dos prexuízos. Estamos vendo unha realidade nova, unha realidade pola que antes sufrían moitos prexuízos as mulleres que tiñan fillos ou fillas soas. E os prexuízos, precisamente, combátense con dereitos e combátense non deixando nunca que as persoas que apostan por volver anos atrás nese sentido nos gañen. E aí está, por exemplo, o colectivo transexual. Tamén se combaten os prexuízos contra eles. Afortunadamente a sociedade galega combateunos a semana pasada contra ese «bus da vergoña», combátense tamén con dereitos e con esa lei que está aí ás portas no Parlamento. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde.

O BNG tamén vai apoiar esta iniciativa.

Efectivamente, a finais de xaneiro, nun dos primeiros plenos, no primeiro pleno deste período de sesións, debatíamos sobre esta cuestión por instancia dunha iniciativa presentada a aquela altura polo Partido Popular. E xa facía referencia naquel momento á necesidade de, efectivamente, visibilizar esta realidade. Porque as familias monomarentais —ademais quero insistir no de «monomarentais» porque os datos son máis que elocuentes, xa que estamos a falar de que, nunha porcentaxe por encima do oitenta e pico por cento, son mulleres as que están á fronte deste tipo de familias cun único adulto, persoa adulta, á fronte— son evidentemente unha realidade cada vez máis persistente. Mais tamén é unha evidencia que non vai acorde a visibilización e o recoñecemento social destas familias coa realidade e co número que supoñen a nivel social. Hai datos que establecen que poden ser o 10 % dos núcleos familiares as familias monomarentais.

Logo tamén hai a evidencia de que é unha realidade tremendamente feminina, por iso insisto no de monomarental. Polo cal hai que articular políticas eficaces no enfoque de xénero que



se adapten a esta realidade de mulleres con menores a cargo. E aí coincido co que expoñía a deputada de En Marea de que é bo que falemos en sentido amplo de «menores a cargo», que non sempre ten que tratarse de fillos.

Pois a maioría destes fogares cunha persoa adulta á fronte é muller —entre o 85 % e o 90 %, podemos dicir—, con realidades moi diferentes tanto no porqué de ser monomarentais como na súa realidade socioeconómica. Mais o que é unha realidade é que as porcentaxes de pobreza e de nenos e nenas en situación de pobreza se dan dun xeito moitísimo máis intenso nestas familias monomarentais; situacións de risco de exclusión, de risco de pobreza ou directamente sen risco, senón directamente inmersas en situacións de pobreza e de exclusión.

Eu facía referencia no anterior pleno á necesidade non só de traer iniciativas que insten a facer algo, senón á necesidade de que esas iniciativas teñen que ir dotadas de propostas concretas, de iniciativas concretas, con dotación económica concreta. O Partido Popular negouse naquela ocasión a aceptar as emendas que presentabamos nesa dirección. Agardo que hoxe teña mellor sorte a iniciativa que presenta, non xa como emenda, o Partido Socialista, senón como propia iniciativa, porque é evidente que non basta con declaracións de intencións, hai que dotar e concretar esas intencións. Ao igual que a cuestión de que se consideren familias numerosas aquelas que teñan dous menores a cargo, porque, ademais, é que está acordado que sexa así. Eu sigo sen entender por que se fai esa consideración para as persoas viúvas e non para outro tipo de persoas, algo que foi aprobado nos acompañamentos dos orzamentos do Estado no ano 2008, ou por que tamén no ano 2003 se fixo unha modificación para adecuar como familias numerosas as familias cunha persoa viúva e con dous menores á fronte. Paréceme un sensentido e non entendo por que hai que traelo unha e outra vez a este Parlamento e a outros parlamentos, onde tamén foi aprobado, e que non se dea solucionado. Sinceramente, é evidente que se trata exclusivamente dunha posición ideolóxica, porque non ten outra explicación.

En resumo, o BNG apoia esta iniciativa e agardo que non teñamos que seguir insistindo nestas cuestións porque xa se aprobe e, despois de aprobado, se efective, porque logo é a segunda parte; é dicir, despois de que aquí se aprobe, que haxa vontade de efectivizalo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Señora Blanco, señoras e señores deputados, o 25 de xaneiro, hai exactamente tres meses, aprobamos por maioría unha iniciativa do Partido Popular no Pleno deste Parlamento; unha iniciativa que foi aprobada cos votos do Partido Popular, do Partido Socialista, do Bloque Nacionalista Galego e a abstención do Grupo de En Marea.

Esa iniciativa do Grupo Popular que debatemos e aprobamos hai tres meses o que solicitaba era que a Xunta de Galicia elaborara e aprobara un programa de axudas específico para as familias monoparentais; e que ademais demandara ao Goberno de España que modificara a lexislación relativa ás familias monoparentais con dous fillos ou fillas, ou dous menores a cargo, co fin de que sexan consideradas familia numerosa.

Pois tres meses despois vemos que o Grupo Socialista presenta unha iniciativa neste Pleno onde solicitan poñer en marcha medidas concretas para as familias monoparentais e demandar ao Goberno de España que modifique a lexislación relativa ás familias monoparentais con dous menores ou maiores con discapacidade, co fin de que sexan consideradas familias numerosas.

A min dáme a impresión —dáme a impresión, ¡eh!, vostede me pode corrixir, señora Blanco— de que esta é unha iniciativa *déjà vu* do Grupo Socialista, porque se hai tres meses debatemos sobre este tema, aprobamos por maioría esta iniciativa, salvo a abstención do Grupo de En Marea, non sabemos que é o que aconteceu despois destes tres meses. Por certo, unha iniciativa que foi aprobada e non quedou no camiño, señora Noela, porque a Xunta de Galicia xa instou o Goberno central o 3 de marzo para que modificara esa lexislación relativa ás familias numerosas. Polo tanto, ¿agora que quere?, ¿que volvamos outra vez instar o Goberno central cando acabamos de instalalo dende a Xunta de Galicia o 3 de marzo? Vostede sabe que a Xunta de Galicia xa está a elaborar e está a consensuar coas entidades do sector o programa de axudas para familias monoparentais. Polo tanto, ¿alguén me pode explicar esta iniciativa do Grupo Socialista? De verdade que a min me gustaría entendela.

Porque mire, vostede di que a iniciativa do Partido Popular non tiña medidas concretas, pero é que ese día o Partido Socialista non sabía exactamente que medidas concretas quería incluír, porque, se o soubera, tería presentado unha emenda dicíndolle ao Partido Popular que as seis medidas que hoxe propón vostede fosen incluídas na iniciativa do Grupo Popular. Pero vostede necesitou tres meses despois de que o Partido Popular trouxera o debate das familias monoparentais a este Parlamento para discorrer esas propostas que hoxe trae a este Parlamento.

Dende logo, a nós non nos parece un debate serio, cando falamos hai pouco das familias monoparentais e chegamos a un acordo case unánime, que o Grupo Socialista hoxe volva traer esta cuestión. Porque mire, para empezar, vostede trae unha iniciativa que limita os beneficios ás familias monoparentais, porque nós falabamos de todas as familias monoparentais de Galicia e vostede fala das familias monoparentais que teñan como mínimo dous menores a cargo ou un maior cun grao de discapacidade maior do 65 %. É que vostede está limitando. Nós falabamos de familias monoparentais, falabamos de familias de especial consideración, falabamos de familias numerosas, falabamos de familias con persoas maiores de 65 anos ao cargo, falabamos de familias con persoas con discapacidade a cargo. Por certo, non só menores a cargo, senón tamén ascendentes ou descendentes, e cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %. Vostede hoxe na súa iniciativa fala dunha discapacidade igual ou superior ao 65 %. Falabamos de familias con persoas dependentes ao cargo e falabamos de familias acolledoras. Pensamos que a súa iniciativa limita o que nós aprobamos hai tres meses.

E mire, fáleme de medidas concretas. Nese debate falamos das medidas concretas non só que se ían poñer en marcha, senón que estaban neste momento actuando dende a Xunta de Galicia: preferencia para estas familias na adxudicación dunha praza na escola infantil, preferencia para as axudas do Bono coidado e do Bono concilia —si, señora Blanco, si—, preferencia no acceso ás casas niño, preferencia na valoración para a percepción dunha Risga, preferencia nos programas de fomento do emprego e de inserción laboral, preferencia no Plan galego de vivenda.

Son as medidas das que despois de tres meses vostede vén aquí falar ao Parlamento, cando xa falamos delas hai tres meses e cando están postas en marcha, pero non hai tres meses, hai xa un ano e medio.

Polo tanto, non imos ser nós os que lle digamos ao Grupo Socialista as iniciativas que teñen que presentar, non, ¡vállame Deus!, pero, mire vostede, é que hoxe podería vir aquí cunha iniciativa, por exemplo, instando o Concello de Vigo a que deixe de ser...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** ...—remato, presidente— un concello oficialmente pobre en servizos sociais; podería vir aquí instar que se axude ao Concello de Santiago para que non reduza as axudas a entidades sociais que loitan contra a pobreza infantil; e podería vir aquí falar desa famosa renda básica da cidadanía, que non se está pagando no Concello da Coruña. Pero sobre as familias monoparentais nós temos acadado un consenso dos tres grupos parlamentarios e con ningún voto en contra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Arias.

Ten a palabra o grupo autor da proposición non de lei, a señora Blanco Rodríguez.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

En primeiro lugar, agradecer a En Marea e ao Bloque Nacionalista Galego o apoio a esta iniciativa.

Acepto as emendas, señora Vázquez Verao. Entendo perfectamente que amplía o colectivo ao que chega, posto que con esta substitución meteríamos tamén, por así dicilo, as familias acolledoras extensas.

Dicía vostede, señora Vázquez Verao, se non me equivoco, que os prexuízos se combaten con dereitos. Está claro que debemos ter un goberno cheo de prexuízos para que estea constantemente limitando ou restrinxindo o acceso aos dereitos.

Mire, en primeiro lugar, o Grupo Socialista presenta as iniciativas que quere; en primeiro lugar. E, en segundo lugar, este grupo non tardou tres meses, como dixo vostede, en parir esta iniciativa. Exactamente rexistrouse o 13 do 2. De todas maneiras, aínda que tardamos

tres meses, son menos que os trinta e pico anos de goberno do Partido Popular que lle levou poñer en marcha unha iniciativa como esta; co cal, sería menos.

E, en último lugar, deixe de faltar ao respecto á oposición de maneira constante. Parece que, como vostedes falaron en xaneiro das familias monomarentais, o resto quedamos inhabilitados para presentar ningún tipo de iniciativa ao respecto. Se vostedes, señoras e señores do Partido Popular, o que teñen pensado ou previsto é que o Grupo Socialista quede sentado, esperando de brazos cruzados ao que fai o Goberno, van apañados, porque nós non estamos aquí para iso; nós estamos aquí para traer iniciativas e para traer propostas, que foi para o que nos votaron os galegos e as galegas..., (*Aplausos.*) non para esperar sentados a ver como non fan o seu traballo.

Mire, a min non deixa de parecerme —e permítanme a expresión, que supoño que si, señor presidente— cara de cemento armado que precisamente o Goberno que descoseu os petos aos concellos veña agora exixirilles investimento económico para manter os seus servizos.

Vostede puxo exemplos de varios concellos. Eu non vou falar do Goberno municipal de Ourense, ¡Deus me libre!, que non é capaz nin de aprobar uns orzamentos; diso négame a falar. Mire, pero, se quere, falamos do Concello de Vigo, porque nós non temos ningún tipo de complexos. Igual lle pode preguntar vostede ao conselleiro de Política Social por que o Concello de Vigo ten que investir a maiores 13 millóns de euros de servizos que non son da súa competencia, que a Xunta de Galicia deixou de prestar, ou de por que o Concello de Vigo ten que dispor axudas para 3.000 persoas de emerxencia porque a Xunta de Galicia abandona aquelas persoas que sofren os retrasos da Risga.

E podemos seguir falando. Se quere, falamos tamén dese informe que se mencionaba antes, de por que somos a terceira comunidade autónoma pola cola, segundo o informe da Asociación de Directores de Xerencia, no que atinxe a dereitos, economía e cultura social...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ...e de por que somos a comunidade autónoma que nos últimos anos máis diminuíu os dereitos á economía e á cobertura social. Se quere falamos diso, ou do Concello de Vigo, ou de calquera concello gobernado polos socialistas. Porque nós, señora deputada, nin temos prexuízos nin temos complexos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Blanco.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda e de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez, sobre a creación polo Goberno galego do Consello Asesor do Libro, previsto na Lei do libro e a lectura de Galicia**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de substitución.*

*Proponse substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*<<O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:*

- 1. Convocar o Consello Asesor do Libro previsto na Lei do libro e a lectura de Galiza.*
- 2. Publicar no prazo dun mes o Plan director do libro cuxos traballos de elaboración foron iniciados en 2013.>>)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para presentar a proposición non de lei ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Boa tarde a todas e a todos.

Así que pasen oito días celebraremos o Día das nosas letras, o Día da nosa cultura, e non deberá ser un día, deberá ser todo o ano.

O 17 de maio, Día das Letras, día da cultura tamén, é o día da internet; é día, polo tanto, de festa e día de reivindicación.

Ollemos do telescopio ao microscopio e viceversa, ollemos en fite, porque non é só o idioma o que está ameazado, senón a nosa propia capacidade lingüística e creativa. A poesía é o xénero fundador do noso país. Isto é un grande orgullo para todas; gran riqueza, visibilidade mínima. A lingua é produción, a lingua produce, produce comunicación. Necesitamos políticas de democratización cultural, levar a cultura a onde está a xente, a nosa xente. Dende o monte ata o mar a lingua produce pensamento e capacidade poética, produce ganancia e beneficio, prodúcenos como humanas, prodúcenos como felicidade. A cultura é un sector de sectores; a lingua, produción. De aí os intentos de algúns por privatizar ata a lingua, por deixarnos sen palabras.

Na nosa comunidade autónoma temos competencias, pero non bos deseños de políticas culturais acaídas á altura da nosa xente. A lingua e a cultura para este goberno non son unha prioridade, tenden ao esvaecemento; de aí que nos últimos anos esteamos vendo a redución do 65 %, 90 millóns de euros menos nos últimos anos para a cultura. Tende a converterse en algo que se consome. O neoliberalismo olla a cultura só como consumo; cre que é un produto de consumo, o mesmo que calquera outra mercadoría. Cegueira ou miopía, vista cansa ou desenfoque. Temos un patrimonio inmaterial inmenso, temos un patrimonio material arqueolóxico, artístico e histórico como poucos países, temos auténticos tesouros. A linguaxe é un labirinto de camiños, o acceso a cultura é un dereito fundamental da cidadanía, un tráfico de carácter vinculante para os estados recoñecido pola Constitución española, a Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea e o Pacto internacional de dereitos económicos,

sociais e culturais. En tanto dereito, a cultura non é única e exclusivamente unha industria, senón tamén un servizo, un ben público.

Temos moitos colectores sen contidos. Os fondos estruturais adoitan ir para fondos de enxeñería de construción, non para os contidos. Estamos vivindo atentados sistemáticos, destrución do noso legado cultural, desleixo, fronte á defensa e protección do que é noso, do que é de todas. Pero unha voz adentrada componse de todos os textos escritos, lidos por estes ollos, voz, de todo o que levamos falado, de todo o que non é verbal, audible. País punteiro en cinema antes da contracción da competencia. Somos unha lingua minorizada, non minoritaria. Pertencemos ao mesmo sistema que Portugal, Brasil, Cabo Verde, Mozambique, Timor leste. Podemos ser o oitavo palco, aínda que non nos decatemos. Necesitamos remodelar, reforzar, mellorar, necesitamos modelos participados. Entendemos a cultura como motor económico e ferramenta de integración social. Necesitamos relatos en forma de imaxes plásticas: música, artesanía, artes escénicas, películas; imprescindibles. É outro tipo de alimento para explicar os procesos de cambio e que funcionen como motores que nos impulsan. Festas si, porque temos riqueza cultural; reivindicación tamén, porque o noso país non merece o asedio que está padecendo.

Necesitamos a urxente democratización da creación. «Cuspídemme enriba cando pasedes diante do lugar onde repouse, enviándome unha húmida mensaxe de vida e furia necesaria», Lois Pereiro. A el dedicóuselle o Día das letras.

Necesitamos enfocar ben, somos unha comunidade orgullosa de si mesma, e necesitamos sentirnos amarradas á terra.

Agora unha pequena tradución de Casares e Bolaño: «O vento, a face ao vento, o corazón ao vento, as maus ao vento, os ollos ao vento, buscando a luz, buscando a paz, buscando a Deus, o vento do mundo». E continuaba, pero é unha cita da persoa á que este ano se lle dedica o Día das Letras, que tamén loitou pola defensa da normalización lingüística, por certo. Entón, a Lei de normalización lingüística non está funcionando. Polo tanto, son moitas as leis que hai que analizar, impulsar, desenvolver, aplicar, como, por exemplo, o Anteproxecto de lei das artes escénicas; a Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia; a nova Lei do cinema, a Lei de museos... Son moitas as leis que hai que modificar, reformar: a Lei do patrimonio cultural de Galicia, a reforma do Decreto de regulamentación de centros do CGAC.

Hai leis que hai que dotar de personalidade xurídica propia, como a Lei de medios públicos de comunicación de Galicia. Son moitas as leis que hai que cumprir, entre elas esa Lei de normalización lingüística, da que falabamos, e a Lei do libro. Precisamos faíscas de lucidez e que se cumpra a lei. Precisamos vibracións poéticas ou pensamentos fosforescentes; abrir un libro de narrativa, poesía, teatro e ensaio, texto é abrir unha porta, unha ventá a un mundo que pode conter inmensidades. Xermolamos e sensorializamos coa linguaxe. Os libros permiten o activismo do sentir e do pensar. A literatura como ensaio creativo pode reflectir e loitar a realidade, pero tamén crea outra realidade. O libro é un mundo, un mundo que contén natureza. Compartimos a idea de que todo o que se escribe e todo o que se le compromete. Sentímonos comprometidas coa lectura e coa lingua, sentímonos comprometidas coa cultura.



Por iso traemos hoxe aquí esta iniciativa relacionada coa nosa cultura. A Lei do libro e da lectura de Galicia foi aprobada por unanimidade polo Parlamento galego en decembro de 2006 e publicada en xaneiro de 2007. A lectura en galego debe desenvolver o carácter estratéxico das nosas letras polo seu papel fundamental na normalización cultural e social do noso idioma.

Hai datos sen maquillar. En 2010 había 166 empresas editoriais; en 2014, 130; hoxe, 34. ¿Isto que é, motivo de reflexión ou motivo, dende logo, de reivindicación? ¿Que se edita en galego? Pois o 13,1 % menos de libros en galego que o ano pasado. A creación literaria infanto-xuvenil mantivo os seus números, os libros de texto tamén, pero tenden a caer; as que máis caeron son as ciencias sociais e humanidades, e as científico-técnicas. Isto de non permitir que se estude tecnoloxía, matemáticas e física en galego é un erro de raíz. O propio Casares reivindicou neste propio Parlamento que tería que ser unha prioridade o estudo das materias científicas en galego. Non é por casualidade. Perdemos máis e máis lectores e lectoras, perdemos máis e máis falantes, perdemos máis e máis empregos. Estase precarizando a cultura. Isto é inxusto.

É o tempo de reivindicar tamén. As traducións presentan tamén rexistros negativos, un 15,6 % menos. A norma nunca se aplicou. Pasaron dez anos entre moitos dos artigos que non se cumpriron. Tería que terse organizado e creado o Consello Asesor —capítulo V— como organismo permanente de estudos sobre o sector do libro e de asesoramento á Administración autonómica no referente ás políticas relacionadas co sector do libro galego.

Por iso nós aquí pedimos, efectivamente, e instamos a Xunta de Galiza a crear o Consello Asesor do Libro e aceptamos de bo grao a emenda que propón o BNG de crear —nós engadimos «e convocar»— o Consello Asesor e a publicar no prazo dun mes o Plan director do libro, que comezou a iniciarse no 2013, como ben recolle na súa emenda o Bloque Nacionalista Galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Cuña.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Boa tarde a todas.

Coincidimos absolutamente coa pertinencia neste mes da lingua, neste mes das letras, precisamente, co espírito da iniciativa que defende e que presenta hoxe o grupo de En Marea.

Paso a explicar un pouco a razón da nosa emenda, dos dous puntos que integran esa emenda. Non vou debruzarme tampouco respecto dos datos da realidade do sector editorial en Galiza. Hai un informe sobre o que eu creo que todas as persoas que estamos aquí polo menos algunha vez botamos unha ollada, moi completo, elaborado polo Consello da Cultura Galega, cuns datos absolutamente demoledores. Analiza un quinquenio, período 2011-2015, e o que

estamos é diante dunha perda brutal de peso do propio sector editorial, nomeadamente, como xa sinalaba a portavoz de En Marea, respecto da edición en materia sobre todo científico-tecnolóxica ou en materia de tradución da nosa lingua procedente doutros idiomas.

Parécenos absolutamente pertinente desenvolver e instar a Xunta de Galiza a que desenvolva unha lei que foi aprobada no Goberno bipartito, ese goberno de tres cabezas absolutamente, e ademais na que tivo moito a ver na súa redacción, na súa elaboración e na súa entrada en vigor Luís Bará, como director xeral naquela altura.

Nós incorporamos dous puntos, o primeiro é que o Consello Asesor foi creado no ano 2008, pouco máis dun ano despois de ser promulgada a propia lei. A primeira xuntanza ademais desenvolveuse en febreiro dese mesmo ano e nela definíanse as liñas de actuación que debía seguir o propio Consello Asesor do Libro e tamén os catro grupos de traballo que estaban integrados dentro dese consello asesor, do que facían parte, ademais, representantes de oito sectores profesionais relacionados co libro: escritoras, tradutoras, editoras, artes gráficas, ilustradoras, distribuidoras, librarías e bibliotecas.

Logo chegou o Partido Popular á Xunta de Galiza no ano 2009, convocou un encontro o 8 de abril de 2010 —estaba o señor Ricardo Varela á fronte de Cultura—, e aí morreu o conto —e nunca mellor dito, xa que falamos de literatura e do libro—. Nunca máis se reuniu o Consello Asesor, porque desde o noso punto de vista —e os datos así o corroboran— o sector editorial non é unha prioridade política para o Partido Popular en ningún caso. Non hai máis que coller os orzamentos da Xunta do ano 2017 e ver simplemente nunha comparativa respecto do ano anterior como se recortaron 200.000 euros en promoción da edición do libro en galego e do programa 432A, por se queren vostedes botarlle unha ollada.

Por ese motivo, nós matizabamos e parécenos acaído que se integre, entendo como engádegas, non só a creación senón a convocatoria dese consello asesor. Ademais, estamos certas —e así o ten expresado en numerosas ocasións o propio sector— de que non hai máis que descolgar o teléfono e chamar desde San Caetano para que vaian todas as persoas que representan este sector tan amplo e tan importante para as industrias culturais do noso país, e gustosas —estou certa, xa digo— atenderán a chamada.

A maiores nós incluimos ese segundo punto para completar, desde o noso punto de vista, a iniciativa, e é a publicación no prazo dun mes do Plan director do libro; un plan que, de acordo... —a min encántame facer visión da hemeroteca; é defecto profesional, pero é que dá moito de si—. O 3 de abril de 2013 —aquí poden vostedes velo e consultalo, ademais, no Rexistro documental da Xunta de Galiza— o secretario xeral de Cultura, o señor Anxo Lorenzo, comparecía en sede parlamentaria para dar conta das actuacións a desenvolver polo Goberno galego en materia de política cultural, e anunciaba —repito a data, abril de 2013— a aprobación e o desenvolvemento, ao longo dese mes de abril, do Plan director do libro, que era, ademais, unha das ferramentas de traballo que desenvolverían no Plan da cultura galega, que nos anunciaron no ano 2013 —non se fixo nada—, e volven vendernos a moto agora no ano 2017.

Nós consideramos que, tendo en conta que daquela xa se anunciaba que no mes de abril ían iniciarse os traballos de elaboración para o Plan director do libro e abrir unha rolda de con-

tactos con todos os representantes do sector, entendemos que un mes, que é o que fixamos na nosa emenda, é prazo e tempo suficiente para que o fagan vostedes público e para que entre en vigor, algo que entendemos que non votarán en contra porque son as súas propias promesas e os seus anuncios, a non ser tamén —cremos— que fora todo propaganda, que non haxa ningún plan e que, polo tanto, voten vostedes en contra se finalmente se acepta a emenda para non deixar o propio Goberno e o señor Lorenzo en cirolas.

Pola nosa banda, máis nada.

Graciñas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Concepción Burgo.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Por suposto, imos apoiar esta proposición non de lei, en primeiro lugar, porque participamos absolutamente do seu espírito e do seu plantexamento e logo porque, loxicamente, ¿como non imos apoiar que se cumpra unha lei? É dicir, é que é realmente preocupante o que está a pasar co Goberno do Partido Popular, porque aquí lembro que case practicamente en todos os plenos a oposición vén pedir que se cumpra a lei. O outro día, no pleno anterior, a Lei de medios públicos, e dixeron que non. Non se está a cumprir a Lei de bibliotecas, non se están a cumprir moitos dos artigos da Lei do sistema universitario galego, e así poderíamos —dígoo polas que eu coñezo máis— seguir con todas elas.

Un goberno que non cumpre as leis, é máis, incluso as leis que vota, algunhas que constrúe e redacta e outras que vota, é un goberno, como mínimo, por respecto, incomprendible, por non poñer outro adxectivo..., (*Aplausos.*) ademais, de ineficaz. Esta Lei do libro e da lectura de 2006 era... Por certo, digo «era» porque, claro, como está sen cumprir... Unha lei, por moi boa que sexa, se non se cumpre, non serve de nada. Era e é unha moi boa lei, elaborada por un goberno conxunto entre o PSdeG e o BNG, unha lei que ten o que ten que ter: uns obxectivos claros, unha boa planificación e, sobre todo, unha lei que foi consensuada con todo o sector —moi amplo, por certo— do libro.

É unha lei que foi votada unanimemente neste Parlamento, é dicir, que a apoiou o Partido Popular; unha lei, por certo tamén, que di e afirma que o sector do libro é un sector estratéxico para Galicia, e éo dende o punto de vista cultural, por suposto, dende o punto de vista da normalización lingüística e éo tamén dende o punto de vista económico, porque é a máis importante empresa do sector cultural.

E esta lei que votaron vostedes resulta que non a desenvolven nin a cumpren. A formalización dun consello asesor do libro é un dos elementos fundamentais desta lei, porque sería o

lugar de encontro, de debate, do sector e da Administración, que ten importantes atribucións de asesoramento, atribucións de propostas de actuacións para o fomento da lectura, tería que elaborar unha guía de recursos para o fomento da lectura, elaborar informes e estratexias para a promoción do libro galego e tamén debería emitir informe —o Consello Asesor do Libro— en todas aquelas cuestións relacionadas coa planificación da política do libro. E, claro, agora se entende que este consello asesor non exista, porque, primeiro, non existe a planificación da política do libro; é que non existe, polo tanto, como consello asesor. Vostedes xa nin se atreven a presentar nun consello asesor algo que non existe, que é unha planificación da política do libro. E que non existe semellante cousa é claro porque o sector editorial, que creceu de forma continuada e moi importante dende 1980, onde se publicaban 187 libros ata o 2009 e 2.544 dende o 2010, non fai outra cousa que caer; caen o número de editoriais, cae o número de títulos e, sobre todo, cae e descende o número de títulos en galego.

Non teño tempo para dar uns datos que se citaron e que son fundamentais, pero soamente dous: un, entre 2009 e 2015 a publicación de libros en lingua galega descendeu un 43,8 %, señoras e señores, preto do 50 %. Se isto non é grave, se isto non é para poñer en firmes unha consellería de cultura, xa non hai máis elementos. (*Aplausos.*)

Pero segue caendo, segue caendo, porque resulta que, ¿saben canto caeron os libros en galego de 2015 a 2016? Un 13,1 % —datos do Ministerio, do ISBN do Ministerio—. Pero a produción total en España creceu un 8,3 %. ¿Saben vostedes canto creceron de 2015 a 2016 os libros en catalán? Un 7,2 %...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Xa remato.

¿Saben canto en euskera? Un 34,5 %.

Cando as cousas se fan ben, as cousas saen ben, pero vostedes non as saben facer. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Burgo López.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Egerique Mosquera.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidente.

Boas tardes.

¡Xa rematando o día coas «faíscas de lucidez», as «vibracións poéticas dos pensamentos fosforescentes» dos deputados de En Marea! ¡Moi bonito, moi melodramático, moita reivindicación, pero aquí non vemos ningunha medida, ningunha opción! E nunha reunión propoñen vostedes que se cree o Consello Asesor do Libro, pero é que o Consello Asesor do Libro xa está creado, por iso está moi ben a matización do Bloque Nacionalista Galego, na súa emenda, da reunión, porque o Consello Asesor do Libro si que se creou polo artigo 25 da

Lei do libro e de lectura de Galicia. O Decreto 178/2007, do 13 de setembro, regulou a composición e o funcionamento do dito Consello, que se reuniu por primeira vez o 14 de marzo do 2008, iso é certo. É trátase dun consello no que están representados os sectores máis significativos relacionados co mundo editorial, o mundo do libro: escritores, libeiros, ilustradores, editores.

Pero a última reunión dese órgano non foi en 2010, foi en xullo do 2011, si, é certo, e cómpre recordar que calquera membro do sector implicado en materia do libro, en promoción da lectura en galego, en materia editorial, en defensa do libro, pode solicitar a reunión dese consello, que non se ten solicitado dende entón. ¿Por que será que non se ten solicitado dende entón? ¿Será que funciona?

¿Sabe que a Xunta de Galicia está facendo todo o que a señora do PSOE, a señora Burgo, dixo aquí que non se fai? ¿Será que o Goberno galego está comprometido e implicado co fomento da lectura? ¿Será iso? ¿Será porque todas as actividades da Xunta de Galicia que está a desenvolver, relacionadas co sector do libro, se están consensuando sectorialmente? Porque é verdade que todas as accións que se están a facer en materia de fomento da lectura en galego —que, ademais, estaremos todos de acordo aquí en que iso é un traballo de todos— son cousas, materias e liñas de traballo que está a levar a cabo a Xunta de Galicia.

A interlocución sectorial co Goberno está garantida en todo momento, pero non só nesta materia, senón en todas as materias, estámolo vendo a miúdo. Será que os consellos asesores ditan as pautas que hai que levar a cabo quizais na comunidade autónoma para que funcione isto, e, cando funciona, non se reúnen. Esta mañá falaban tamén do Consello Asesor de Pesca, que estivo uns anos sen reunirse, e cando houbo a urxencia e houbo que ditaminar unhas liñas de traballo, pediu a reunión e a comparecencia e reunise. Será, entón, que as cousas funcionan e que por iso non hai, de momento, ningunha intención por parte dos implicados neste consello asesor de reunilo para marcar as liñas básicas que xa se están levando a cabo.

En canto á fixación de obxectivos e prioridades arredor do libro, que é o que nos ten que importar aquí, porque é o que digo eu, de verdade que a min me gustou moito a súa intervención, señora Cuña, fala, ademais, e fai citas de autores que a todos nos gustan. Poderíamos falar incluso das sensacións que provoca en nós ler un libro, as novelas, dos gustos de cada un..., pero aquí temos que falar e cinguirnos ao tema e temos que saber que é o que temos que facer e cales son as liñas básicas para que se instaure e se poida arraigar a industria do libro, porque di que a cultura non é un produto, pero tamén temos que tratala como un produto, porque, se non, non teremos que as persoas que queren vivir da cultura poidan facelo. Polo tanto, a Xunta de Galicia tamén terá que poñer as liñas que sexan necesarias para iso.

Diría que temos que ter en conta tres liñas de traballo neste sector, que serían: o fomento da lectura, a dinamización do hábito lector e a lectura en galego tamén, sobre todo; outro sería o de impulsar a súa difusión e outro sería —un terceiro— reforzar a industria editorial de Galicia, e todo isto tendo en conta, ademais, unha ameaza coa que temos que convivir, que é a tecnoloxía e o formato electrónico.

Polo tanto, temos que ter en conta moitos puntos para saber exactamente cal pode ser a liña de traballo neste tema, e sobre todo dende este Parlamento, porque a min tamén me gustaría facer aquí cinco minutos de intervención poética e actuar e falar de novela e dos meus gustos literarios, pero é que así non o imos arranxar e non imos fixar a industria do libro cultural aquí. Por exemplo, o caso máis recente é o da Consellería de Cultura e o seu equipo, que está en Bos Aires, con autores galegos, con editoriais galegas, cun stand, internacionalizando, porque temos que vender libros galegos fóra tamén, temos que apoiar as traducións dos nosos autores para que tamén poidamos vendelos fóra. Temos que intentar facer moitas liñas de traballo neste ámbito para que o libro poida consolidarse. E digo e insisto en que non soamente é fomentar o talento, porque teño felicitar aquí a Vanesa Santiago, que é unha rapaza de Sada, de 33 anos, que gañou o sábado o primeiro certame do premio Illa Nova, da editorial Galaxia. Unha nena, unha rapaza —dígoo, porque ten menos de 35 anos—, que escribiu en galego, cando se presentaron máis de 60 persoas... (*Murmurios.*) Si, non é así. Temos que apoiar o talento galego, pero temos que apoiar a industria editorial do libro e traducir as nosas obras galegas para que se poidan vender fóra tamén.

Polo tanto, aquí moita literatura, que nos gusta a todos, pero tamén hai que falar con feitos. As políticas de apoio á edición da Xunta son moi numerosas, podería dicilas aquí, e ademais as axudas á adquisición de novidades editoriais en galego, á tradución de obras, tamén aumentaron neste ano un 13,6 %.

Polo tanto, pedir aquí que se cree, primeiro, o Consello Asesor do Libro, cando xa está creado, iso xa está mal plantexado. E, en segundo lugar, que se reúna. Se o sector precisa e quere unha reunión do Consello Asesor, poderá precisamente pedila e o Consello Asesor poderá...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Só remato dicindo que é un traballo comprometido, e un goberno galego cunha implicación absoluta, con plans de lectura, que están a aumentar, insisto, señora Cuña. Espero que agora neses tres minutos tamén poida facernos vostede aquí unha actuación moi interesante, melodramática..., pero feitos e apoios ao sector do libro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por parte do grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Bueno, o meu problema debe ser que leo moito.

De todas maneiras, primeiro, grazas á deputada Olaia Rodil e ao Bloque Nacionalista; grazas tamén á deputada Concepción Burgo por apoiar isto.

A miña perplexidade non pode ser maior, señora Egerique, non pode ser maior. Paréceme que acaba de dicir medias mentiras; e medias mentiras non son medias verdades se realmente vostedes teñen unha responsabilidade absoluta nisto.



Vou empezar polo final, por que apoian a tradución. Datos do Ministerio: a tradución este ano, 54 libros traducidos, un 15,6 % menos. Isto é un dato obxectivo.

¿U-lo plano director, señora Egerique? ¿Ulo? É responsabilidade súa. Din que apoian a industria. Si, é que hai que apoiar os plans lectores. Saberá vostede mellor ca ninguén que reduciron o 80 % o apoio ás bibliotecas. Xa non falo de literatura, creo que é pertinente falar de literatura, de poesía e de cinema... *(Aplausos.)* É pertinente cando falamos do libro, da cultura e das letras, señora Egerique. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, Teresa. Cústame.

¿E onde está a súa implicación? Que non se reúna hai case sete anos o Consello Asesor do Libro... Vostede di que están moi contentos. Pois non, non fala coa xente das editoriais. Deixei alí os datos e xa non sei onde os teño, pero pasar de 166 editoras a 34 en oito anos é grave, e vostedes non poden botar balóns fóra. A min paréceme que o que estamos pedindo concreta e rotundamente é sen máis a aplicación da lei. Se vostedes din que son cumpridores da lei, pois obren en consecuencia, sexan coherentes, por favor, e non insultantes. Eu non estaba facendo unha representación, eu estaba dando voz aos poetas, que ademais foron premiados... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, pois moitas grazas, pero o que necesitamos é que apoien, e non esperamos outra cousa que que se poñan a dar a Lei do libro, que é unha encomenda, unha responsabilidade do seu goberno. Está aprobado, falamos do cumprimento dunha lei.


Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Cuña.

Rematado o debate desta iniciativa, suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Moitas grazas.

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta e sete minutos da tarde.*



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25